

**DEPUTACION PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**ACTA da Sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 27 de XULLO DE 2001**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos a tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 27 de xullo de 2001, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

- 1.-Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o día 29 de xuño de 2001.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 8.900 deica a nº 12.299.
- 3.-Conta Xeral do orzamento da Deputación Provincial correspondente ó exercicio 2000.
- 4.-Expediente de modificación de créditos 3/01 e recoñecemento extraxudicial de créditos, de aprobación polo pleno da Corporación.
- 5.-Aprobación do proxecto reformado da obra Cubrición de palco de Cambre, subministración praza, do concello de Malpica, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0090.0.
- 6.-Aprobación do proxecto reformado da obra Piscina cuberta 1ª fase, pl. do concello de Cee, incluída no POS 2000 e 2001. Código 00.2100.0222.0.
- 7.-Aprobación do proxecto reformado da obra Cubrición polideportiva Iñás, do concello de Oleiros, incluída no POS 2000. Código 00.2100.0290.0.
- 8.-Aprobación do proxecto reformado da obra Ampliación e mellora do trazado na E.P. 4604 do P.K. 14,600 deica o P.K. 16,750 de Melide As Pías por Toques, do concello de Sobrado, incluída no POL 2000. Código 00.2300.0007.0.
- 9.-Aprobación do proxecto reformado da obra Depuración de augas residuais no núcleo de Valdoviño, do concello de Valdoviño, incluída no POL 2000. Código 00.2300.0010.0.
- 10.-Aprobación da modificación do proxecto da obra Pistas Street minibasket Bertamiráns do Concello de Ames, incluída no POS 2001 co código 01.2100.0012.0.
- 11.-Aprobación da 3ª e derradeira fase da anualidade 2000 do Plan de protección de ambiente 1999-2000.
- 12.-Aprobación da 7ª e derradeira fase da anualidade 1999 do Plan de protección de ambiente 1999-2000.

13.-Aprobación da 3ª e derradeira fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes 1998-2001.

14.-Aprobación e cambio de parcela da obra Campo de fútbol de Forte-módulo 1 (vestiarios), do concello de Cesuras, incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes. Código 00.3420.0128.0.

15.-Aprobación do proxecto de finalización da obra Pavillón polideportivo de Santa María, do concello de Arzúa, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. Código 98.3420.0010.0.

16.-Aprobación do proxecto reformado da obra Piscina cuberta en Arzúa, incluída na 2ª fase da 1ª programación plurianual do convenio Xunta-deputación, instalacións deportivas 1997-2001. Código 99.7450.0003.5.

17.-Aprobación do Plan de Vías Provinciais 2001, 2ª fase.

18.-Convenio coa Real Academia Galega para o financiamento de actividades culturais no ano 2001.

19.-Convenio coa Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia para o financiamento dun ciclo de conferencias médicas e de ciencias da saúde na provincia.

20.-Convenio coa Fundación Rosalía de Castro para o financiamento de obras na Casa Museo, edificacións complementarias e horta.

21.-Convenio coa Fundación Ferrol Metrópoli para o financiamento de actividades no ano 2001.

22.-Convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento de obras de acondicionamento e mellora da sede da Fundación.

23.-Convenio co Concello de Ortigueira para o financiamento do XVII Festival do Mundo Celta.

24.-Convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto de “Inventario, restauración e transferencia ó Arquivo Histórico Diocesano dos fondos documentais dos arquivos parroquiais da provincia.”

25.-Convenio coa Asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela para o financiamento de dous concertos.

26.-Modificación da forma de pago do convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento de actividades.

27.-Traslado de sesión ordinaria do Plano do mes de agosto ó 14 de setembro.

28.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Consellería da Presidencia e a Administración Pública da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña en materia de reforma administrativa.

29.-Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para “Prácticas médicas en Hospitais Comarcais”.

30.-Convenio coas Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Betanzos, para o financiamento do Centro de Emprego para minusválidos.

31.-Convenio coa Fundación “Paideia” para un programa de Voluntariado Europeo para xoves da provincia.

32.-Aprobación da primeira relación de obras do Plan XXI de Pequenas Obras e Subministracións.

33.-Aprobación dos convenios da Campaña de Incendios Forestais 2001.

34.-Modificación da programación plurianual do Plan 2000 de Parques de Bombeiros e instalacións de Protección Civil e aprobación da 1ª fase da anualidade 2001 do Plan.

35.-Proposición da Presidencia sobre incorporación da Deputación no Padroado da Fundación para o desenvolvemento da Comarca do Eume e designación do representante da Deputación neste.

36.-Proposición da Presidencia sobre incorporación da Deputación no Padroado da Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Santiago e designación do representante da Deputación no mesmo.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN  
ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XULLO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, sendo o día 27 de xullo de 2.001, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG

DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Escúsanse a Sra. Candocia Pita e o Sr. Mosquera Maceiras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o viceinterventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede á lectura do asuntos incluídos na orde do día, en relación ós cales, por unanimidade, agás nos casos nos que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2001.**

Apróbase a acta da sesión anterior nº 8/01, do 29 de xuño.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.900 DEICA A Nº 12.299.**

A Corporación toma coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 8.900 á nº 12.299.

### **3.-CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2000.**

#### INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Gracias, Sr. presidente, vou ser breve, tiña pensado ser breve xa, pero agora que me puxeron un reloxo aquí, xa me sinto case case condicionado psicoloxicamente. Agardo que cando leve máis de cinco minutos falando, que non saia nada de aí.

En calquera caso, respecto do punto que estamos tratando, da conta xeral, quería expresar a posición do noso grupo, e aínda que este é un tema xa que tivo un debate inicial

na propia comisión informativa, pero para efectos de constancia neste Pleno, vou facer unha serie de observacións tamén para explicar o noso voto.

En todo caso, parece que a aprobación da conta xeral dun orzamento, acto no que estamos hoxe aquí en concreto, supón, en certa medida, a ratificación do nivel de capacidade que ten unha institución, neste caso a Deputación da Coruña, tanto no tocante á execución orzamentaria, como no método de levalo a cabo, é dicir, no fondo e tamén na forma é onde se expresa esa capacidade á hora da execución orzamentaria.

Respecto a isto nosoutros quixeramos facer unha serie de consideracións. A primeira delas, seguro que xa foi un tema que se tocou aquí con motivo da liquidación do orzamento, e tamen dalgún dos debates dos expedientes de modificación de créditos, é que a conta xeral que se vai aprobar hoxe ofrece un resultado, máis nada e nada menos, que é un orzamento definitivo de 40.979 millóns de pesetas, fronte ó que inicialmente figuraba previsto no orzamento aprobado no seu día, que era xustamente de 21.407 millóns de pesetas. Quere isto dicir que o orzamento definitivo que tivo esta deputación a fins de ano situouse, máis nada e nada menos, ca nunha cantidade superior ó inicialmente previsto en 19.571 millóns de pesetas -estou falando de números case case redondos-, en porcentaxes case case superando no dobre ó que inicialmente tiñamos previsto.

Como xa creo que se comentou, isto pode querer dicir dúas cousas, ou ben que non se orzou no seu momento en condicións, ou ben que non se executou o gasto correctamente. En calquera caso, nosoutros á luz da lectura, da interpretación que se fai dos documentos que temos no noso poder, parécenos que estamos máis na segunda opción, ou nunha mestura das dúas, é dicir, que nin se orzou en condicións, nin se executou o gasto correctamente.

É certo que en todo proceso orzamentario, xa o debatemos aquí á luz dos expedientes de modificación de créditos, sempre se producen expedientes de modificacións e modificacións, non hai nada que obxectar, porque ademais é un procedemento normal. O problema é cando esas variacións alcanzan unhas porcentaxes tan grandes que fan que o resultado final do orzamento non teñan nada en absoluto que ver co inicialmente se prevera no documento, e este é o caso, como dixen antes, no que estamos, sobre todo e fundamentalmente porque, entendemos nosoutros, que estas modificacións non se produciron polo que se denomina acontecementos sobrevidos, senón que hai unha desviación moi grande en cousas que teoricamente xa se sabía que ían ser así.

En segundo lugar, durante o pasado ano, na conta xeral do orzamento do que estamos falando do ano 2000, producíronse máis nada e nada menos que 31 expedientes de modificación de créditos, o que facendo contas -xa sei que isto é ás veces equívoco, pero ben, eu é tamén por levar a conta máis ó día-, eses 31 expedientes de modificación de

créditos saíennos 2,5 expedientes de modificación de créditos por mes, o que quere dicir que cada 10 días, se quitamos os sábados e os domingos, estase producindo un expediente de modificación de créditos nesta deputación. E esta situación converte o que nosoutros entendemos como un proceso normal, pero excepcional, convérteo nun proceso habitual, cuestión que, ademais, pensamos que ten bastante que ver co escaso rigor orzamentario que se evidencia da conta xeral. Ademais, destes 31 expedientes de modificación de créditos, soamente 7 foron tramitados directamente por este Pleno, polo máximo órgano da corporación, xa que os 24 restantes foron tramitados directamente por este Pleno, polo máximo órgano da corporación, xa que os 24 restantes foron aprobados directamente por resolución da Presidencia, e isto, naturalmente, lévanos a reiterar o que xa dixemos respecto a que se impoñen as decisións unilaterais e presidenciais por riba do que debería ser a necesaria toma de decisións con carácter participativo e plural.

Estas modificacións de crédito proceden, 4.950 millóns de pesetas, case 5000 millóns de pesetas, de créditos extraordinarios, suplementos de transferencias de créditos, máis de 1000 millóns de pesetas de expedientes de xeración de créditos, e 14.966 millóns de pesetas de dous expedientes de incorporación de remanentes do 99 e do 2000, e este apartado final é importantísimo porque son, máis nada e nada menos que case 15.000 millóns de pesetas de incorporación de remanentes do 99 ó ano 2000 e que ten bastante que ver co que dixemos cando o ano pasado aprobamos a conta xeral do orzamento de 1999.

En cuarto lugar, se ben, e tal e como se deduce no informe de Intervención, parece que no capítulo de ingresos hai unha tendencia á mellora do nivel de execución, no capítulo de gastos obsérvase que, por exemplo, a porcentaxe dos pagamentos realizados sobre as obrigas recoñecidas, é no ano 2000 inferior ó ano 98, ó ano 99 e ó 97, tamén, situándose exclusivamente un pouquiño máis por riba do ano 96, é dicir, que a tendencia, no que respecta ós pagamentos sobre obrigas recoñecidas está sendo menor cá que se observaba nos tres últimos anos. E, sobre o particular, resulta especialmente significativo o comentario que vén na páxina número 29 deste informe, onde se di que, e leo textualmente: "... Especial significación ten igualmente o saldo de gastos comprometidos no 31 de decembro de 2000, que non se materializaron obrigas e que ascende ós 10.068 millóns de pesetas. Aínda que é menor que o de 11.526 millóns de pesetas do 99, aínda segue sendo moi significativo. Os citados gastos, por un importe de máis de 10.000 millóns, e que responden basicamente a obras adxudicadas e pendentas de execución, deberán xestionarse no presente exercicio, 2001, mediante a súa incorporación ós orzamentos de 2001, o que introducirá maior complexidade á xestión dos gastos do propio exercicio, como xa vén sendo habitual nos últimos exercicios". E termina, cando fala de pagamentos realizados, dicindo que "... Os pagamentos realizados durante o exercicio ascenden a 20.477 millóns de pesetas, o que representa o 91,8 sobre o total das obrigas recoñecidas. Se analizamos os datos sobre as series reflectidas no cadro sete, podemos observar en cifras absolutas, que os pagamentos



realizados durante o 2000 son inferiores a 38,38 millóns de pesetas ós do exercicio anterior.”

En quinto lugar, respecto dos remanentes de crédito, no mesmo informe de Intervención ó que me referín antes, na súa páxina 39, fálase de que no 31 de decembro de 2000 o total de créditos non gastados durante o exercicio orzamentario ascende a 18.691 millóns de pesetas, ou sexa que, falando en prata e termos que todos e todas entendamos, o pasado ano a deputación só tiña gastado a finais do exercicio o 12,6% do orzamento inicialmente orzado, ou o 55 do orzamento definitivo.

E aquí xa, para concretar a nosa posición, que vai ser naturalmente, despois da lectura deste documento, negativa, quixeramos deixar para que constase así e tamén a modo de preguntas que no debate poderán ser contestadas, unha serie de cuestións que a nosoutros nos preocupan: ¿de que forma se pode avaliar na perspectiva do que é unha política orzamentaria correcta e rigorosa, esta situación á luz dos datos que acabamos de interpretar?, ¿non será -e isto ten bastante que ver co que despois se debate aquí, de plans que arrastramos, e de anualidades que arrastramos-, non será que algo está fallando en toda esta superestructura no que se refiere á xestión da planificación que se aprobou desde hai tempo?; e desde logo, efectivamente, unha gran dúbida que nos surxe que é que o ano que vén imos estar con máis do mesmo, porque vai haber unha situación que se vai arrastrar na imposibilidade e na incapacidade de xestión daqueles plans que quedan pendentes de executar de anualidades anteriores.

Neste sentido, e xa concretando e terminando, a nosa posición vai ser de voto negativo á conta xeral do orzamento do ano 2000.

#### Sr. Lagares Pérez

Imos debater a conta do orzamento do exercicio 2000 que marca o fin, digamos, do ciclo económico do exercicio citado. Empezabamos alá polo mes de novembro co orzamento preventivo onde o grupo socialista lle deu o seu voto desfavorable; ó longo do exercicio fanse un total de 31 expedientes de modificación de créditos, 7 de Pleno e 24 por parte da Presidencia, que así llo permiten as leis e ordenanzas en vigor, onde o grupo socialista tivo distintos votos, nalgúns negativos, noutros favorables e nun deles de abstención. E logo chega a liquidación do orzamento que non foi debatido, dado que se dá conta, e agora estamos xa na conta xeral.

Eu, antes ca nada, quero empezar agradecéndolles ós funcionarios o traballo realizado e a presentación clara e concreta destes documentos que nos serviron ós grupos políticos para facer a súa análise e o control adecuado como corresponde ós grupos da oposición.

Preséntase en tempo e forma a conta xeral do ano 2000, consonte co que marca a Lei de facendas locais, pero unha cousa é a forma e outra cousa é o fondo e os seus contidos. Así como na forma dixen que estabamos de acordo, o fondo do tema non podemos valoralo así, e referímonos ó longo desta intervención, que intentaremos que sexa tamén o máis breve posible.

Xa cando se aproba o orzamento preventivo, o grupo provincial socialista, a través do seu portavoz, presenta unha emenda, non á totalidade, unha emenda parcial que non é aceptada polo equipo de goberno. Inclínabase esa emenda, sobre todo, a dar un maior protagonismo a algo que é competencia primordial das deputacións, como é o Plan de obras e servizos, que digo vai dirixido directamente ós concellos. Pero unha cousa foi o orzamento preventivo e outra cousa o definitivo. Con eses 7 expedientes de modificación de créditos que se levaron a efecto a través desta institución, desta cámara, pasouse de algo máis de 21.000 millóns a 40.000 millóns, é dicir, prodúcese un aumento de 19.572 millóns de pesetas do orzamento preventivo inicialmente aprobado o orzamento finalizado e que finaliza neste mesmo instante coa aprobación, se procedese, da conta xeral. Isto supón máis do 40% de incremento dun orzamento a outro.

O 23 de febreiro do ano en curso, no Pleno ordinario, dáse conta da liquidación orzamentaria correspondente ó exercicio 2000. Nesta liquidación o grupo socialista tivo unha intervención no expediente de modificación de créditos e falaba de tres datos moi concretos, dos cales temos que prestar atención e reflexionar sobre eles.

Primeiro, o remanente de Tesourería global, que o considerabamos moi elevado, algo máis de 15.000 millóns de pesetas.

En segundo lugar, o remanente de Tesourería dispoñible para novos gastos que se cifraba en máis de 4.000 millóns e que foron, ou están sendo esgotados, nos distintos expedientes de modificación de créditos, para determinadas economías, nas cales parcialmente estivemos de acordo nalgunhas delas, pero fixemos fincapé, e insisto nela, en tres aspectos: no Plan de obras e servizos, no Programa operativo local e no problema que vén como consecuencia do mal, chamado popularmente das vacas tolas e que afectou á nosa gandería, falabamos neste caso de reposición de gando.

No orzamento o terceiro aspecto no cal faciamos reflexión e referencia, e que agora matizaremos máis en profundidade, era que no ano 2000 se contraen obrigacións por valor de 22.287 millóns de pesetas, o que equivale ó 54% e un pouquiño máis, de execución do orzamento. Quere dicir isto que, de cada 100 pesetas, no exercicio 2000 gástanse 54, xestiónanse 54 e quedan, polo tanto, 46 pesetas de cada 100 sen xestionar. Insisto, contráense obrigacións, execútanse no exercicio 2000 56 pesetas e déixanse de executar, 46

pesetas. É dicir, estamos cunha xestión en negativo, sen facela, de case case non o 50%, o 46%.

Pero realmente, e aí quedan eses datos para a reflexión, isto non é un exemplo de boa xestión, pero temos que engadir, indubidablemente, as economías que xa por pura mecánica esta institución ten que aboar. Referímonos ó capítulo I de persoal, que significaba no orzamento preventivo o 18%, e ós gastos financeiros, é dicir, as amortizacións de capital máis intereses, que significa algo ó que temos que facer fronte, é dicir, o Capítulo I e a amortización de capital e xuros é algo ó que temos que facer fronte indubidablemente, vaise ó crédito, temos que pagar os créditos pasados e aí estamos, e isto significa o 25%. Se logo sumamos o 46% a este 25% que temos que executar xa obrigatoriamente, é unha obriga, estamos, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, nunha xestión do 29% efectivo do orzamento, que realmente son os gastos correntes, capítulo II, as transferencias correntes e de capital e os investimentos propios da institución, que isto é a verdadeira xestión do orzamento, eses catro conceptos que marcan a liña investidora, ou investidora dirixida ós propios concellos, estamos cifrándoa no 29%.

Hai que indicar que, indubidablemente, na política de ingresos hai números favorables, indubidablemente hai que dicilos, os dereitos liquidados increméntanse, o cal é favorable para a deputación, pasan do 83,70, ó 85,21%, o cal son datos que son favorables, e que á oposición lle gustaría que os datos foran todos favorables, pero non podemos falar o mesmo das desviacións orzamentarias. E aquí si que existe algo importante a ter en conta por este equipo de goberno: estanse xestionando mal os plans que máis directamente afectan ós concellos. As obras incluídas nos plans provinciais de obras e servicios van retrasadas considerablemente, e isto indica que os distintos axentes financeiros se chamen Ministerio das Administracións Públicas, chámase FEDER, chámense concellos, ou chámense empresas, non achegan as cantidades necesarias en tempo real, o cal foi o retraso na xestión á que afecta.

Teñamos en conta que as dúas obrigas principais das deputacións provinciais son: a asistencia técnica, xurídica e económica ós concellos, sobre todo a aqueles máis desfavorecidos, e conformar un plan para as obras e servicios, que neste momento podemos que non estea ben xestionado, e que os elementos económicos que teñen que engadirse ós orzamentos non chegan a tempo porque non se xestionan adecuadamente. Quedan neste momento, por dar unha cifra ilustrativa, 4.015 millóns ó final do exercicio 2000 neste aspecto, 4.015 millóns, que é unha cifra ilustrativa.

Con respecto ós gastos temos que dicir tamén que nos encontramos con aspectos positivos, cómo non. Creo que no último Pleno o grupo provincial socialista valorou favorablemente os Servicios de Recadación, Xestión e Inspección Tributaria, e valorou favorablemente tamén a proposta que se lle vai someter ós distintos concellos, isto é un

aspecto favorable e aquí hai que dicilo. Pero o que si, e volvo a ser reiterativo, a xestión do orzamento na contía de gastos considerámola indubidablemente baixa, 46%, 46 pesetas de cada 100 quedaron sen xestionar adecuadamente no exercicio 2000.

E outro aspecto onde o equipo de goberno falaba no seu momento de que se ía acometer, que estaban orgullosos con que o gasto corrente, sobre todo o capítulo II, que se vira mermado, efectivamente, ocorreu algo interesante, nas transferencias correntes eliminouse a achega ó déficit hospitalarios, que iso é favorable, vai repercutir, ou debera repercutir, mellor dito, nas economías dos concellos e nos investimentos propios, non ocorre así co gasto corrente. O gasto corrente nos distintos expedientes increméntase 680 millóns en remanentes e 63 en suplementos de crédito, quere dicir que ó longo do exercicio 2000, 744 millóns é un incremento notable que tira por terra tódalas previsións do equipo de goberno na contención do gasto. O grupo socialista, que foi crítico no seu momento nalgún expediente de modificación, ten que valorar estas cifras de forma negativa.

E un aspecto para reflexionar é tamén como está a situación da débeda provincial ó 31 de decembro do ano 2000. En primeiro lugar, direi que crece con respecto ó ano anterior un total de 1.341 millóns. A débeda provincial está en algo máis de 13.500 millóns de pesetas neste momento, é dicir, estamos falando do 31 de decembro de 2000, 13.500 millóns de débeda, que ten esta deputación. Pero se facemos a comparación entre o ano 1996 o ano 2000, vemos que esa débeda se incrementa en 8.414 millóns, perdón, increméntase en 5.183 millóns, é dicir, un 38% de incremento da débeda provincial en 5 anos. Estas cifras son moi chamativas, e contando coa situación e co elemento económico que nos está vindo e que estamos vendo, poden ser aínda máis chamativas. Nosoutros queremos deixar aí eses datos, esa débeda que se incrementa máis de 5000 millóns, un 38% entre o ano 96 e o actual ano 2000, ó 31 de decembro.

Falabamos tamén dos distintos plans, a falta de xestión, e hai un tema que tamén nos chama a atención, aínda que é mínimo, pero que si queriamos facer unha achega para que o equipo de goberno que sostén esta cámara do grupo popular, téñao en conta. Hai unha serie de reparos de legalidade que son formulados polos técnicos, que son máis ou menos un total de 64 millóns de pesetas. Algúns deste expedientes están sen terminar, e o que pide o grupo socialista é que se cumpra a normativa e os trámites administrativos da maneira máis adecuada posible. Que eses que están en trámite, que non se omitan os trámites e requisitos esenciais que marca a Lei de facendas locais no seu artigo 197, apartado 2, letra c, que non o vou dicir aquí, pero é coñecido por tódolos deputados e que se chegue a bo porto.

E xa para ir terminando, non queremos estendernos máis nesta primeira intervención, o noso voto, nun principio, non pode ser favorable, vai ser negativo e vai ser negativo porque entendemos que o equipo de goberno ten que esmerarse máis na xestión económica,

e que eses datos que se acaban de dar son ilustrativos para non poder dar o noso voto favorable á conta xeral do ano 2000, que vai ser, como indiquei, negativo.

#### Sr. presidente

Antes de darlle a palabra ó Sr. Erias, simplemente unha observación. Vostede cando fala de que de 100 pesetas soamente hai comprometidas 46, direille que non, eu creo que hai un erro pola súa parte, ou que esas 46 pesetas son daquilo que está adxudicado e certificado, pero a maiores hai moito diñeiro que está adxudicado soamente e non certificados, e uns con outros alcanzan unha contía do 90%, ou sexa, que vén a ser, máis ou menos, 5.000 millóns de pesetas.

#### Sr. Erias Rey

Vou facer unha intervención onde intentarei facer tamén un percorrido polos distintos argumentos que, desde a oposición, utilizáronse para valorar a conta xeral do exercicio do 2000.

Todo proceso de execución orzamentaria certamente leva consigo unhas interpretacións que, ás veces, utilizando a aritmética, podía dar lugar a unha certa alarma se detrás non houbera o aval e o que os concellos, certamente, desta provincia, coñecen, que é que o grupo de goberno do Partido Popular na Deputación provincial da Coruña, non só non está cumprindo o que prometeu, senón que os concellos notan que as obras se están facendo. E o que dixó o Sr. presidente, como punto de partida creo que é un bo exemplo. Pero, en todo caso, o que si é verdade é que procurarei responder.

Os temas son comúns, os que vostedes tocaron, certamente falaron da execución orzamentaria, falaron do remanente de Tesourería, falaron do endebemento da deputación, falaron da execución dos plans máis importantes da nosa deputación, como iso lles afecta ós concellos, e eu farei tamén un percorrido, pero desde a perspectiva do que é, non do que, a xuízo dalgúns, utilizando máis aspecto do debe ser, cren que é o que está sucedendo. Eu creo que están afastados da realidade, e vou intentar poñelos nese camiño para que a lectura do orzamento a fagan aténdose ó que é o orzamento, e fágano aténdose ó que son un documento de base para desenvolver a política desta deputación.

Miren, cando falan de que o orzamento definitivo é de 41.000 millóns de pesetas, non, o que se produciu foi -o Sr. Doval díxoo-, foron modificacións e, a través de distintas incorporacións temos este resultado final, pero nunca se trastocou, para nada, o que é o esqueleto dese documento que aquí se aprobou no seu día. Polo tanto, repito, hai que facer a lectura adecuada para que logo non nos enganemos, eu creo que non se enganan, eu creo que vostedes enténdeno perfectamente, porque oficio teñen, e entón xa lles presupño a

condición de que a lectura é adecuada, o único que sucede é que vexo que neste caso as comparacións fanas sobre determinados ratios e aí si que non estou de acordo, e por iso creo que teño que explicar un pouquiño cada un dos puntos que vostede tratou.

Imos empezar, entón, polo tema das modificacións orzamentarias, isto que vostedes dicían que lles soaba tan forte. Miren, no exercicio 2000, tal e como dixeron vostedes, porque os datos están tomados da documentación achegada, os expedientes de modificación foron 24 por importe de 4.950 millóns de pesetas, é verdade que poden ser menos, e é verdade que se o comparamos co realizado no ano 99, onde houbo 37 expedientes por un importe de 7.227 millóns, encontrámonos con que o número de expedientes se reduciu un 21,62% e que o volume de modificacións se reduciu nun 31,98%, polo tanto, repito, fagan os mesmos ratios que eu lles estou formulando, díganllo ós cidadáns, e verán como entenden que no tocante á formulación de modificacións orzamentarias estamos facendo un importante esforzo para que estas incorporacións e estas modificacións se adecúen o máximo posible ó que é a anualidade, o principio da anualidade, e aí si que o compartimos estamos facendo tamén os esforzos, ás veces non é posible, e ás veces non é posible porque o trámite das distintas obras ten determinados prazos, ten determinadas documentacións e requirimentos legais e técnicos que nos impiden, a pesar de non ser o noso desexo, cumprir con ese mandado.

Pero, para recalcar o número de expedientes reduciuse un 21,62 e o volume de modificacións reduciuse un 32%, aproximadamente.

Respecto á execución orzamentaria, aquí xa é un punto no cal, en máis dunha ocasión, xa tivemos algunha discrepancia, que eu repito que non son de fondo, pero que neste caso son de forma as discrepancias, porque, orzamento de ingresos, imos analizar toda a execución.

En relación co orzamento de ingresos, mellorouse a xestión, incrementándose o volume de dereitos recoñecidos nun 85%, en termos absolutos 370 millóns, aproximadamente, máis ca no ano 99. Respecto ó gasto, eu creo que na execución orzamentaria se mellorou, aínda que soamente nos fixamos, Sr. Lagaers, no que vostede se fixou, que son as obrigación recoñecidas. Vostede fixouse, dixo un 54%, dato correcto, fixouse nisto máis nada, digo, aínda que máis nada que nos fixamos nisto, repito, melloramos respecto ó ano anterior, e o que se lle pide a un goberno é que se ataña, tendo presente as distintas dificultades, tamén ir mellorando e ir encontrando un escenario máis elevado de execución.

O que si é verdade é que a execución orzamentaria, ó noso xuízo, e vostedes que desenvolveron, Sr. Doval e Sr. Lagares, importantes responsabilidades de goberno, sábeno coma min, que abarca distintas fases e que non temos por que fixarnos; desde o primeiro

momento que se inicia un expediente estamos xestionando, estamos xestionando ese gasto, e a última fase da xestión corresponde ás obrigas de pagamento, que son ás que vostedes se refiren, pero non se refiren, todo aquilo que non estea na fase 0 non quere dicir que este exento de xestión, nin moito menos.

Polo tanto, imos intentar ver na súa totalidade o que xestionou a deputación. Pois a deputación xestionou no exercicio do 2000, aproximadamente, 37.000 millóns de pesetas, é dicir, un 90% do crédito orzamentario, e isto, os datos téñenos vostedes aí, e en tódalas fases da execución nosoutros chegamos a ese nivel do 90% que o presidente comentou ó principio. Dos créditos xestionados, soamente o 1,96% da totalidade, representan o 8,44 da totalidade dos que están en fase A, e en retención de créditos soamente quedou un 1,96%. Se seguimos descendendo e vendo as distintas fases de execución, en fase D, e ímonos aproximando ó que vostedes utilizaron como argumento, soamente quedaron un 24,54%; vostedes se van vendo o que está en fase RC, o que está en fase D, o que está en fase O, encontrámonos con que eses servicios que vostedes valoran tan positivamente, e que o grupo de goberno agradece, como non pode ser doutra maneira, e xa o dixo en máis dunha ocasión, non entrando nunca nos xuízos de valor, porque certamente a opinión dun funcionario é tan importante coma a de calquera dos políticos que aquí estamos sentados, pero os que temos que render contas da política somos os que a executamos, non os funcionarios, os funcionarios, en todo caso, presentarannos uns datos que logo, posteriormente, a oposición interpretará e o grupo de goberno terá a obriga de facerlles comprender a vostedes que é diferente do que vostedes din.

Polo tanto, autorizáronse gastos por un 87,40%, de tódolos créditos orzamentarios totais, autorizáronse o 87,40, e se nos fixamos no capítulo de investimentos, mellorouse o índice de xestión dos investimentos e mellorouse prudentemente, en dous puntos, pódese mellorar máis, estou convencido de que se pode mellorar máis, ¿que hai dificultades para executar algúns plans?, estou convencido de que as hai, e vostedes ven que, ás veces, aquí vémonos na responsabilidade que temos de que se cumpra o compromiso de que tódolos concellos da provincia gocen das obras que a deputación ten programadas, en facer algúns reformados, en facer algúns modificados, en facer todo aquilo que sexa necesario para mellorar, tanto a calidade das obras como a dispoñibilidade delas. Por iso, repito, que se están facendo esforzos pero que, en ningún caso, respresentan o resultado alarmante de comparar simplemente unha fase da execución coa totalidade do orzamento xestionado e que, en todo caso, vólvolles a repetir, non son modificacións *stricto sensu*, senón que son basicamente incorporacións.

Outro dos asuntos que vostedes tocaron ten que ver co remanente de Tesourería, isto xa o falamos en máis dunha ocasión, e tamén aquí nos encontramos, evidentemente, en diferente posición. Nosoutros temos a responsabilidade de explicar o que estamos facendo, vostedes teñen a obriga moral de criticar ó grupo de goberno, e de achegarlle algúns

aspectos que, ó seu xuízo, sexan mellorables. Todo aquilo que é sensato, tomamos boa nota e, desde logo, facemos os esforzos intentando cooperar, non porque queiramos deliberadamente asumir o que vostedes din como bo, senón que hai algúns asuntos nos cales é evidente que toda xestión é mellorable.

Pero en todo caso, direille que, respecto ó remanente, o volume de dereitos recoñecidos increméntase nun 1,65%, e o volume de obrigas recoñecidas nun 1,41%. O remanente de Tesourería, aínda que aparentemente, repito, tal e como o Sr. Lagares nos dicía, pasou de 2.000 a 4.000 millóns, en realidade, Sr. Lagares, redúcese un 8,47%, e fíxese por qué, porque no exercicio do 2000 incorporáronse os remanentes de crédito do exercicio 99 en situación de dispoñible, xa que, ademais no exercicio do 2001 non se incorporaron remanentes de crédito nesa situación de dispoñible, e sen embargo foron ó expediente modificativo de créditos número 1. Polo tanto, o remanente dispoñible para novos gastos sería de 1.833 millóns fronte a eses 4000 que vostede nos di, ou menor có do ano 99, que eran 2.434 millóns. Esta aritmética que eu lle estou explicando, non é que sexa a aritmética do grupo de goberno, é unha aritmética realista porque saben vostedes que as incorporacións non poden producirse máis de dous anos consecutivos, porque saben vostedes que esas incorporacións ás veces, tecnicamente, non é factible que aparezan como tal, e despois vémonos obrigados nun expediente modificativo de crédito para cumprir con eses compromisos a desenvolvelo convenientemente para, repito, adquirir os niveis que todos estamos desexando.

Por iso, creo que, se ben, como xa lles dixen hai un momento, é susceptible de asumir en todo aspecto que se pode mellorar, as razóns que vostedes nos dan, sepáranse un pouco, porque utilizan outras cifras, e esas cifras creo que non representan convenientemente a situación. E iso mesmo, e xa vou terminando, pasa co endebedamento da deputación.

No ano 2000 a débeda concertada foi de 2.200 millóns, a amortización 922 millóns, polo tanto, o endebedamento neto en incremento foron 1.200 millóns. Pois no 2001, seguindo o compromiso adquirido por este grupo de goberno, a débeda concertada foron 1.505 millóns, a amortización 1.205 e o endebedamento neto no seu incremento foron 300 millóns, fronte ós 1.200 millóns da necesidade que tiñamos no exercicio anterior. Polo tanto, reducimos en máis dun 75% ese endebedamento neto, cremos que non é un esforzo para non considerar, nosoutros entendémolo e así nos preocupa, e é máis, asumimos ese compromiso como bo do que é un pacto pola estabilidade, porque pensamos que é a mellor maneira de despexar a incerteza que a través das Administracións públicas pódese introducir dentro da sociedade. Como iso cremos que é bo, estamos facendo eses esforzos, pero tampouco se trata de que dun exercicio para outro non atendamos os compromisos que estaban adquiridos previamente, e na liña de atender eses compromisos reitero que o endebedamento alcanzando as cifras que vostedes sinalan, o endebedamento non se pode medir desa maneira, hai que ver a vontade dun grupo de goberno, a través do que é o



endebedamento neto, porque unha parte estase amortizando, cumprindo coas obrigas que nosoutros tiñamos previsto.

Polo tanto, eu pediríalles que reconsideraran vostedes a formulación e que non viran como tan negativo, con ese voto que nos anuncian os dous grupos, a tarefa de xestión que desenvolvemos na provincia. En todo caso, cremos que é unha xestión de compromiso cos nosos concellos para atender todas e cada unha das obras que estaban programadas, para desenvolver novos plans e para, polo tanto, ofrecer maior benestar, que é do que se trata, cooperando entre todos. Por iso eu pediríalles que reconsideraran o voto e que tiveran en conta estas circunstancias que lles apuntei.

Moitas gracias.

#### Sr. Rodríguez Doval

Con moita brevidade, para reconsiderar o noso voto e considerar que o noso voto é correcto, ou sexa, que a reconsideración, en todo caso, despois da intervención do Sr. Erias, segue sendo unha reconsideración, é dicir, unha consideración do mesmo de antes, ata as palabras ímolas interpretar segundo nos conveña.

Eu creo que corremos un risco, e eu percibo ademais que quizás sexa por unha especie de síndrome de Estocolmo de levar bastante tempo aquí, xa a un lle parece que aquí se fala disto como se isto fora unha oficina de xestión económica, e isto é unha institución política, esta é unha institución que está ó servicio dos intereses dos cidadáns e das cidadás dos concellos da nosa provincia, e que debe de ir máis alá, á hora de facer as análises, da mera interpretación dos números, é certo que todos os facemos segundo nos interese, como ben se acaba de ver, sobre os mesmos números cada un nos quedamos coa parte que nos interesa. Pero a min preocúpame que máis nada que nos quedemos cos números, e que non se faga unha interpretación, precisamente, no plano político, porque a fin de contas, eses números expresarán se o proxecto político que vai sempre detrás dun proxecto de orzamento, foi executado nas previsións que se tiñan inicialmente ou non, e nosoutros o que estamos percibindo desde hai bastante tempo, pero quizais neste ano con maior incidencia ca en anos anteriores, é que estamos arrastrando a incapacidade de execución do que foron os plans estrela desta deputación, e eu quero dicir aquí, en fin, non sei se me vou pasar recordando isto, pero que levamos un ano, ou esta parte deste ano, e mesmo da parte do ano anterior, con reformados de reformados de reformados, que evidencian que hai planificación desde o ano 97 que non se está executando. Ó final, iso é o que vale, a min os números parécenme moi ben, e aquí o que ninguén está dubidando é se estamos cumprindo a legalidade, porque é evidente que se está facendo, hoxe os servicios desta casa foron diligentemente, no senso de facer o que tiñan que facer, que iso é evidente que se está facendo ben. O que estamos dicindo aquí é que, como é posible que despois teñamos aquí puntos

anteriores onde veñen cousas de incapacidade de execución de plans do ano 97, mesmo do ano 96, iso é o que vale a fin de contas. E eu creo que sería conveniente que falasemos tamén dos números, pero falasemos da capacidade para realizar un proxecto político, e desde logo, é evidente que nosoutros o que estamos observando é que aquí o que se pon en cuestión é que, efectivamente, hai unha incapacidade. No parágrafo que lín eu antes do informe de Intervención, eu creo que é unha interpretación que se fai desde o punto de vista de Intervención, o que se evidencia é a complexidade para seguir arrastrando esta situación e nosoutros estamos observando que esta é unha situación que se arrastra, e que lonxe de resolverse, seguimos con ela, e eu quero dicir que se acaba de cumprir a metade do mandado desta deputación -perdón, vaíse cumprir no mes de agosto, dentro dun mes-, estamos no ecuador, e no ecuador desta lexislatura enténdese que non podemos seguir co mesmo da situación herdada, e seguimos coa mesma situación herdada, cos problemas da situación herdada, por máis que aquí dixeramos que íamos facer mellor as cousas, que íamos reducir a planificación, seguimos no mesmo; hai un Pleno ou dous aínda aprobamos novos plans desta deputación. Polo tanto ¿a que estamos xogando?, ¿onde está o proxecto político?, eu non o vexo por ningures.

E hai unha cousa que a nosoutros, ademais tamén nos preocupa. Isto é unha insitución local igual cós concellos, todos sabemos que ten outra dimensión, etc., etc., pero aquí prodúcense cuestións que, desde logo, se se producen nun concello serían para mandar para casa ó alcalde de quenda, ou á alcaldesa, é dicir, tería que ser así, porque as porcentaxes que nos están saíndo aquí sóbense polas nuebes, é dicir, ¿como é posible que se pase dun orzamento a outro sen situacións que sexan sobrevidas?, é dicir, que pode haber nun concello determinado, pode ser que nun momento se incorpore porque vén o maná, e de repente nun orzamento de 300 millóns de pesetas pasen a ser 600, pero vén o maná, pero aquí non veu o maná, aquí é que arrastramos situacións de anos anteriores e, polo tanto, a nosoutros preocúpanos que, efectivamente, non se está falando desa cuestión e pasar de 21.000 millóns de pesetas a 40.000 millóns de pesetas, eu creo que son cifras que nos debían de facer reflexionar bastante sobre si cando facemos ese debate orzamentario estamos falando simplemente de números, que eu creo que ó final é o que se fala.

E ninguén está dicindo, naturalmente, eu xa sei que o que dixo o Sr. Erias é certo, claro, non seguimos co esqueleto vivo, claro, pero segue o esqueleto, e isto parece o thriller aquel famoso de Michael Jackson, son moitos esqueletos, ou moitos zombies, bailando por aí; é dicir, é certo que claro que o esqueleto segue, home, con case o dobre do orzamento executado dá tempo para andar co esqueleto e con moitísimo máis, pero iso tampouco é bo, porque eu, desde logo, si estou nun concello e, ó final, pásame isto, en fin, non sei se sería unha situación na que aguantaría durante moitísimo tempo, porque o maná, ademais, non sei se afortunada ou desafortunadamente, nunca cae.

E hai unha tendencia, Sr. presidente, nesta deputación, e que é a que nosoutros percibimos na interpretación que se fai da conta xeral e é, melloramos na capacidade de ingresos pero, desde logo, na xestión do gasto non melloramos, xa non digo que empeoremos, senón que non melloramos, e cando a orixe e a función propia desta deputación é gastar, porque non estamos creando riqueza directamente, estamos gastando para darlle ós concellos, e non o facemos ben, é que algo está pasando tamén, é que algo está pasando e, desde logo, derivase de todo isto.

Eu non sei se as nosas interpretacións, como di o Sr. Erias, están afastadas da realidade ou non, son interpretacións diferentes, pero quero dicirlle que, desde logo, no noso caso, obedecen tamén a unha visión política diferente, non a unha análise dos números, senón a unha visión política que nosoutros temos de cómo se podería xestionar isto, xa que existe, e xa que temos este réxime, que nos dotou as deputacións, e que seguen estando aquí, hai outras formas tamén de facer política. E a nosoutros preocúpanos que a Deputación da Coruña acabe facendo xestión dun orzamento que é o dobre do que inicialmente se preveu, a nosoutros preocúpanos iso, naturalmente, porque pensamos que iso non se debe de converter nunha tónica normal.

E termino, termino para dicirlle que, en conexión co anterior, as nosas diferencias si que son de fondo, non son de forma, as nosas son de fondo, son de bastante fondo, afortunadamente, porque a ver se algunha vez hai debate político, non hai soamente debate de números porque senón, acabamos todos loucos. No tema de remanente de Tesourería, en fin, eu que quere que lle diga, xa cando debatemos aquí a utilización do remanente de Tesourería, nosoutros xa sabemos que é unha baza que ten o equipo de goberno, xa sabemos que o remanente, efectivamente, non imos dicir que proceda todo de aí, o remanente de Tesourería xestiónao o grupo de goberno para que apareza intencionadamente, non aparece tampouco polo maná. Este ano é un ano electoral, hai que facer expedientes de modificación de créditos, e téñolle que dicir que, ademais, na maioría dos expedientes de modificación de créditos, en concreto no que levamos no punto seguinte, son de novas cousas, non hai necesidades de programas que figuraban no esqueleto ó que vostede se refería, aparecen partes do esqueleto novas. Polo tanto, nosoutros non dicimos que sexa ilegal, xa sabemos que é legal, xa sabemos que se pode utilizar pero gústanos falar con claridade, xa sabemos que os expedientes de modificación e o remanente xestouse dunha maneira, máis ou menos intencionada, para que existira e podelo utilizar para as novas necesidades, e entre comas o de novas necesidades, nun momento no que politicamente se ve que é necesario, con criterios que despois debateremos no propio expediente de modificación de créditos.

Polo tanto, a nosoutros non nos gusta, non nos gusta esta situación que, ademais, estase convertendo, xa digo, en normal, e que dista moito de ser a situación que se presenta na maioría dos concellos, que son tamén institucións locais coma esta, pero moi diferentes.

Oxalá lle viñera o diñeiro como nos vén a nosoutros, e non os tivera que xestionar, pero iso é unha situación idílica, e non sexa que nosoutros esteamos vivindo tamén nunha situación idílica de levar tanto tempo aquí e estar tan acostumados a que veña o diñeiro de Madrid, e nosoutros aquí dámoslles voltas e mandámosllas a outros, xa a xestión convértese nunha cousa moi diferente e moi rara. Non nos convertamos en raros, poñamos os pés na terra e, desde logo, os que levamos xa certo tempo nos concellos sabemos que a realidade na que vivimos é outra. Por iso, seguramente, temos dúas interpretacións, aquí facer política na deputación eu xa sei que supón para algúns trastocar o papel e, ás veces, ser o Hyde e Jekyll, dividirse, o facer un pouco esa división, é un pouco complicado, pero a realidade onde está é nos concellos e, desde logo, é bastante diferente á que temos aquí.

Lamento non poder reconsiderar o voto neste caso, ou se o reconsidero para dicirle que seguimos pensando o mesmo, é dicir, imos votar negativamente e reitérolle que si que hai moitas diferencias de fondo nesa interpretación que nosoutros facemos.

Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

Sería moi bo para o grupo socialista poder dicir que estaba xestionando o 90% do orzamento, e felicitaríámoslos, indubidablemente, como fixemos por distintos apartados, ¡cómo non! Dixemos claramente que no capítulo de ingresos incrementouse do 83,7% ó 85,21%, favorable por suposto. Tamén dixemos que nas obrigas recoñecidas, gastos, incrementárase un punto, do 53% ó 54%, un punto.

E quero ler para ilustralos a páxina número 27, cadro número 12, obrigas recoñecidas, porque estamos dando cifras adecuadas. Ano 2000, créditos definitivos, 40.979.682 pesetas, obrigas recoñecidas, 22.287.300 -máis ou menos, non sigo lendo-, porcentaxe de créditos definitivos no ano 2000, 54,38%. Isto non quere dicir que o resto non se vaia xestionar, Sr. presidente, o resto estase xestionando, iso xa o sabemos, pero aquí estamos debatendo a conta xeral do ano 2000, que ten os números que ten e que aparece nos informes técnicos, os cales os políticos estudiamos, valoramos, para sacar as nosas conclusións, e é iso, e que o orzamento preventivo pasa de 21.000 millóns a 41.000 millóns, e que significa un incremento de máis do 40%, iso non é indubidable, iso está aquí nos documentos. Logo as interpretacións, ollo ás interpretacións, que fai o grupo socialista e que di: “Miren vostedes, hai uns gastos comprometidos que son os capítulos de persoal e amortización de capital e xuros”, si, iso é unha teoría do grupo socialista, que pode ser válida ou non poder ser válida, pero aquí ninguén refutou que os gastos de persoal, de capital e xuros, non se fosen executar, se se vai ó crédito e vaise con carencia, temos que seguir pagando os xuros e a amortización do capital anterior, iso está claro, iso é indubidable. E, polo tanto, ¿que se xestiona realmente?, o capítulo II, gastos correntes e de servizo, as

transferencias correntes e de capital e os investimentos. Só faltaría que non lle pagasemos ós funcionarios, ou que non cobrasemos os deputados as nosas axudas de custo ou os soldos, os que os teñan, iso é unha cousa que vén directamente, eu creo que está claro.

Falouse dos expedientes de modificación de créditos e modificacións orzamentarias. En calquera concello onde governe o PsdeG-PSOE, ou onde governe o Partido Popular ou o Bloque Nacionalista Galego, é unha cuestión normal facer expedientes de modificación de créditos, ¡cómo non!, ninguén critica iso, pódeos facer a Presidencia, se así llo outorgan as leis e as bases de execución, ou algúns que son de acordo plenario, eu creo que iso son cousas que non temos que discutilas aquí, que son cousas elementais. Se nos concellos onde estamos actuando nosoutros como concelleiros, ou algúns como alcaldes, ¿como non vas facer expedientes de modificación de créditos?, caeríamos no fundamentalismo económico, Sr. Erias, no dogmatismo económico, os orzamentos nunca poden ser cerrados, sempre teñen que ser abertos, pero o que está claro é unha cousa, que a execución orzamentaria do ano 2000, no ano 2000, está de cada 100 pesetas, en 54, déanlle vostedes as voltas que lle dean, ¿que neste ano se están executando obras pasadas?, si, ¿de quen é a responsabilidade de comportar o Plan para as obras e servicios?, da Deputación da Coruña, que o fai reunindo tódalas obras dos concellos, eu creo que estas cousas son claras.

E xa volvendo ó remanente de Tesourería, creo que xa tivemos as nosas discrepancias, pero eu sigo dando datos que recollo de documentos, e eses datos dinnos que os remanentes de Tesourería aparecen perfectamente reflectidos e que antes xa os dei, non o vou repetir, pero si vou recordalo. Remanente de Tesourería global: 15.259, onde hai gastos comprometidos, onde hai economías que van ir dirixidas ós concellos da provincia, que xa o sabemos, e remanente de Tesourería para os novos gastos: 4.265, que hoxe estudiaremos o expediente número 3, e entendo que deben de quedar ó redor de 121 millóns de pesetas para novos gastos, segundo indican os informes correspondentes, pero iso xa será o punto seguinte.

E o outro tema do que nos falan é da débeda provincial. Simplemente me remito ós informes, non vou dar cifras, remítome ós informes. A débeda provincial crece con respecto ó ano 96, e tomo o ano 96, ¿por que?, ¿por que o tomo?, porque nese momento deixa de ser un goberno sustentado polo Partido dos Socialistas de Galicia, incrementase 5.183 millóns de pesetas, que significan o 38% con relación á débeda contraída no ano 96, e iso son datos que aparecen aí. Con eses datos e coas valoracións favorables que xa fixemos na nosa primeira intervención, o noso voto non pode ser en sentido positivo, vai seguir sendo en sentido negativo.

Sr. presidente

Eu creo que todos recoñecemos que si está en xestión ese 90%, dese 90% número redondos o 50%, está executado e certificado, e o outro está en execución, non en certificación, pero creo que a xestión está en marcha, que é o que quería dicir.

Sr. Erias Rey

En todo caso, estaba sinalando que estas discrepancias, ou en todo caso interpretacións, obedecen a como cada un dos grupos pretende desenvolver o debate, e os feitos son obstinados, e son obstinados para os grupos da oposición e para os que gobernamos. As cifras están recollidas nos documentos polos servicios correspondentes, pero desenvolver análise política a través desas cifras, a ninguén se nos escapa que é unha utilización non neutral, das mesmas para xustificar ou traducir determinados argumentos que, aparentemente, poñan en solfa a acción do goberno. Aquí do que non hai ningunha dúbida é que desde que un expediente se inicia ata que se cerra, estase executando. O Sr. Doval ademais, alégrome que o dixera, di que xa se está xestionando o dobre, vostede díxoo cando estaba intervindo, o dobre do que se orzara. Estamos executando o que a través do orzamento se marcou e o que a través das incorporacións se foi producindo, segundo marca a lei e, polo tanto, non nos poden facer vostedes o ratio única e exclusivamente tendo en conta a última fase da execución orzamentaria.

Respecto ós plans estrela e ás accións que a deputación está realizando, que o Sr. Doval tamén nos puxo de manifesto, creo e reitero que a fase máis importante e máis significativa para valorar un orzamento sería a fase da autorización de gasto, e dos 96 programas que a deputación está desenvolvendo superamos o 85% e o nivel de xestión total no tocante a autorización de gasto alcanza, e o presidente así llo recalcou, pero é que está nos documentos, máis do 90%. Polo tanto, non imos, os feitos son obstinados, reitero, non imos continuar debatendo a filosofía que hai detrás, porque a filosofía que hai detrás, o Bloque Nacionalista Galego ten a súa e o Partido Popular temos a nosa, estamos máis afastados do Bloque Nacionalista, sen ningunha dúbida, ca do Partido Socialista, iso non hai ningunha dúbida. Agora, o que si é verdade é que non podo continuar insistindo en que aquí non se fai debate político, porque o debate político non é outra cosa que explicar o que queremos realizar, cumprir iso que explicamos previamente, e logo someternos a todo o labor de control, e renderlles contas, que é o que estamos facendo neste pleno, rendendo contas, e rendemos contas da totalidade, non dunha parte da que vostedes queren que se rendan contas, rendemos contas da totalidade. Por iso insístitolles que, en cuestións ideolóxicas ou de se facemos ou non temos proxecto político, non estamos de acordo, temos un proxecto político moi importante, que está avalado non só na Deputación Provincial da Coruña, senón que na comunidade autónoma e no goberno de España, e os cidadáns non imos presupor que non saben o que lles beneficia, e normalmente, se se

comportan de maneira racional, fan aquilo que máis lles interesa. Por iso, destes asuntos, creo que é mellor non falar.

Complexidade, Sr. Doval, non significa incapacidade. É evidente que no informe pon que é complexo de executar o orzamento, claro, pois ten moito máis mérito que o executemos se é complexo, eu creo que si, en todo caso, o que si é verdade é que non deixamos de atender nada do que os concellos demandan. E tamén é certo que algúns plans se están pechando, evidentemente, hoxe traemos a un punto da orde do día o peche dun deses plans, e é verdade que nacen outros plans, porque hai novas necesidades, e porque tamén hai unha maneira de ver cómo atendelas, colaborando con outras entidades, ou ben illadamente a propia deputación.

Polo tanto, insisto, vexo que reconsiderar para vostedes foi volver a considerar o que xa dixeran, a min gustárame que fora o contrario, pero en todo caso, reitero, creo que o estamos facendo, con ese compromiso que o noso presidente provincial adquiriu con todos e cada un dos concellos, que é que se van facer as obras, vanse facer con calidade, continuarase co compromiso de orzar de maneira prudente e realista para atender as necesidades nun esquema xerárquico segundo un proxecto político, podía haber outro, pero en todo caso, é do que nosoutros estamos rendendo contas, e é do que desenvolvemos no ano 2000.

E xa termino co tema do endebedamento. O tema do endebedamento, o mellor indicador de que non hai ningún tipo de circunstancia que cree dificultades para a política futura desta deputación é que cando se concursa por parte dos que pretenden asumir o endebedamento desta entidade, non hai ningunha prima de risco, e as entidades financeiras non agasallan precisamente os seus recursos. Iso significa que esta institución, en primeiro lugar, é solvente, e iso significa, en segundo lugar, que esta institución está desenvolvendo o compromiso adquirido ó comezo da lexislatura, que é ir reducindo o endebedamento neto, o endebedamento total acumulado non pode facerse ó longo dun único exercicio, hai que ir facéndoo pouco a pouco. Pasamos de 2.200 millóns a 1.500 millóns; en termos absolutos, pasamos dun endebedamento neto de case 1.000 millóns de pesetas, ou un endebedamento neto da metade.

Polo tanto, repito, creo que estamos nun camiño correcto, e deste modo isto faime que, sabendo que hai que mellorar, tamén ser optimista tocante a cómo vai ser o futuro.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 13 deputados (10 do PSOE e 3 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ó exercicio económico de 2000 unha vez que se den cumprimento ós trámites establecidos no art. 193 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.-Render ó Consello de Contas a dita conta, unha vez estea debidamente aprobada.

### **4.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/01 E RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, DE APROBACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN.**

## INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Dado que neste punto figuran apartados que serán de consideración singular, fundamentalmente os referidos ós convenios, non vou entrar moi fondo neles, aínda que de pasada si que quixera facer algunha consideración. Pero en calquera caso quería comezar por algo que xa ten bastante que ver co capítulo anterior, polo que eu dixen de cómo de 21.000 millóns de pesetas se pasa a 40.000, porque aparecen esas novas necesidades, e do que se nutren fundamentalmente os expedientes de modificación de crédito non é do complemento desas necesidades que figuraban inicialmente previstas no esqueleto, senón desas novas necesidades que surxen con programas novos e que nin sequera figuraban deseñados coa apertura dunha partida dunha peseta, que puideramos dicir “o orzamento non dá para máis, pero o grupo de goberno ten previsto facer o ano que vén tantos programas, pero imos facer unha consignación inicial para que se vexa que a vontade política é esa, e despois no seu momento, como xa sabemos que hai un mecanismo legal e que temos que utilizar, que son os expedientes, facémolo”, non é ese o caso. Entón, o que nos encontramos hoxe aquí é con cousas novidasas que, posiblemente, eu mesmo penso que algunha delas non se lle pasaría inicialmente pola cabeza nin ó propio grupo de goberno cando elaboraba o proxecto de orzamentos deste ano.

(Entra o Sr. López Sueiro).



Quería facer tamén unha consideración que non se me escapa -que non se lle escapa a ningún, desde logo a nosoutros non se nos escapa como grupo político-, que é que os expedientes vólvense tanto máis novidosos e rechamantes en canto se aproxima o proceso de eleccións, é dicir, un encóntrase con máis sorpresas cando as eleccións están máis próximas, e ademais este expediente parece que tamén é de novas necesidades que surxen seguramente pola proximidade, e aínda queda ese remanente dos cento e pico millóns de pesetas, que serán as últimas necesidades, non sabemos se a maioría da Xunta se vai xogar cos 121 millóns de pesetas que quedan aínda no remanente de Tesourería, pero esperemos que a maioría da Xunta se xogue no debate político entre os grupos que se presentan á campaña electoral.

E dito o anterior, e indo xa ó concreto, aquí hai varias cuestións que figuran no expediente que, como acabo de dicir, parece que son sorpresa á hora de incluílas, e novidosas tamén. Eu xa dixen o outro día, por falar dalgunha cousa concreta, xa dixen o outro día na propia comisión que a min hai cousas que me chaman a atención, sobre todo porque cando un empeza a debater delas, non lle cabe a menor dúbida de que a deputación poida exercer esa competencia, o que lle entra a dúbida é de se esas son as prioridades no momento actual para os concellos e para os cidadáns e cidadás da provincia. Por exemplo, imos facer hoxe un convenio de 12 millóns de pesetas coa Fundación Universidade de Valencia Empresa, sobre o tema de xestión ambiental, eu non dubido de que, efectivamente, os concellos da nosa provincia deban de ir dando pasos na disposición de persoal, que faga xestión ambiental, temos moita necesidade, ademais, non dubido de que isto se teña que facer. De tódalas maneira, e aludo ó que debatemos o outro día na comisión, informeime, por exemplo, de que a Universidade da Coruña no Campus de Ferrol vén facendo polo menos desde hai sete anos nos cursos de verán, cursillos de xestión ambiental, pois ó mellor se podería facer un acordo coa Universidade da Coruña no seu Campus de Ferrol, ou con outro campus, ou con outra universidade galega, para facer esta xestión de cursos de carácter ambiental, porque segundo parece, do que se trata é de ir formando cargos públicos, é dicir, concelleiros ou persoal dos concellos, para que empecen a dar pequenos pasos no tema da xestión ambiental, posiblemente se podería facer isto, claro, a min chámame a atención que aquí subscribimos ese convenio coa Universidade de Valencia Empresa, cunha fundación, contra a cal non teño nada en absoluto, pero que, ó mellor, poderíanse dar pasos noutro senso, é dicir, ó mellor si empezamos a facer as cousas doutra maneira incluso colaboramos mellor cos que temos máis preto, que tamén teñen necesidades, porque hai que dicir que, por exemplo, estes cursos que está facendo a Universidade de Ferrol fináncianse, en gran medida, con bolsas que lles están dando ós concellos, polo tanto, era unha vía tamén de traballo que, quizais, púidose facer e non se fíxo.

Sobre os 35 millóns de pesetas para novos proxectos publicitarios, en fin, eu non sei cáles son eses novos proxectos publicitarios, pero chámame poderosamente a atención

porque esa partida que figura inicialmente o que figuraba no esqueleto, é dicir, nos orzamentos iniciais, era unha partida abundante respecto do tema da publicidade, entón eu no expediente non fun capaz de percibir a qué vai ser adicado iso, pero ben, 35 millóns de pesetas máis é unha gran cantidade para publicidade. E xa digo, se a publicidade é publicidade que non é enganosa, pois ata está ben, pero non sei que tipo de publicidade se vai facer, esperemos que non vendamos os modificados dos modificados dos modificados.

Dos convenios dixen que non ía falar, pero si quería facer unha reflexión xenérica sobre algunha das cousas que veñen aquí. Máis ca unha avaliación, quería facer unha pregunta, quería facer unha reflexión. Imos ver, os convenios obedecen a unha política planificada, de axuda da deputación a determinados eventos que temos situados aí, que podemos abrilos, que podemos mirar o que teñen dentro, que podemos saber o labor que cumpren, ¿estamos asinando convenios con institucións, con concellos, con entidades, porque vemos o que hai dentro, porque sabemos que iso contribúe á difusión cultural ou social de determinado tipo de fenómenos, ou estamos vistindo o traxe en función de cada necesidade?, porque aquí aparecen cousas que máis ca unha reflexión do que se vai facer é unha maneira de vestir o santo, incluso así textualmente, de vestir o santo en función de necesidades que se presentan.

E vou facer unha cuestión da que podo falar algo porque tomei parte no seu momento nun tipo de eventos. Eu naturalmente non teño nada en contra do Festival do Mundo Celta de Ortigueira, e quero dicilo con claridade ademais para que se saiba, sei que un tema espiñento, pero vou entrar nel, porque non lle teño medo en absoluto, non teño nada en absoluto contra o Festival do Mundo Celta, é máis, son unha persoa que me gusta a música, que estiven neste mundoño, e ademais son unha persoa que participei no seu momento na organización deste tipo de eventos, pero eu pregunto se esa contribución que vai ter a deputación co Festival do Mundo Celta, non debería de tela tamén con outro tipo de eventos. Eu sei que esta provincia da Coruña ten, sobre todo nos meses de verán, tamén fóra dos meses de verán, un abano de manifestacións de tipo cultural, musical e artística importantísimo, que ademais contribúe a vender, na mellor das acepcións, a vender a provincia da Coruña, e eu digo se non sería mellor que fixemos unha especie de diagnóstico de cal é a nosa realidade neste tipo de eventos culturais, e en función diso, repartiramos algo a tarta, podíamos repartir algo a tarta, porque claro, eu sei que, efectivamente, neste caso concreto, o orzamento do Festival do Mundo Celta deste ano de Ortigueira, foron 60 millóns de pesetas, e esta deputación vai darlle 30, pero eu sei que, por exemplo, determinado tipo de eventos, que mesmo xeograficamente quedan moi perto, non chegan nin as 100.000 pesetas de colaboración por parte desta deputación. Entón, eu de verdade, pido unha certa equidade, e con iso se se interpreta que o BNG está en contra do Festival do Mundo Celta de Ortigueira, máis lonxe da realidade, porque ademais incluso algunha xente tivo moito que ver no mantemento dese evento nas peores condicións e nas peores das situacións, cando naceu hai moitísimos anos.

Polo tanto, eu deixo isto como unha reflexión para ver se cabe unha distribución un pouquiño máis equitativa, e entre todo para dous e o resto sen nada, e outra distribución, a min paréceme que si que cabe un punto intermedio, xa digo, porque non é lóxico que outro tipo de eventos subsistan co sacrificio, mesmo ás veces persoal, economicamente persoal, dalgunha xente que organiza este tipo de eventos. E é unha chamada que fago para o ano que vén, á parte de que esta deputación subvencione o Festival de Ortigueira, subvencione tamén, no nivel que lle corresponda, outro tipo de eventos que se están facendo na provincia.

De cara a outras entidades coas cales se propón concertar convenio aquí, digo o mesmo, eu acabo de mirar aquí o material que figura nunha das propostas de convenio cunha fundación que se chama Remanso, e a verdade é que me encontrei con tres follas que é unha cuestión bastante pobre para xustificar unha achega como a que se vai facer, que seguramente non digo que non a necesiten, pero claro, ¿non cabería dar un debate inicial respecto desta cuestión para ver se como o Remanso hai outras máis que o necesiten?, e non estamos aquí a golpe de chamada de que cando un nos vén e pide dásele e despois esquecémonos da realidade. Entón, eu encóntrame con cousas que, canto menos, chámame poderosamente a atención, esta é a memoria existencial de Remanso, unha folla na que pon aquí as súas necesidades, o ámbito que vai cubrir que é un ámbito do máis necesario e urxente, etc., etc., que é o ámbito das persoas maiores, pero claro, e non haia máis nada ca isto, e aquí segundo chaman, aparecemos e vestimos o santo, parece que é unha cuestión pouco xustificada.

E eu creo que, efectivamente, o que se revela a través do expediente de modificación de créditos número tres que se pretende aprobar hoxe aquí, é algo que ten que ver co que se dixo no punto anterior, é dicir, que esas novas necesidades aparecen non en función, moitas veces, ou a maioría das veces, dunha análise racional da realidade sobre a que queremos operar, senón sobre as cousas que nos van vindo, e non é bo que unha institución coma esta reparta os seus fondos, ou faga as súas previsións, en función de quen chama, do que chama á porta e das necesidades que ten, senón en función do que a esta deputación lle interesa facer, é dicir, en función da planificación e en función dun obxectivo político, non partidario, senón obxectivo político que se marcaría, e que nosoutros seguimos dicindo que xa sabemos que, efectivamente, o PP ten un obxectivo político, o Partido Popular ten un obxectivo político na liña de xestión desta deputación, pero desde logo, aparece tal cantidade de cousas que son novidosas que a un, ás veces, xa se lle pregunta se mesmo ó PP se lle pasaría pola cabeza algunha das cousas que se van aprobar hoxe aquí, incluílas.

Neste sentido, e termino, Sr. presidente, nosoutros imos votar negativamente ó expediente de modificación de créditos, porque non responde á análise priorizada das

necesidades da provincia, nin sequera á análise priorizada das necesidades da propia deputación, como institución, como tal, senón outro tipo de cousas que, seguramente, nos puntos concretos falaremos máis dela. Neste senso, xa digo, reitero o noso voto negativo.

### Sr. Lagares Pérez

Neste expediente de modificación de créditos vai ter división de opinións por parte do grupo socialista, porque hai aspectos que si valoramos favorablemente e outros aspectos que, indubidablemente, non nos gustan.

A contía deste son 709 millóns de pesetas, e o seu financiamento ven todo do remanente de Tesourería para gastos xerais. Isto quere dicir que, economicamente, estamos cun remanente de Tesourería para novos gastos de 121 millóns de pesetas. ¿Que quere dicir isto?, que a deputación neste momento, ou está avocada, se queren facer algunha modificación, a utilizar estas economías, ou ben a facer transferencias entre partidas que se poden facer trasvases perfectamente ó longo do exercicio que nos queda.

Xa nos expedientes número 1 e 2, o grupo socialista propoñíalle ó grupo de goberno ter en conta que este remanente de Tesourería dispoñible fose traslado a tres conceptos, non na súa totalidade porque aquí veñen aspectos, como digo, que son valorados, por exemplo o que acaba de referirse o Bloque Nacionalista, a asociación Remanso, mérecenos a nosa valoración favorable, pero hai outros que non. Falamos nos expedientes números 1 e 2 que habería que reforzar posiblemente eses programas que van máis directamente ós concellos, e quero ser reiterativo nisto, como é o Plan de obras e servicios, o Programa operativo local, que aínda que é xestionado no capítulo VI, en investimentos propios, si vai destinado directamente ós concellos, e o problema que temos da encefalopatía esponxiforme bovina, que aproveito para dicir neste aspecto que había unha comisión formada e que queríamos ver as conclusións que se sacan desa comisión, que non as sabemos. Todo isto, ¿por que?, por dous aspectos importantes, primeiro, porque hai unha problemática económica no sector gandeiro da provincia; segundo, porque van as economías dirixidas directa ou indirectamente ós concellos para procurar novas obras, novos equipamentos ou novos servicios de cara ós nosos cidadáns.

Xa centrándonos no propio expediente, intentarei ser o máis breve posible, porque creo que no apartado anterior xa demos o debate que había que dar, e indubidablemente aquí xa marcamos a nosa posición, que adianto que vai ser de abstención, digamos que se inscribe no gasto corrente unha cantidade importante, no capítulo I ó IV, vanse financiar con 195 millóns de pesetas, algunhas partidas para persoal, concretamente para contratacións en materia docente no Puga Ramón e no Calvo Sotelo, que entendemos que son necesarias; 12 millóns, que nos chama a atención, lemos para que 15 concelleiros da provincia asistan a un

curso de xestión ambiental e desenvolvemento sostible da Universidade de Valencia -non sei se o digo ben, senón logo que se nos aclare-, gustaríanos saber neste aspecto cáles son os criterios que se van ter en conta para facer a selección destes bolseiros que van asistir a uns cursos sobre ambiente e desenvolvemento sostido, que están intimamente relacionados.

Chámanos poderosamente a atención os 35 millóns para novos proxectos publicitarios, pedimos que se nos aclare cáles son eses proxectos publicitarios, porque na contía orzamentaria que hai entendemos que os gastos contablemente aínda existen, se están as partidas a cero a pleno mes de xullo, ou cáles son as novidades que o equipo de goberno nos quere formular neste aspecto.

Despois hai distintos convenios que algúns, insisto, farase a súa valoración no seu momento por parte do noso voceiro titular, e xa dentro das operacións de capital hai un complemento para achega provincial no convenio Xunta-deputación en materia deportiva, unha corrección de paso do capítulo VI ó VII nunha contía elevada, 292 millóns de pesetas do Plan de ambiente; 42 millóns para convenios cos concellos de Betanzos e de Carballo en materia deportiva e 20 millóns para asociacións.

Todo isto indica que o grupo socialista ten, como dixen ó principio da miña intervención, aspectos que si votaría favorablemente, pero no seu conxunto non o pode facer. Esperamos a explicación por parte do portavoz destas preguntas que facemos, vemos con preocupación que, de novo, o gasto corrente vai a contagotas, para logo pasar o que pasou, e que así espuxemos no debate anterior da conta xeral e nun principio o noso voto vai ser de abstención.

#### Sr. Erias Rey

Vou intentar explicar un pouco máis cómo se está desenvolvendo este expediente por parte do grupo de goberno, porque algunhas das cuestións que vostedes nos formularon eu creo que merecen explicación, claro que a merecen, e ímoslla dar, pero asemade, saiban vostedes que no punto anterior estabamos debatendo sobre incorporacións, sobre modificados, etc., etc., e teño que sinalarlles que este é o terceiro expediente modificativo de crédito que contén, á súa vez, 23 expedientes dos cales catro son créditos extraordinarios e 19 son suplementos de crédito. Precisamente, intentando mellorar a cuestión estamos desenvolvendo e reducindo o número de expedientes modificativos, é o terceiro, como ben anuncia vostede quedan 121 millóns de pesetas no remanente de Tesourería para novos gastos, quedan para compromisos en gastos D, 274, e para reserva de autorización en gasto A, quedan 578 millóns de pesetas, aproximadamente.

¿Que é o que formula este expediente en liña co que vimos dicindo?, pois que imos procurar a xestión orzamentaria acudindo o menos posible a, por unha parte, o que son

suplementos de crédito e, por outra parte, ó que son créditos extraordinarios, fíxese, catro créditos extraordinarios, 29 suplementos de crédito. Estamos desenvolvendo acción política naquilo que o orzamento recoñecería como prioritario, e como o recoñecería como prioritario, suplementamos de 23 accións, 19; imos ver que acción, para que vostedes tamén, naquelas que teñen máis dúbidas, poidan aclararllas.

Miren, nada nos gustaría máis que poder subscribir un convenio coa Universidade da Coruña, coa de Santiago, coa de Vigo, para que aqueles concelleiros que queiran participar dentro dun programa que a deputación vai apoiar, puideran facelo. Desafortunadamente, o único centro de España que desenvolve formación a distancia en xestión ambiental e desenvolvemento sostible, que é un compromiso político tamén desta deputación e que, polo tanto, estamos dispostos a apoiar inicialmente a aqueles que queiran desenvolvelo con ese número prudente de quince, pero que posteriormente irase incorporando o que en cada ano se decida pero, en todo caso, o que si é certo, é que se fai coa fundación Universidade Empresa de Valencia porque é o único que en España desenvolve unha formación plurianual e a distancia, e de calidade acreditada.

En todo caso, o que quería sinalar é, en primeiro lugar, o compromiso desta Deputación provincial e deste grupo de goberno é que participen tódolos que reúnan a condición de concelleiro ¿como se vai facer?, en primeiro lugar iremos a dotar orzamentariamente para poder desenvolver o convenio e logo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, faranse unhas bases ás cales están vostedes invitados a participar xa para que vexan que non hai ningún tipo de cousa estraña, senón que é un compromiso decidido. Cremos que moitos dos nosos concellos, desafortunadamente, non puideron desenvolver ese compromiso coa sostibilidade e coa calidade de vida para as xeracións presentes, pero tamén para as futuras, cremos que iso é bo, e por iso estamos apostando, en primeiro lugar, pola formación. Non se trata de que a Universidade da Coruña, a través do seu campus de Ferrol -que non hai Universidade de Ferrol, senón Universidade da Coruña, campus de Ferrol-, teña e poida desenvolver cursos que nos parece moi ben, pero trátase de desenvolver ensino regrado de nivel para que tódolos concellos que xa teñen este compromiso e non tiveron a oportunidade de que unha institución os apoiara, dispor desta oportunidade, cremos que é suficientemente xustificado.

Din os 35 millóns para publicidade; a min tampouco me gusta nada o rótulo desa partida, cambiarémola, porque tampouco me gusta, porque pode dar lugar a malas interpretacións. Non é para publicidade, como se pode entender no mal uso da publicidade, porque hoxe en día nin sequera o bo pano na arca se vende, o bo pano hai que poñelo no mercado e logo competir con aqueles outros que teñen pano. Ben, pois nosoutros, neste programa imos tratar de difundir, basicamente, o Plan de turismo da natureza, non para a Deputación provincial, para tódolos concellos da provincia que se van acoller a este plan que xa aprobamos para pór en valor o que eles teñen, e asemade, para explicar o compromiso

que a deputación desenvolva con todos e cada un deles. Non vai ser para os do Partido Popular, vai ser para tódolos municipios da provincia da Coruña. E non temos, e por iso suplementamos con 35 millóns de pesetas, esta partida, non temos crédito suficiente, cremos que é unha acción importante, e por iso suplementase. Saben vostedes que as tarifas de publicidade, falando xa en termos do que é ese mercado, non son precisamente baratas. Hoxe unha páxina de publicidade, dependendo do medio e dependendo da difusión, ten un custo que, en moitos casos, é importante.

Polo tanto, para estes dous temas que vostedes cuestionaran como algo que lles parecía que non era moi importante, creo que está suficientemente xustificada a súa necesidade, o compromiso do seu grupo de goberno e o mesmo para todos e cada un dos demais.

Miren, destes 23 expedientes, dos cales son 19 suplementos de crédito, suman 467 millóns. Sr. Lagares que eu creo que aí, cando vostede estivo intervindo neste aspecto, hai que ter en conta que houbo un erro no anterior expediente modificativo de crédito, no do 16 de maio, e aplicouse a un concepto que non era o correcto, por ese motivo hoxe vén aquí, e 241 millóns non se poden computar dentro deste expediente, senón que é unha formalidade para non resolvelo doutra maneira. Parecíanos o procedemento máis adecuado renderlle contas ó Pleno, o erro produciuse e asumo, sen ningún tipo de problemas, ese asunto porque ademais, repito, non teño que ver con el, pero dá o mesmo, en todo caso non corresponde a este expediente modificativo de crédito.

(Sae o Sr. García Liñares).

É verdade que nalgúns casos o gasto corrente aumenta, pero é que aumenta respondendo a esas novas necesidades. Mire, o que dicía vostede do Calvo Sotelo, de 13.300.000 pesetas, é unha necesidade que non podemos prescindir dela, porque hai persoas que, desafortunadamente, póñense de baixa, hai que cubrir as súas baixas, hai necesidades que non estaban previstas e que porque o momento o pide, hai que atendelas, e encontrámonos con que, certamente, incrementa pero de maneira prudente, en todo caso, o gasto corrente, porque o compromiso do grupo de goberno non é situalo nun nivel cero, pero si ese crecemento situalo nun nivel asumible para o futuro da deputación.

Tódolos demais asuntos que suplementan ó longo deses 19 suplementos de crédito, teñen que ver con necesidades, o Fogar Xuvenil da Milagrosa, as obras de conservación no Fogar Infantil de Ferrol, a fundación Remanso, que non estaban explícitas no orzamento, que tamén, saiban vostedes que creo que somos a única Corporación que rende dobre conta do que pón no orzamento e logo cando o vai executar, no tocante a subvencións nominativas. Como algunha delas non se tiveran en conta, porque non se desenvolvera ese contacto previo para coñecer as necesidades e ver se encaixaban dentro das prioridades da

deputación, nestes momentos producido o contacto, pareceunos adecuado facelo, así lle estou falando de todos estes asuntos que teñen que ver coa fundación Remanso, ou co que lle dicía dos fogares infantís, ou algúns reformados de casas de concellos, ou a última fase do Plan 2000 de ambiente por importe de 56 millóns, queremos cerrar os plans, os plans non é bo que estean abertos, e ás veces, e neste caso no Plan de ambiente, podemos facer autocrítica, claro que o podemos facer, pero teño que dicirle que a titularidade dos terreos, en moitos casos, impediu que a deputación puidera actuar sobre esas obras, iso ¿que nos fixo?, que deramos a oportunidade a que os concellos cambiaron a obra, achegáranos os terreos e isto demorou máis do debido, e isto lévanos a que hoxe teñamos que suplementar con 56 millóns, xa unha vez que os servicios técnicos da casa déronlle o visto e praxe a todas elas e tódolos concellos encóntranse satisfeitos, a asumir isto.

Polo tanto, reitero, este expediente modificativo de créditos intenta mellorar a xestión, reducindo o número de expedientes modificativos, teremos un máis, e o que prevemos, reducindo o número de asuntos e, claro, facendo e suplementando aquilo onde prudentemente o fixemos con cautela, pero que agora vemos que temos novas necesidades. Cremos que o Plan de turismo da natureza merece todo o apoio que desde a Deputación provincial se lle poida dar para que os nosos concellos poñan, e poñan todos vostedes en valor este tan importante activo que temos na provincia. Por eso, reitero, que o expediente está xustifico nos termos que sinalai.

Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Doval

Máis nada ca unha cuestión, a verdade é que non tiña previsto intervir pero, moitas veces, cando fala o Sr. Erias, provócame, provócame positivamente. E quería dicir que o tema do contacto ó que se refire, si, é que ó mellor sen querelo, acábame de dar a razón. Vostede dicía que hai cousas que non se pensaron porque non se producira o contacto, unha vez que se produce o contacto, detéctanse as necesidades, pois hai que ter o contacto antes, é dicir, antes de facer os orzamentos hai que ter o contacto coa realidade da provincia, para saber o que temos e para saber se a liña de actuación desta deputación ten que ser así, porque o outro é moi malo, porque o contacto eu xa sei como se produce, prodúcese con algúns e con outros non, cos que chaman máis á porta, cos que veñen, cos que non veñen, mesmo me atrevería a dicir que se un revisa, por exemplo, o caso concreto da Xunta Directiva da Fundación Remanso, eu entendo por que se produce o contacto, neste caso, entendo por que se produce o contacto. Noutros casos, ó mellor non está a xente que está aquí e non se produce o contacto. Entón, eu quero que ese contacto, Sr. Erias, que sexa un contacto previo, eu pídlle ó grupo de goberno que para non encontrarnos con estas sorpresas, e estar aquí debatendo, non sobre o noso desacordo con que figuren algunhas cousas, senón con que non figuren todas, porque ese é o debate, é dicir, o debate é que esta



deputación teña ante si a radiografía da provincia e que actúe sobre ela, e non que a realidade da provincia se imponha a codazos sobre a actuación da deputación, que é o que está pasando, e eses contactos a posteriori nunca foron bos, como dicía o outro, porque xa sabemos por que veñen, por determinado tipo de necesidades.

Despois, simplemente, non creo que se poida comparar con tódolos meus respectos, o caso concreto do Fogar Infantil de Ferrol, que pertence a esta deputación e ademais xa sabemos o que vén aí, que son facturas que non se puideron aboar, co caso da fundación Remanso, con tódolos meus respectos para a fundación Remanso, é dicir, son dous casos diferentes, entre outras cousas porque un deles nos obriga porque é a nosa competencia.

E simplemente unha recomendación, nunca me fale vostede dos concellos do PP, cando falaba de “irán os concellos do PP”, non hai concellos do PP, nin hai concellos do Bloque, nin do PSOE, hai concellos gobernados polo PP, gobernados polo PSOE, os concellos son os cidadáns, é moi importante iso, non nos creamos que os concellos do PP, os cidadáns votan, pero son cidadáns antes de todo, porque iso despois leva a confusións, entón miramos o sinal, e son os concellos do PP, os concellos gobernados polo PP, son dúas cousas moi diferentes, iso tamén xa sei que é unha cousa de fondo, pero é importante. Máis nada, seguimos votando que non.

#### Sr. Lagares Pérez

Simplemente para facer unha pequenísima puntualización. Houbo un erro no Plan de ambiente de 241 millóns, que había que poñelo no capítulo VII, transferencias de capital e someteuse, púxose no capítulo VI.

Na súa intervención o Sr. Erias fálanos de que eses 35 millóns de pesetas para novos proxectos publicitarios son para difundir o turismo da natureza da provincia, claro, e despois dinos que somos os concellos, a ver se entendín eu mal, os que imos xestionar esta partida, ou vai ser a deputación, porque entón volve a estar mal orzado, ten que poñelo vostede no capítulo IV, e non no capítulo II, e volveríamos. Ou entendín eu mal, ou vostede explicouse mal, simplemente esa corrección, e o noso voto vai seguir sendo de abstención.

#### Sr. Erias Rey

Brevemente, a verdade é que son todas cuestións de linguaxe, e que todas estamos padecendo o significado das palabras, para empezar polo Sr. Lagares. Quen vai xestionar este tipo de acción vai ser a deputación, a través do seu gabinete de Prensa, e o que vai facer é poñer en valor o que cada un dos concellos da nosa provincia ten a través dos medios de comunicación para que, desta forma, os cidadáns da Coruña, os que nos visitan

ou aqueloutros que lean este tipo de información, teñan unha realidade máis próxima, máis certa do que fai a deputación e do que os concellos teñen.

Imos cooperar cos concellos porque sempre, para calquera das cousas que hai que pedir documentación ou o que sexa, ó primeiro que se lle informa é o Sr. alcalde que, como ben di o Sr. Doval, representa ós cidadáns. Pero, en todo caso, quérolle sinalar un asunto que é básico: non faga vostede apriorismos, non atribúa ós demais o que vostede lle lexítima no seu discurso, porque desde logo eu pódome equivocar, e se me equivoco pido desculpas por se hai afectados, ou se iso se terxiversa un pouco a realidade, pero en todo caso sei moi ben o que quero dicir, e cando eu falo de contacto, non falo de provocación, falo de contacto no que non hai ningunha persoa, no que a min respecta, e no que eu coñezo, que pedindo para falar de calquera asunto nesta casa, non se lle atendera. E non faga vostede apriorismos do que son os consellos, porque iso é calumniar, faltar ó respecto e a verdade é que iso non me gusta a min nada, e eu particularmente desenvolvo a acción política con respecto ó que é a diferente opinión que podemos ter sobre os asuntos e, en todo caso, con respecto ós terceiros que, en moitos casos, nin sequera teñen oportunidade de falar.

Polo tanto, a min gústame ser preciso, e sendo preciso vostede foi quen, neste caso, bambeouse. E houbo un asunto ó que non lle contestei, pero voulle contestar. O Festival do Mundo Celta é o festival máis importante que para Galicia se desenvolve en Europa, na Europa coñecida, e a súa traxectoria fai que a deputación asuma un compromiso extraordinario, e non podemos perder de vista cando falamos e cando falamos de equidade, porque ademais apunteino, a equidade consiste en tratar igual ós que son igual e tratar diferente a aqueles que son diferentes, iso é a equidade. Pois precisamente, o Festival do Mundo Celta é bastante diferente doutros festivais, que sendo moi importantes, celébranse na provincia da Coruña.

(Sae o Sr. Cobas García).

E repito, e reitérolle a vostede, a deputación apoia a través de todas esas accións de altura, a eses festivais, co máximo empeño, coa máxima dedicación e, penso e entendo que non hai ningún concello que poida dicir que chamou ás portas desta deputación, que non fora atendido.

Polo tanto, reitero, antes non llo dixen porque me esquecín, e no ánimo da brevidade, quixen ser prudente, pero reitérolle: a prioridade é usar adecuadamente a linguaxe para posteriormente fundamental aquilo que queremos transmitir. E isto é o único que quería dicir.

Moitas gracias.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)  
Votan en contra: 3 deputados (BNG)  
Abstéñense: 11 deputados (PSOE)

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Unha vez analizada a documentación presentada segundo o establecido no art. 37 do R.D. 500/90, do 20 de abril, e co detalle seguinte:

- Memoria da Presidencia
- Detalle das partidas orzamentarias que se han suplementar ou habilitar crédito e o medio de financiamento establecido para isto.
- Propostas das distintas unidades que detallan o carácter específico e determinado do gasto que se vai realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- Informe da Intervención xeral.

E de conformidade co artigo citado, adóptase o seguinte acordo:

1º.-Anular o suplemento de crédito correspondente á partida 0501/446A/601.91, por 241.766.587.- ptas., por non proceder o dito suplemento, e como establece a regra 99 da ICAL minorando o crédito dispoñible nas respectivas partidas orzamentarias e aumentando o remanente de Tesourería Xeral en 241.766.587.- ptas. Anúlase a modificación de ingresos.

2º.-De acordo co que establece o artigo 26 do R.D. 500/90, do 20 de abril, recoñécense obriga de pago por importe total de 904.568.- ptas. a favor das persoas físicas e xurídicas que a seguir se detallan:

A favor de Crisloma, S.L., correspondente á fra. nº 61/00A do 26.10.00, por importe de 52.200 ptas. pola reparación do enreixado do patio no Fogar Infantil de Ferrol.

A favor de José Antonio Barbeito Uzal, correspondente á fra. nº 20 do 09.04.00, por importe de 133.168.- ptas. por obras de reparación efectuadas no Fogar Infantil de Ferrol.

A favor de Quintáns Raya Crespo Arquitectos, S.C. correspondente á fra. nº 7/00 do 31.07.00, por importe de 719.200 ptas. por honorarios de Co-dirección nas obras de cafetería e posto de salvamento e socorrismo na praia de Balarés (Ponteceso).

3º.-Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 3/01 de competencia do pleno, en trámite dentro do vixente orzamento xeral, por importe de 709.588.245.- ptas., e que ofrece o seguinte resumo:

**AUMENTOS:**

CE. CREDITOS EXTRAORDINARIOS	47.719.200.-
SC. SUPLEMENTOS DE CREDITO	661.869.045.-
<b><u>TOTAL DE AUMENTOS</u></b>	<b><u>709.588.245.-</u></b>

**BAIXAS: (Financiamiento)**

RX. R.T. GASTOS XERAIS	709.588.245.-
<b><u>TOTAL DE BAIXAS</u></b>	<b><u>709.588.245.-</u></b>

4º.-Expor ó público o dito expediente no BOP polo prazo de quince (15) días hábiles, para efectos de reclamacións contra este, a teor do establecido no artigo 38 tocante cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo. De presentárense reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

5º.-O resumo por capítulos do dito expediente, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, a teor do establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril.”

**5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CUBRICIÓN DE PALCO DE CAMBRE, SUBMINISTRACIÓN PRAZA, DO CONCELLO DE MALPICA, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0090.0.**

(Entra o Sr. Cobas García).

## INTERVENCIONES

Sr. Fernández Moreda

A verdade é que cando escoitei ó Sr. Doval falar e felicitar-se pola instalación dun reloxo nesta sala, dicindo que o poñelo encima del ía obrigar a ser máis breve nas súas intervencións, e contando con que hai 32 puntos aínda, se me permite, vou facer unha única intervención para saudar ó reloxo e respectar ó reloxo. Eu entendo que utilizaran case dúas horas nestes dous puntos, porque son os puntos máis importantes que hai no Pleno, e un deles é a conta xeral, e se non se debate sobre isto, non se debate sobre nada, pero ben, tamén serve para xustificarme pola brevidade que vou utilizar na miña exposición. E quero, co seu permiso, que as miñas primeiras palabras se refieran a algo que non ten que ver coa deputación, son palabras para felicitalo pola iniciativa que tivo de viaxar a Marrocos acompañando a uns armadores da provincia para entrevistarse co ministro de Pesca do reino de Marrocos.

Quero felicitalo porque sei que vostede non vai conseguir un convenio de pesca con Marrocos, pero sei que existe a posibilidade de construír empresas mixtas con Marrocos, e creo que as autoridades de Galicia, as autoridades da provincia, deben de estar presentes, deben de acompañar, deben de impulsar e deben de buscar solucións, porque a falta deste acordo está levando á zozobra económica como vostede sabe, e como sabemos todos, a moitas familias desta provincia. E como eu sei que no seu partido non tivo o apoio moral que esta iniciativa súa tería que ter, e teño recortes de prensa onde o Sr. presidente da Xunta di que o alcalde de Ribeira está cheo de boas intencións e boa fe, pero recoñecen que, desgraciadamente, non vai ter ningún efecto, eu quero que vostede sinta o apoio moral do grupo socialista desta Corporación, e que nesas iniciativas que vostede teña vai ter sempre o apoio deste grupo, e se fata no seu grupo encontrarao no noso. E dígolle máis, vostede viaxou, e eu sempre lín que viaxou como alcalde de Ribeira, e quérolle dicir que non teña problemas para viaxar como presidente da Deputación, se viaxar como presidente da Deputación lle abre máis portas, dálle máis categoría á súa interlocución, ou permítelle buscar mellores solucións, non teña vostede ningunha dúbida, eu sei que o fai porque vostede é un home prudente e comedido, pero como sei que é prudente e comedido quero que saiba que terá o apoio deste grupo cada vez que teña iniciativas desa natureza, e sei que para un concello con escasos recursos económicos, pode haber dificultades para financiar a viaxe, fináncelo vostede con cargo ó orzamento da deputación. Creo que é obriga dos gobernantes preocuparse polos problemas, acompañar ás persoas que teñen problemas e buscar solucións, e xa sabemos que non vai establecer ningún tipo de acordo, non vai haber ningún convenio de pesca, porque é imposible, porque legalmente non se pode establecer. Eu quero lembrar que noutras épocas máis difíciles e máis complexas, tivemos acordo de

pesca con Marrocos, hoxe desgraciadamente non o hai, non imos entrar aquí nas valoracións, non é competencia deste Pleno, cada un ten as súas interpretacións, pero si é posible establecer, constituír empresas mixtas, e creo que os poderes públicos están para iso.

E unha vez dito isto, como o cortés non quita o valente, asistimos a un debate sobre o punto tres, punto catro, a conta xeral e o expediente de modificación de créditos, no que fixemos unha valoración sobre a xestión da deputación. A min gustaríame tamén felicitalo como presidente da deputación pero non podo, non podo, porque non hai unha xestión, na nosa opinión, que nos permita sentirnos orgullosos da xestión desta deputación. E eu dixen moitas veces que o grupo da oposición tamén debe de sentirse orgullosa da boa marcha, porque somos co partícipes, non temos responsabilidade de goberno, pero temos responsabilidade para controlar ou para incentivar novas políticas. E o éxito da deputación é o éxito de todos, e o fracaso dunha institución é o fracaso tamén de todos, do goberno e da oposición, e gustaríanos, así como o felicito nesa iniciativa, podelo felicitar tamén como presidente da deputación pola xestión da deputación. E asistín, e asistimos todos aquí, a debates, a disquisicións entre o Sr. Erias e o Sr. Doval, sobre a planificación e a programación, eu lembro sempre ó Sr. Erias defendendo a programación, fronte á planificación que defendía o Sr. Doval, e este Pleno é unha proba palpable da ausencia de planificación, ou da ausencia de programación, como queiran vostedes chamalo.

É un Pleno onde se nos presentan nove reformados, onde se nos presentan trece convenios, onde hai dous puntos, a terceira e última fase do Plan 2000 de ambiente e a sétima e última fase do Plan 99 de ambiente; a terceira e última fase do Plan deportes do 2000; a aprobación do Plan de vías provinciais, que é simplemente a aprobación dunha vía, a rúa do Repicho e Oleiros; un convenio para a campaña de incendios forestais, que é algo que se fai tódolos anos, é algo reiterativo; o traslado da sesión ordinaria para o 14 de setembro e a aprobación da primeira relación do Plan de pequenas obras a municipios, comprenden 3 millóns de pesetas a cada municipio, é dicir, é un Pleno que pon de manifesto o que é a deputación, é dicir, os reformados, e non vou falar dos reformados porque o que hai que facer é, se están as cousas mal, pois hai que facer as obras, e se hai que poñer máis diñeiro pois haberá que poñer máis diñeiro, porque non imos deixar as obras a medio terminar, agora o que esixe tamén é unha disposición por parte do poder político da deputación para evitar que teñamos que soportar reformado tras reformado, que se revisen os proxectos e que se esixa ós concellos que presenten proxectos ben feitos, que se lle dea o prazo suficiente para poder encargar un proxecto e presentar un bo proxecto, e que se esixa tamén ós servizos desta casa que cando teñen que facer proxectos, que fagan proxectos ben feitos.

Polo tanto, ¿que imos dicir nos reformados?, pois votar que si, non podemos deixar os concellos sen obras, se hai que facer máis unidades de obra, ou hai que facer reformados,

haberá que tomar as medidas necesarias para que iso sexa posible, pero iso esixe unha contrapartida, controlemos os proxectos e evitemos no futuro a presenza de reformados.

Con respecto ós convenios, ¿que imos dicir?, hai algúns que son razoables, outros que non son razoables. Imos votar que si en tódolos convenios excepto no 21 e no 23, e imos votar que si en tódolos puntos, nos 30 puntos restantes, cunha salvidade, no punto 35 e punto 36. O noso desexo e a nosa decisión como grupo era absternos no punto 35 e 36; chamounos o portavoz do grupo popular e díxonos que, pola enfermidade dun Sr. deputado que todos coñecemos, non pode estar aquí, estes dous puntos necesitan a maioría absoluta. Como non é un tema fundamental, nin afecta ás nosas conviccións ideolóxicas, imos votar que si tamén no punto 35 e 36.

E este, Sr. presidente, coa venia do Sr. Doval, que noutro Pleno anterior en que fixo unha intervención global sobre tódolos puntos, é a única intervención que o grupo socialista vai facer no que queda de Pleno, votar que si a tódolos puntos, excepto a abstención do 21 e 22, e votamos que si polas razóns que dixen, porque as obras dos reformados hai que facelas, -21 e 23, Sr. presidente-, hai que facelas, hai que evitar que isto pase metendo máis control nos proxectos. Os convenios son actuacións excepcionais, deberían de ser actuacións excepcionais da deputación, pero estanse convertendo en cousas normais, e creo que non é adecuado, pero ben, se vostedes queren facer convenios, que non se diga que por culpa do grupo socialista non se fan convenios. Teriamos algunhas cousas que dicir con respecto a algún, pero fagan vostedes o que consideren que deban de facer.

E máis nada, Sr. presidente, reiterarlle a felicitación por esta iniciativa que tivo, e non dubide no futuro en seguir téndoas e, desde logo, viaxe vostede como queira, pero é presidente da deputación, e se viaxar como presidente da deputación lle dá outro nivel de interlocución, non dubide vostede en utilizar o título que ten, que para iso o ten, e é presidente, e non dubide incluso en viaxar con cargo ós orzamentos da deputación, porque tampouco hai por que gravar a un concello con estas cuestións que non benefician a un municipio, senón que benefician a moitas familias de moitos concellos da provincia.

#### Sr. presidente

Moitas gracias polas súas palabras, Sr. Fernández Moreda, agradézollas de todo corazón, e é verdade que fun como alcalde de Ribeira intentando paliar o problema que este pobo ten, e a verdade que houbo unha acollida estupenda por parte do ministro do Reinio alauita, e o gabinete do seu ministerio, e de verdade que seguirei sempre defendendo os intereses de Ribeira neste sentido e noutro. Teño que dicir tamén que a Xunta de Galicia, e concretamente o seu presidente, que está preocupado por este tema e concienciado plenamente con este tema, independentemente que se considere que a apertura das negociacións sexa difíciles, pero el o que quere e desexa é a máxima colaboración con

Marrocos, co reino marroquí, como dixen antes, e que a flota galega saia o mellor parada deste tema. Tanto é así que vai cursar unha carta ó ministro de Pesca para, se el o ten a ben, que visite Galicia e que esa coordinación e colaboración entre Galicia e Marrocos sexa o mellor posible. Se é posible intentar que a Unión Europea abra esas negociacións, e senón que as relacións con Marrocos, esa coordinación, sexa o mellor posible, hai que facer sociedades mixtas, ou polos intercambios que haxa que facer. Pero insistir que agradezo as súas palabras, de verdade, de todo corazón, como dicía, e insistir que a Xunta e o seu presidente está preocupado por este tema, como non podía ser menos.

(Sae o Sr. González Garcés).

Moitas gracias tamén pola súa explicación e por axudarnos a finalizar este Pleno de 36 puntos, e todos sabemos que estamos ocasionando problemas de proxectos, proxectos cos seus defectos, que eu nin culparía ós concellos nin ós técnicos da deputación, senón quizais que foron proxectos alleos a esta deputación, se se quere, encargados por ela, e quizais coa urxencia e coa présa agora temos que facer estes reformados e modificados. Pero ben sabe o Sr. Fernández Moreda que hai un compromiso desta presidencia e eu creo que desta Corporación, de que todos estes proxectos aínda cos seus problemas e as súas trabas, saian todos adiante, que é o lóxico, e nesa liña esteamos, e é o que queremos facer.

Eu entendín que vostedes votarán a tódolos puntos agás o 21, e o 23, agradecerlle a postura, como non, no 35 e 36, por esa causa de forza maior que temos co compañeiro Mosquera, e sen máis doulle a palabra ó Sr. Rodríguez Doval para, se pode expornos dalgunha forma tamén a súa postura, ou o que el crea conveniente.

(Sae o Sr. Lagares Pérez).

Sr. Rodríguez Doval

Tamén nese ánimo de procurar agrupar e sintetizar ó máximo a nosa posición, como non vai ser coincidente, agrupámola onde a poidamos agrupar, e non agrupamos onde non poidamos agrupar. Entón, direille que no punto 5, 6, 7, 8, 9 e 10 o noso voto vai ser favorable; nos puntos 11, 12 e 13 imos absternos en coherencia co que xa dixeramos, e a partir de aí, como mesmo vai haber algunha intervención, non agrupo máis, ou sexa, que nesta agrupación chegamos ó 13, e direille que, efectivamente, como vostede di, a culpa do dos reformados, nin foi dos concellos, nin foi da deputación, como dicía a canción de Gabinete Caligari, a culpa foi do cha-cha-chá.

Sr. presidente

Moitas gracias por ese cha-cha-chá tan breve.



## VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados ( 15 do PP, 8 do PSOE e 3 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 2 deputados (PSOE - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico).

## ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Malpica tocante ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0090.0	Cubrición palco de Cambre, subministración praza	4.123.312	670.713	365.304	5.159.329

## **6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISCINA CUBERTA 1ª FASE, PL. DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NO POS 2000 E 2001. CÓDIGO 00.2100.0222.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Cee relativa ó proxecto reformado da obra plurianual que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario con data do 25 de febreiro de 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar as obras que se relacionan de seguido, que non supoñen variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Orzamento ano 2000</u>	<u>Orzamento ano 2001</u>	<u>Orzamento Total</u>
---------------	---------------------	-------------------------------	-------------------------------	----------------------------

00.2100.0222.0	Piscina cuberta, 1ª Fase, PI	34.493.049	24.145.134	58.638.183
----------------	------------------------------	------------	------------	------------

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA CUBRICIÓN POLIDEPORTIVA IÑÁS, DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO POS 2000. CÓDIGO 00.2100.0290.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Oleiros relativa ó proxecto reformado da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2000 que foi aprobado mediante acordo plenario do 25 de febreiro de 2000.

Aprobar o proxecto reformado para executar da obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha ni no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2000 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Orzamento Total</u>
00.2100.0290.0	Cubrición polideportivo de Iñas	21.393.884	6.034.172	27.428.056

**8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 4604 DO P.K. 14,600 DEICA O P.K. 16,750 DE MELIDE AS PÍAS POR TOQUES, DO CONCELLO DE SOBRADO, INCLUÍDA NO POL 2000. CÓDIGO 00.2300.0007.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra Ampliación e mellora de trazado na E.P. 4604 do P.K. 14,600 ó P.K. 16,750 de Melide As Pías por Toques (concello de Sobrado), (código 00.2300.0007.0) incluída no Programa operativo local 2000, que non supón incremento de orzamento sobre o proxecto inicial e ascende á cantidade de 44.643.794 ptas. de orzamento de contrata.”

**9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NO NÚCLEO DE VALDOVIÑO, DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO POL 2000. CÓDIGO 00.2300.0010.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra Depuración de augas residuais no núcleo de Valdoviño (Concello de Valdoviño), (código 00.2300.0010.0), incluída no Programa

operativo local 2000, que non supón incremento de orzamento sobre o proxecto inicial e ascende á cantidade de 196.335.921 ptas. de orzamento de contrata.”

#### **10.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA PISTAS STREET MINIBASKET BERTAMIRÁNS DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO POS 2001 CO CÓDIGO 01.2100.0012.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a solicitude formulada polo Concello de Ames relativa á modificación da obra que máis abaixo se indica incluída no POS 2001 que foi aprobado mediante mediante acordo plenario con data do 23 de febreiro de 2001.

Aprobar a modificación do proxecto para executar a obra que a seguir se relaciona, que non supón variación ningunha nin no obxecto nin no financiamento da obra nin do POS 2001 no seu conxunto.”

<u>Código</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzament o Total</u>
01.2100.0012.0	Pistas Street Minibasket Bertamirans	12.228.688	2.642.634	1.312.901	16.184.223

#### **11.-APROBACIÓN DA 3ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN DE PROTECCIÓN DE AMBIENTE 1999-2000.**

##### VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

##### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación das obras e subministracións que se inclúen nesta terceira e última fase da anualidade 2000 do plan, no marco da Programación plurianual do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada por acordo plenario provincial do 23.04.99 e do que as bases foron aprobadas por acordo plenario do 29.01.99 e publicadas no BOP nº 24 do 30.01.99, e tendo en conta que algúns concellos se acolleron á posibilidade de cambiar as obras inicialmente incluídas na programación, ó abeiro da

“reprogramación do plan” aprobada en virtude da modificación das bases aprobada por acordos plenarios do 30.06.00 (BOP nº 152 do 04.07.00) e do 27.10.00 (BOP nº 250 do 31.10.00).

1.-Aprobar a terceira e derradeira fase da anualidade 2000 deste plan provincial, elaborada no marco desta programación, así como tamén no marco da “Reprogramación realizada do plan”, na que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo a este acordo.

O resumo dos datos de financiamento desa terceira e derradeira fase, da que os investimentos serán contratados na súa totalidade polos respectivos concellos, é o seguinte:

ADMÓN QUE CONTRATA	PARTIDA	TOTAL DO ORZAMENTO	2.000
			DEP F.P.
CONCELLO	0501/446A/76291	223.859.840	223.859.840

A aprobación da obra do concello de Mazaricos denominada Melloras área recreativa de Mazaricos, código 00.3440.0322.0 queda condicionada a que o citado concello remita certificación acreditativa da titularidade municipal dos terreos, así como a que os servizos técnicos provinciais realicen a supervisión favorable do proxecto.

Os concellos que non acreditaron contar coas autorizacións e concesións administrativas precisas para a execución das obras incluídas nesta fase, deberán acreditar a súa obtención con anterioridade á contratación dos investimentos.

2.- Condiciona-la aprobación desta 3ª e última fase da anualidade 2000 do Plan de Protección do Ambiente 1999-2000, á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito 3/2001 que se aprobará no Pleno da Deputación do 27.07.01, no que tamén se aprobará esta fase.

3.- Somete-lo presente acordo a exposición pública polo prazo de 10 días, mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se consideren oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.”

**PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO  
AMBIENTE 1999-2000**

ANEXO APROBACIÓN DAS OBRAS  
3ª FASE DA ANUALIDADE 2000

CONCELLO					ANO 2000	
Nº	CONC.	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZTO.	DEP. F.P.	
1	ABEGONDO	00.3440.0347.0	CANAL. AUGAS PLUVIAISE FECAISS. TIRSO MABEGONDO (1)		2.520.100	2.520.100
	SUBTOTAL				<b>2.520.100</b>	<b>2.520.100</b>
3	ARANGA	00.3440.0311.0	ACD. DE PRAZA DE PONTE ARANGA (1)		5.845.705	5.845.705
	SUBTOTAL				<b>5.845.705</b>	<b>5.845.705</b>
14	CABANAB.	00.3440.0312.0	CAMIÓN RECOLLEDOR-COMPACTADOR DE R.S.U. (1)		14.337.680	14.337.680
		00.3440.0313.0	ADQ. COLECTORES R.S.U. E DISPOSITIVOS SUXEIÇÃO (1)		1.162.320	1.162.320
	SUBTOTAL				<b>15.500.000</b>	<b>15.500.000</b>
16	CAMARIÑAS	00.3440.0314.0	EQUIP. AUX. RECOLL. RESIDUOS SÓLIDOS		3.242.221	3.242.221
	SUBTOTAL				<b>3.242.221</b>	<b>3.242.221</b>
24	CERCEDA	00.3440.0315.0	AMPLIAC. E MELLORA ÁREAS RECREATIVAS		5.000.000	5.000.000
		00.3440.0316.0	ÁREA OCIO NA SILVA-RODÍS		7.500.000	7.500.000
	SUBTOTAL				<b>12.500.000</b>	<b>12.500.000</b>
25	CERDIDO	00.3440.0317.0	MELLORA ÁREA RECREATIVA O CASTRO (1)		3.912.218	3.912.218
	SUBTOTAL				<b>3.912.218</b>	<b>3.912.218</b>
31	CULLEREDO	00.3440.0318.0	LIM. VERTEDOIROS E SOLOS DEGRADADOS		4.990.000	4.990.000
	SUBTOTAL				<b>4.990.000</b>	<b>4.990.000</b>
39	IRIXOA	00.3440.0319.0	MELL. INFRAEST. POTENCIA. TURISMO E MEDIO NATURAL (1)		19.500.000	19.500.000
	SUBTOTAL				<b>19.500.000</b>	<b>19.500.000</b>

43	MALPICA	00.3440.0320.0	VARREDORA VIAL (1)	8.700.000	8.700.000
		00.3440.0321.0	BANCOS E PAPELEIRAS PARA O PASEO MARÍTIMO (1)	1.241.515	1.241.515
	SUBTOTAL			<b>9.941.515</b>	<b>9.941.515</b>
44	MAÑÓN	00.3440.0322.0	AREA RECREATIVA PONTE SEGADE, 1ª FASE	16.300.000	16.300.000
	SUBTOTAL			<b>16.300.000</b>	<b>16.300.000</b>
45	MAZARICOS	00.3440.0323.0	MELLORAS AREA RECREATIVA MAZARICOS	4.990.742	4.990.742
	SUBTOTAL			<b>4.990.742</b>	<b>4.990.742</b>
46	MELIDE	00.3440.0324.0	SIN. DO MUNICIPIO MEDIANTE CARTEIS INFORMATIVOS(1)	7.355.479	7.355.479
	SUBTOTAL			<b>7.355.479</b>	<b>7.355.479</b>
49	MOECHE	00.3440.0325.0	SIN. PATRIMONIO ARQUI. ETNOG. ARQUEOLOX.	2.396.434	2.396.434
		00.3440.0326.0	CONSTR. STAND. CUBERTO E ABERTO	4.974.135	4.974.135
		00.3440.0327.0	RENOV. E RECUP. PAISAXE CARBALL. S. RAMÓN E PROT.ESP. (1)	5.787.264	5.787.264
	SUBTOTAL			<b>13.157.833</b>	<b>13.157.833</b>
52	MUXÍA	00.3440.0328.0	MELLORA ARREDORES DA BARCA EMORAIME	3.074.128	3.074.128
	SUBTOTAL			<b>3.074.128</b>	<b>3.074.128</b>
59	ORDES	00.3440.0329.0	RECU. ARREDORES ANT. DEPURADORA MARX. RIO	5.157.433	5.157.433
	SUBTOTAL			<b>5.157.433</b>	<b>5.157.433</b>
69	PONTE DEUME	00.3440.0330.0	REDE DE SANEAMENTO EN SANCIBRAO (1)	3.294.187	3.294.187
		00.3440.0331.0	REDE DE SANEAMENTO EN CENTROÑA (1)	3.611.600	3.611.600
		00.3440.0332.0	REDE DE SANEAMENTO EN FIGUEIRIDO (1)	14.442.420	14.442.420
	SUBTOTAL			<b>21.348.207</b>	<b>21.348.207</b>
70	PONTES, AS	00.3440.0333.0	SANEAMENTO ARBOREDA NO PARQUE DA FRAGA (1)	2.498.701	2.498.701
	SUBTOTAL			<b>2.498.701</b>	<b>2.498.701</b>
71	PORTO DO SON	00.3440.0334.0	URBANIZACIÓN PARQUE AGUIEIRA (1)	4.890.089	4.890.089
		00.3440.0335.0	SINALIZACIÓN PISTAS MUNICIPAIS (1)	4.853.764	4.853.764
		00.3440.0336.0	MELLORAS EXPLANADA DE PORTO DO SON (1)	4.827.375	4.827.375
	SUBTOTAL			<b>14.571.228</b>	<b>14.571.228</b>

76	S.SADURNIÑO	00.3440.0337.0	AREA RECREATIVA ENCAMIÑO DE ARRIBA (MONTE)	4.159.960	4.159.960
		00.3440.0338.0	AREA RECREATIVA BEIRASRIO CASTRO (IGREXAFEITA)	<b>6.343.994</b>	<b>6.343.994</b>
		00.3440.0339.0	LIMP. E REXEN. MARXERIOS XUBIA E BAÑOCA	3.187.893	3.187.893
	SUBTOTAL			<b>13.691.847</b>	<b>13.691.847</b>
77	STA. COMBA	00.3440.0340.0	SAN.COMPLEXO DEPORTIVO STA. COMBA	7.372.866	7.372.866
		00.3440.0341.0	SANEAMENTO NUCLEO AS FARIÑAS	2.042.617	2.042.617
	SUBTOTAL			<b>9.415.483</b>	<b>9.415.483</b>
82	TEO	00.3440.0342.0	ACOND. ARREDORES FONTE DA BURGA FASE A	6.337.907	6.337.907
	SUBTOTAL			<b>6.337.907</b>	<b>6.337.907</b>
83	TOQUES	00.3440.0343.0	INST. PROTECC. LEBRE-COELLO AUTÓC.	4.946.333	4.946.333
	SUBTOTAL			<b>4.946.333</b>	<b>4.946.333</b>
84	TORDOIA	00.3440.0344.0	ACD. AREAS RECREATIVAS TORDOIA	7.475.000	7.475.000
	SUBTOTAL			<b>7.475.000</b>	<b>7.475.000</b>
85	TOURO	00.3440.0345.0	RECUP. DO PARQUE DO ANEL DE TOURO(1)	8.568.150	8.568.150
	SUBTOTAL			<b>8.568.150</b>	<b>8.568.150</b>
94	CARIÑO	00.3440.0346.0	DOTACIÓN DEPURADORA LUGAR FIGUEIROA	7.019.610	7.019.610
	SUBTOTAL			<b>7.019.610</b>	<b>7.019.610</b>
		Nº DE CONCELLOS	25		
		Nº DE OBRAS		37	
		ORZAMENTO TOTAL		<b>223.859.840</b>	

(1) Obras novas non previstas na Programación purianual, solicitadas polos concellos ó abeiro da nova base 11 das reguladoras do Plan 2000 de ambiente 1999-2000 aprobada mediante acordo plenario do 30.06.00 e modificada mediante acordo plenario do 27.10.00.

## **12.-APROBACIÓN DA 7ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 1999 DO PLAN DE PROTECCIÓN DE AMBIENTE 1999-2000.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vista a documentación das obras e subministracións que se inclúen nesta sétima e derradeira fase da anualidade 99 do plan, no marco da Programación plurianual do Plan 2000 de protección do ambiente 1999-2000, aprobada por acordo plenario provincial do 23.04.99 e do que as bases foron aprobadas po acordo plenario do 29.01.99 e publicadas no BOP nº 24 do 30.01.99, e tendo en conta que algúns concellos se acolleron á posibilidade de cambiar as obras inicialmente incluídas na programación, ó abeiro da “reprogramación do plan” efectuada en virtude da modificación das bases aprobada por acordos plenarios provinciais do 30.06.00 (Bop nº 152 do 04.07.00) e 27.10.00 (Bop nº 250 do 31.10.00).

1.-Aprobar a sétima e derradeira fase da anualidade de 1999 deste plan provincial, elaborada no marco desta programación, na que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo a este acordo.

O resumo dos datos de financiamento desta sétima fase, da que os investimentos serán contratados na súa totalidade polos respectivos concellos, é o seguinte:

ADMÓN QUE CONTRATA	PARTIDA	TOTAL DO ORZAMENTO	1.999	2.000
CONCELLO	0501/446A/76291	79.150.669	44.863.306	34.287.363

2.-Condicionar a aprobación desta 7ª e derradeira fase da anualidade 1999 do Plan de protección do ambiente 1999-2000, á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2001 que se aprobará no Pleno da deputación do 27.07.2001, no que tamén se aprobará esta fase.

3.-Someter o presente acordo a exposición pública polo prazo de 10 días, mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que estimen



oportunas, así como remítalo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentaren alegacións ou reclamacións a este, entenderase definitivamente aprobado.

4.-Modificar expresamente as porcentaxes anuais de gastos plurianuais fixados no artigo 155.5 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en uso das facultades conferidas ó Pleno da corporación no citado artigo.”

**PLAN 2000 DE PROTECCIÓN DO  
AMBIENTE 1999-2000**

ANEXO APROBACIÓN DAS OBRAS  
7ª FASE DA ANUALIDADE 1999

CONCELLO CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZTO.	TOTAL DEP.F.P.	TOTAL 99 DEP.F.P.	ANO 2000	Nº CONC.
8	BERGONDO	99.3440.0136.0	SAN. BERGONDO: COLEC. BERGONDO-STA. MARTA BAB. (1)	24.837.201	8.792.369	16.044.832
	SUBTOTAL			24.837.201		
24	CERCEDA	99.3440.0137.0	RUTAS E SENDEIROS EN CERCEDA 1ª FASE	3.597.322	3.597.322	
	SUBTOTAL			3.597.322		
43	MALPICA	99.3440.0138.0	MIRADOR E ESCALINATA EN ATALAIA	4.990.170	4.990.170	
	SUBTOTAL			4.990.170		
71	PORTO DO S.	99.3440.0139.0	ADQUIS. MÁQUINA LIMPIA PRAIASE BOI ASSINALIZACIÓN (1)	4.739.962	4.739.962	
		99.3440.0140.0	ADQUISICIÓN ACCESORIOS TRACTOR (1)	4.975.464	4.975.464	
	SUBTOTAL			9.715.426		
76	S. SADURNIÑO	99.3440.0141.0	ACD. E AMPLIACIÓN ÁREA RECREATIVA EN CORRAS PL. (1)	8.995.249	6.902.718	2.092.531
	SUBTOTAL			8.995.249		
79	SANTISO	99.3440.0142.0	MUSEU DA NATUREZA (1)	25.000.000	8.850.000	16.150.000
	SUBTOTAL			25.000.000		
91	VILARMAIOR	99.3440.0143.0	SANEAMENTO NÚCLEO IGREXA GRANDAL	2.015.301	2.015.301	
	SUBTOTAL			2.015.301		
	DATOS GLOBAIS					
	Nº CONCELLOS 7					
	Nº OBRAS			8		
	ORZAMENTO TOTAL			79.150.669	44.863.306	34.287.363

(1)Obra nova non prevista na Programación plurianual, solicitada polo concello ó abeiro da nova base 11 das reguladoras do Plan 2000 de ambiente 1999-2000, aprobada mediante acordo plenario do 30.06.00 e modificada mediante acordo plenario do 27.10.00.

### **13.-APROBACIÓN DA 3ª E DERRADEIRA FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES 1998-2001.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os proxectos técnicos adaptados ás parcelas das instalacións que se indica no anexo a este acordo, incluídas na programación plurianual do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, que foi aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29 de maio de 1998 e do que as bases reguladoras foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 27.02.1998 e publicadas no BOP nº 48 do 28.02.1998.

Visto o acordo plenario da deputación con data do 29.09.00 polo que se aproba o cambio de instalación deportiva solicitado polo Concello de Laxe dentro do Plan 2000 deportes, no que se inclúe dentro deste Plan provincial a obra denominada Piscina descuberta en Campo Lago, en lugar da instalación Campo de fútbol en Campo do Lago-módulos 2, 3, 4a, 5, 6a e 7.

Vista a documentación xustificativa remitida polos respectivos concellos, así como, os informes técnicos favorables emitidos polo Servicio Provincial de Arquitectura.

1ª.-Aprobar a terceira e derradeira fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes na que se inclúe a realización das instalacións deportivas que se relacionan no anexo a este acordo e do que o detalle de distribución do financiamento entre deputación e concellos é o que se detalla nel.

2ª.-Aprobar os proxectos técnicos e contratos conexos das obras incluídas nesta fase.

3ª.-As cifras globais de financiamento desta fase son as seguintes:

Achegas	Anualidade 2000	Anualidade 2001	Total
DEPUTACIÓN	38.848.941	28.100.589	66.949.530
ACHEGA CONCELLOS	0	0	0
CONCELLO PLAN 2000 INFR.	11.295.000	0	11.295.000
<b>TOTAL</b>	50.143.941	28.100.589	78.244.530

O financiamento deste plan realízase con cargo á partida 0501/452D/60189 do vixente orzamento provincial.

5ª.-Someter o presente plan a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.”

## ANEXO Ó EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES

Código Concello/Denominación/Módulos		Presuposto total	1998	1999	2000	2001	
00-3420-0132.0	LAXE	Deputación	58.812.589	0	0	30.712.000	28.100.589
		Achega Concello	0	0	0		
	PISCINA DESCUBERTA CAMPO DO LAGO	Conc.P. 2000 Infraest.	10.470.000			10.470.000	0
		Total	69.282.589	0	0	41.182.000	28.100.589
00-3420-0132.1	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	1.024.500	0	0	1.024.500	0
00-3420-0132.2	HONORARIOS COOR.SEGURIDADE E SAÚDE	Deputación	520.321	0	0	520.321	0
00-3240-0132.3	HONORARIOS CODIRECCIÓN	Deputación	789.313	0	0	789.313	0
00-3420-0132.4	TARIFA VII	Deputación	452.661	0	0	452.661	0
		Total Concello	72.069.384	0	0	43.968.795	28.100.589
00-3420-0143.0	TORDOIA	Deputación	5.289.006	0	0	5.289.006	0
		Achega Concello	0	0	0	0	0
	CAMPO DE FÚTBOL DE VILADABADE 5	Conc.P. 2000 Infraest.	825.000			825.000	
		Total	6.114.006	0	0	6.114.006	0
00-3420-0143.1	CONTROL DE CALIDADE	Deputación	61.140	0	0	61.140	0
		Total Concello	6.175.146	0	0	6.175.146	0
	RESUMO DA 3ª FASE	Deputación	66.949.530	0	0	38.848.941	28.100.589
		Achega Concello	0	0	0	0	0
		Conc.P. 2000 Infraest.	11.295.000	0	0	11.295.000	0
		TOTAL	78.244.530	0	0	50.143.941	28.100.589



**14.-APROBACIÓN E CAMBIO DE PARCELA DA OBRA CAMPO DE FÚTBOL DE FORTE-MÓDULO 1 (VESTIARIOS), DO CONCELLO DE CESURAS, INCLUÍDA NA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2000 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 00.3420.0128.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o cambio de parcela da obra Campo de fútbol en Forte do Concello de Cesuras, código 00.3420.0128.0, que foi incluída na 1ª fase da anualidade 2000 do Plan 2000 deportes, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 29.09.00, dado que o cambio formulado só afecta a situación das instalacións (vestiarios), xa que o proxecto técnico correspondente a esta obra non varía, nin tampouco o seu orzamento experimenta variación económica ningunha.”

**15.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA OBRA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE SANTA MARÍA, DO CONCELLO DE ARZÚA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. CÓDIGO 98.3420.0010.0.**

INTERVENCIONS

Sr. Rodríguez Doval

Indicarei que tanto no punto número 15, coma no 16, en todo caso, tamén indicarei que o voto coincidente non ten nada que ver coa coincidencia do concello, xa o dixen na comisión para que non se entenda que é un problema co concello de Arzúa, nin moito menos, senón que se trata dunha posición homologada que estivemos mantendo naqueles casos nos que se produce aumento, neste caso incluso tamén considerable, respecto do proxecto inicial. En coherencia co que dixemos noutros casos, tanto no 15 coma no 16, imos manter unha posición de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO



Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato que se tramita en relación á obra denominada Pavillón polideportivo Santa María, do Concello de Arzúa, co código 98.3420.0010.0, incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento en relación coas unidades de obra pendentes de executar do proxecto inicial:

1º.-Aprobar por un importe total de 47.988.726.- ptas. sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra Pavillón polideportivo Santa María, do concello de Arzúa, co código 98.3420.0010.5.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 12.213.284.- ptas. sobre contrata.

Este incremento finánciao integramente a deputación.

Con isto, os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

<b>Proxecto novo ( Código 98.3420.0010.5)</b>		
Achegas	Orzamento de contrata	Incremento (Novo - Pdte. do inicial)
Deputación	42.915.468	12.213.284
Concello	5.073.258	
<b>Total....</b>	47.988.726	12.213.284

2º.-Unha vez aprobada a certificación xustificativa da liquidación por resolución do contrato, dar por terminada a obra do concello de Arzúa denominada Pavillón polideportivo en Santa María, código nº 98.3420.0010.0, que foi executada parcialmente polo primeiro contratista adxudicatario, ascendendo o executado a 20.286.123.- ptas. sobre contrata e 19.535.537.- Ptas. sobre adxudicación e que foi incluída na 2ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 Deportes, aprobada polo pleno da Deputación na sesión celebrada o 31-7-98, por estar en trámite a resolución do contrato e estar afectada a mesma por un proxecto novo de financiamento con incremento.

3º.- Crea-la ficha informática correspondente ó proxecto de finalización da obra con incremento co código 98.3420.0010.5.

4º.- Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. co obxecto de que se formulen as alegacións que se

estimen oportunas, así como remítalo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións ó mesmo, entenderase definitivamente aprobado.”

**16.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA PISCINA CUBERTA EN ARZÚA, INCLUÍDA NA 2ª FASE DA 1ª PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS 1997-2001. CÓDIGO 99.7450.0003.5.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 23 deputados (15 do PP e 8 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar por un importe total de 220.659.288 pesetas sobre o orzamento de contrata, o proxecto reformado da obra Piscina cuberta do concello de Arzúa, código 99.7450.0003.0, que foi incluída na 2ª fase da primeira programación plurianual do convenio Xunta-deputación das instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de marzo de 1999.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado, que ascende a 36.191.585 pesetas sobre contrata e 35.471.372 pesetas sobre adxudicación.

O citado incremento financiarao integramente a deputación e asígnaselle o código 2001.7450.0003.6.

Por isto, os datos de financiamento da obra calculados sobre o orzamento de contrata ofrecen o seguinte resumo:

	<b>FINANCIAMENTO REFORMADO</b>			
	<b>Anualidade 1999</b>	<b>Anualidade 2000</b>	<b>Anualidade 2001</b>	<b>Total</b>
Deputación	58.146.398	44.588.409	72.924.481	<b>175.659.288</b>

Concello Plan 2000 Infraestructuras		14.000.000	31.000.000	<b>45.000.000</b>
<b>Total</b>	<b>58.146.398</b>	<b>58.588.409</b>	<b>103.924.481</b>	<b>220.659.288</b>

2.-Someter este expediente a exposición pública polo prazo de 10 días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.”

### **17.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2001, 2ª FASE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar o Plan de vías provinciais de 2001, 2ª fase e tomar en consideración o proxecto incluído nel, cun orzamento total de 16.139.224.- ptas., con cargo á partida 0401/511B/601.03.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	P. EXECUCIÓN
PAVIMENTACIÓN CAMIÑO O REPICHO	16.139.224	45 DÍAS

O financiamento do importe total das obras será o seguinte:

Deputación préstamo: 8.069.612.- ptas.

Concello de Oleiros: 8.069.612.- ptas.

2º.-Expor ó público o proxecto mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado.”

### **18.-CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAI NO ANO 2001.**

(Entra o Sr. Lagares Pérez).

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aproba-la subscripción dun convenio coa Real Academia Galega para o financiamento de actividades culturais no ano 2001, segundo o seguinte texto:

## **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para a realización de actividades culturais no ano dous mil un.**

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación Provincial

### **REUNIDOS**

D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña.

D. Francisco Fernández del Riego, Presidente da Real Academia Galega.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

### **MANIFESTAN**

Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia, e máis concretamente en materia de cultura, educación e deporte, segundo o disposto pola Lei 5/97 de 22 de xullo, nos seus artigos 109 e 118, o que se vén desenvolvendo a través da concesión de axudas e subvencións ás entidades da provincia que contribúan coa súa actividade ó desenvolvemento dos intereses peculiares dela.

Que en virtude das consideracións anteriores, con cargo ó Presuposto de 2001, na súa base de execución núm. 46, foi aprobada a concesión dunha subvención nominativa para o financiamento de actividades culturais da Real Academia Galega no ano 2001, por importe de 3.000.000.-

Que co fin de establece-las condicións de colaboración necesarias, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega, acordan subscribi-lo presente convenio, segundo as seguintes

### **CLAÚSULAS**

#### **PRIMEIRA**

O presente convenio ten por obxecto a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento das actividades da Real Academia Galega no ano 2001, cunha achega de 3.000.000 de ptas.

## **SEGUNDA**

Os gastos xerais a que se refire a cláusula anterior inclúen os conceptos seguintes:

**\*Honorarios conservadora técnica de museos**

**\*Publicación da revista “As letras da academia”**

## **TERCEIRA**

A Real Academia Galega fará constar de forma expresa a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade e divulgación que, das súas actividades, realice.

## **CUARTA**

O importe da cantidade sinalada na cláusula primeira transferirase á Real Academia Galega, en tres prazos como máximo, conforme se vaian xustificando os gastos correspondentes, e por importe das cantidades xustificadas, sempre que éstas non superen o importe da achega mencionada. As xustificacións materializaranse por medio de certificacións dos pagos realizados.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade realmente xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade de 3.000.000.- ptas. que se establece na cláusula primeira.

Os pagos requirirán os informes favorables da sección de Cultura e Deportes, e dos servicios de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

A falta de xustificación no prazo sinalado, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado, ó que se lle engadirá o correspondente xuro de mora, calculado dende a data da achega do primeiro prazo.

## **QUINTA**

O seguimento da execución do convenio realízao a sección de Cultura e Deportes da Deputación, constituíndose, ademáis, unha comisión mixta que, integrada por dous representantes de cada unha das partes, resolverá as controversias que puideran xurdir.

## **SEXTA**

Este convenio terá vixencia ata o trinta e un de decembro de 2001. A xustificación documental dos gastos derivados do cumprimento daquel haberán de presentalos antes do 31 de marzo de 2002.

## **SÉTIMA**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con él serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e dan no lugar e data indicados no encabezamento.

## **ANEXO**

### **PRESUPOSTO**

<b>1.-Honorarios conservadora</b>	<b>1.650.000.- Ptas.</b>
<b>2.-Publicación revista</b>	<b>1.350.000.- Ptas.</b>
<b>Total</b>	<b>3.000.000.- Ptas.</b>

2.-Facultar á Presidencia para a realización das actuacións precisas par a súa subscrición.”

### **19.-CONVENIO COA REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DUN CICLO DE CONFERENCIAS MÉDICAS E DE CIENCIAS DA SAÚDE NA PROVINCIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a subscrición dun convenio coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para o financiamento dun ciclo de conferencias médicas e de ciencias da saúde na provincia, segundo o seguinte texto:

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para o financiamento dos gastos de organización de ciclos de conferencias médicas e de ciencias da saúde .**

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación provincial.

## **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excmo. Deputación da Coruña, asistido polo secretario xeral desta, D. José Luis Almau Supervía.

O Excmo. Sr. D. Francisco Reyes Oliveros, Presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

### **MANIFESTAN**

Que ámbalas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten prevista a organización de conferencias médicas e, en xeral, sobre temas relacionados coas ciencias da saúde.

Que a Deputación da Coruña, conscente da importancia que ten a difusión dos coñecementos médicos para mellorar o nivel sanitario da poboación da provincia e, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades para incidir na mellora da saúde pública, ten a intención de impulsar o desenvolvemento daquelas prácticas que contribúan ó coñecemento dos temas relacionados coa saúde.

En función das consideracións anteriores, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración consonte coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.-**

O obxecto do presente convenio consiste na celebración por parte da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, dunha serie de ciclos de conferencias médicas e sanitarias, de carácter divulgativo, que terán lugar na provincia da Coruña.

#### **SEGUNDA.-**

Os ciclos terán unha duración de tres días en cada un dos seguintes concellos: A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Cee e Ribeira, impartíndose unha conferencia diaria, e a achega da Deputación ascenderá á cantidade de ptas. 2.395.290.-

#### **TERCEIRA.-**

As conferencias serán impartidas por académicos numerarios e correspondentes da Real Academia, así como por outros profesionais das ciencias da saúde.

#### **CUARTA.-**

A Real Academia comprométese a asesorar á Deputación da Coruña en todas aquelas cuestións de carácter sanitario que esta considere conveniente.

#### **QUINTA.-**

A Real Academia de Medicina e Cirurxía ocuparase da organización dos ciclos de conferencia en tódolos seus aspectos, desde a contratación dos conferenciantes e o aboamento dos honorarios que proceda, ata as relacións cos concellos: localización de salas, reserva delas, etc.

#### **SEXTA.-**

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia autorizará, con carácter gratuíto e trala solicitude da deputación, o uso do seu salón de actos para celebrar conferencias, ou de calquera outra actividade que a deputación realice, dentro das actividades culturais que con carácter habitual veñen celebrando por mor dos fallos dos premios que este organismo convoca anualmente, e con posibilidade de utilización do servizo de audiovisuais.

#### **SÉTIMA.-**

A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador dos ciclos para o cal se fará constar de forma expresa o dito patrocinio en toda a publicidade que para estes se realice.

#### **OITAVA.-**

A Deputación comprométese a editar tanto a propaganda necesaria para dar a coñecer o programa, como os carteis anunciadores del.

#### **NOVENA.-**

O importe da cantidade sinalada na cláusula primeira será transferida á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia da forma seguinte:



\*O 50% ó finalizar o primeiro ciclo de conferencias que terá lugar na Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol.

\*O 50% ó finalizar o segundo ciclo de conferencias, que se ha impartir nas poboacións de Ribeira e Cee.

Ámbolos pagamentos esixirán a xustificación previa dos gastos, a través das correspondentes facturas ou certificación detallada dos pagamentos realizados polos conceptos a que se refire o obxecto do convenio, expedida polo Sr. secretario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia co visto e prace do Sr. presidente.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da deputación ata a cantidade efectivamente xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na cláusula primeira.

#### **DÉCIMA.-**

O prazo de vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro do ano 2001.

A xustificación documental dos gastos materiais e persoais derivados do cumprimento do presente convenio deberá presentarse antes do 31 de xaneiro do ano 2002; a falta de presentación da dita documentación no prazo indicado, sen que medie solicitude razoada de prórroga, dará lugar ó reintegro do importe percibido e non xustificado ó que se lle deberá engadir o correspondente xuro de mora, calculado desde a data da achega do primeiro prazo.

A achega da deputación ó presente convenio será incompatible con calquera outra subvención de natureza pública ou privada para o mesmo fin.

#### **UNDÉCIMA.-**

Para o seguimento do presente convenio e para a resolución das posibles controversias que puideran surxir poderase constituír unha comisión paritaria que estará composta por dous representantes da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

#### **DUODÉCIMA.-**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan surxir en relación co antedito serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

O que en proba de conformidade asinan as partes no lugar e data indicados na cabeceira.

### ANEXO

#### ORZAMENTO DE GASTOS

Gastos de conferenciantes	525.000 ptas.
Gastos por desprazamentos	820.290 ptas.
Gastos de imprenta	350.000 ptas.
Gastos de secretaría e organización	700.000 ptas.
Total	2.395.290 ptas.”

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.”

(Entra o Sr. González Gacés).

#### **20.-CONVENIO COA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS NA CASA MUSEO, EDIFICACIÓNS COMPLEMENTARIAS E HORTA.**

#### INTERVENCIONES

Sra. Santiago López

Nesta intervención intentarei agrupar toda esta nutrida actividade convencional que ten a deputación para este Pleno, aínda que o voto vai ser desigual, iniciabamos os dous primeiros convenios cun voto positivo, porque entendiamos que dada a singularidade e a existencia única destas dúas institucións, efectivamente, era cuestión suficiente como para poder apoiar estes convenios.

Sen embargo, nos convenios que se nos presentan a continuación, como ben facía na súa intervención o noso voceiro, cando se facía referencia ó expediente de modificación de créditos, o noso voto non vai poder ser o mesmo.

Xa anunciabamos na comisión o noso voto negativo para os puntos 20, 21, 22, 23 e 24, aínda que nalgún deles, a verdade é que o corpo pedíanos votar favorablemente. Pero, como creo que xa a nosa argumentación vén sendo repetitiva, creo que vai pasar á historia como a máis repetitiva nesta deputación, e insistimos na necesidade de que se retome o tema

dos convenios, fágase unha parada e unha reflexión, sobre todo se queremos ter en conta os informes técnicos que nos presentan os servicios desta deputación, informes contrarios, non se pode emitir informes favorables na maior parte destes convenios, e aínda que insistimos en que non queremos entrar no que é o fondo nin no traballo que están facendo moitas desas entidades, que seguramente compartiríamos e aplaudiríamos o traballo que están facendo, sería o caso ó mellor do Centro de Estampa, ou incluso o convenio co Arcebispado para o tratamento de toda esa información de vital importancia, ou mesmo a Fundación Rosalía de Castro, que con outras argumentacións reclamabamos a diferenciación que se facía con esta fundación con respecto a outras. Pero, seguimos insistindo, é alarmante que, un tras outro, estes convenios veñan sendo informados desfavorablemente por parte dos técnicos. Rogariamos que se tomen un tempo de reflexión, a necesidade e cremos, estamos convencidos de que hai posibilidade de crear unha liña de subvencións, unhas bases concretas que permitan especificidades diferentes de entidades, fundacións, que fan actividades de interese puntual para a provincia.

É por iso, como dicía, que do 20 ó 24 o noso voto vai ser negativo. Será positivo no punto número 25 e, como xa adiantabamos na comisión, absterémonos no que se refire á modificación da forma de pagamento para o convenio do Centro de Estampa, en coherencia coa abstención que tivemos na sinatura dese convenio.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

“1.-Aproba-la subscrición dun convenio coa Fundación Rosalía de Castro para o financiamento de obras na Casa Museo, edificacións complementarias e horta, segundo o seguinte texto:

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro, para o financiamento de obras.**

A Coruña, -----

### **REUNIDOS**

O Excmo Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da Corporación, D. José Luis Almau Supervía

O Sr. D. Agustín Sixto Seco, Presidente da Fundación Rosalía de Castro, en representación desta.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

### **EXPOÑEN**

1.-Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a Fundación Rosalía de Castro é propietaria da Casa Museo de Rosalía de Castro, na Matanza (Padrón) composta por un conxunto de instalacións: Centro de Estudos Rosalianos, auditorio, oficinas, casa da gardesa, almacéns, aseos e horta.

3.-Que debido ó gran número de visitas (máis de 50.000 persoas ó ano), así como á realización de actos culturais nas súas instalacións, é preciso realizar traballos de conservación, reparacións e mellora, que non poden ser abordados pola fundación con cargo ós seus fondos.

4.-Que no Boletín Oficial do Estado de 7 de outubro de 1974, o edificio da Casa Museo foi declarado monumento histórico artístico.

5.-Que, dado o seu interese histórico artístico e, de acordo co disposto no art. 118.b) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, a Deputación da Coruña considera de gran importancia contribuír ó mantemento e mellora da Casa Museo de Rosalía de Castro e, deste xeito, colaborar na conservación e protección do patrimonio cultural de Galicia.

6.-Que, consonte o dito, e coa finalidade de establece-las condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro acordan subscribi-lo presente convenio, segundo as seguintes

### **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** O obxecto do presente convenio é o financiamento de obras de conservación e mellora na Casa Museo de Rosalía de Castro, edificacións complementarias e horta.

En concreto, a achega da Deputación da Coruña destinarase ó financiamento dos gastos que figuran no orzamento anexo a este convenio.

**SEGUNDA.-** A Deputación da Coruña financiará as obras sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **cinco millóns de pesetas** (30.050,61 euros).

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **100%** do total dos gastos, non obstante, será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

**TERCEIRA.-** Correspóndelle á Fundación Rosalía de Castro a contratación e seguimento do proxecto, execución das obras, equipamento, así como o aboamento da totalidade dos gastos que a realización destas conleva.

O proxecto ou documentación técnica das obras remitíraselle á Deputación con carácter previo á sinatura do convenio.

**CUARTA.-** A Deputación da Coruña aboará a súa achega, á presentación das correspondentes certificacións de obra e facturas, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda.

Estes pagos realizaranse nun máximo de catro prazos.

**QUINTA.-** O total do importe que ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

No caso de que o importe final das obras fose superior, calquera exceso que resultase na cantidade sinalada será por conta da Fundación Rosalía de Castro.

**SEXTA.-** O importe total da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia coas achegas doutras institucións públicas ou privadas, non poderá superar o importe total das obras.

Para estes efectos, o secretario da fundación comunicarlle á Deputación a totalidade das achegas obtidas para a realización das obras recollidas neste convenio.

No caso de que non se xustificara a totalidade dos gastos ou se tivera financiamento doutras entidades, minorarase a achega da Deputación da Coruña ata cubrir o importe da cantidade xustificada non financiada.

**SÉTIMA.-**A Fundación Rosalía de Castro comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das obras obxecto do presente convenio.

**OITAVA.-** A Fundación Rosalía de Castro deixará constancia da colaboración da Deputación da Coruña en toda a difusión ou publicidade das súas actividades.

**NOVENA.-** As obras obxecto do presente convenio deberán rematar antes do 31 de decembro de 2001 e a documentación xustificativa sinalada na cláusula cuarta remitirase á Deputación da Coruña antes do 31 de marzo de 2002.

**DÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ó acordado en tódalas cláusulas.

#### ANEXO

#### **Presuposto de gastos de obras de conservación e mellora na Casa Museo Rosalía de Castro, edificacións complementarias e horta.**

Casa Museo	888.222.-
Sala de xuntas	137.500.-
Auditorio	253.358.-
Centro de Estudos Rosalíanos	705.710.-
Horta	2.325.555.-
IVE 16%	689.655.-
<b>Total</b>	<b>5.000.000.-</b>

2.-Facultar á Presidencia para a realización das actuacións precisas para a súa subscripción.”

#### **21.-CONVENIO COA FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES NO ANO 2001.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)  
Votan en contra: 3 deputados (BNG)  
Abstéñense: 10 deputados (PSOE)

#### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aproba-la subscrición dun convenio coa Fundación Ferrol Metrópolis para o financiamento de actividades no ano 2001, segundo o seguinte texto:

**Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a fundación Ferrol Metrópolis para o financiamento de actividades.**

A Coruña,                    de                    de 2001

**REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Deputación da Coruña, asistido polo secretario da Corporación, don José Luis Almau Supervía.

O Sr. Doroteo López Martínez, presidente da fundación Ferrol Metrópolis, en representación desta.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estalles atribuídas e

**EXPOÑEN**

1.-Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a fundación Ferrol Metrópolis constituise na cidade de Ferrol o día 25 de abril de 2000, como fundación de interese galego.

3.-Que a fundación Ferrol Metrópolis ten por obxecto a promoción, estudio, desenvolvemento e investigación encamiñada á revitalización do Ferrol metropolitano e mellorar a súa imaxe interna e externa e cantas actividades e accións resulten de interese, con base a lograr unha mellora das condicións e da calidade de vida dos cidadáns do Ferrol metropolitano, sendo o seu ámbito territorial Ferrol e a súa área de influencia comarcal: Ferrolterra, Eume e Ortegal.

4.-Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomentos dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio ó desenvolvemento comarcal.

5.-Que a fundación Ferrol Metrópoli pretende acometer durante o presente ano un programa de actividades de formación, investigación e difusión orientadas á promoción e desenvolvemento da área metropolitana de Ferrol considerado de gran interese pola Deputación.

6.-Que, co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a fundación Ferrol Metrópoli acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.**- O obxecto do presente convenio é o financiamento das seguintes actividades programadas pola fundación Ferrol Metrópoli para o ano 2001:

\*Planificación estratéxica do Ferrol metropolitano: estudos de investigación orientados á promoción do desenvolvemento socioeconómico da comarca.

\*Promoción e información empresarial: apoio á posta en marcha dunha incubadora de empresas; asesoramento á creación de empresas, premio ó mellor proxecto de creación de empresas; promoción dun parque tecnolóxico.

\*Organización de conferencias e eventos.

\*Proxección exterior da área metropolitana.

\*Participación en foros nacionais e internacionais.

\*Actividades culturais e xuvenís: foro aberto de cidades da Ilustración; participación na rota do Modernismo; encontros deportivos e culturais entre xoves; xornadas e ponencias sobre a conservación do ambiente.

**SEGUNDA.**- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de cinco millóns de pesetas (30.050,61 euros).

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 35,7143% do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.



**TERCEIRA.-** Correspóndelle á fundación Ferrol Metrópoli a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de tódolos gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

**CUARTA.-** A fundación Ferrol Metrópoli comprométese coa Deputación da coruña a facilitar os seguintes servicios:

- \* Reserva de prazas para persoal da deputación en cursos, seminarios, xornadas, etc.
- \* Reserva de exemplares para a deputación das publicacións que se realicen.
- \* Entrega dos traballos de investigación á deputación
- \* Utilización do logotipo da deputación na difusión das actividades.

**QUINTA.-** Co fin de facilitar as actividades necesarias para a organización das actividades obxecto do presente convenio, a Deputación da Coruña aboaralle á fundación Ferrol Metrópoli a cantidade de 2.500.000.- ptas. á sinatura do convenio, trala presentación de aval polo citado importe.

**SEXTA.-** A Deputación da Coruña aboaralle o resto da súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, trala presentación da seguinte documentación:

- \* Certificación na que se detallan tódolos pagamentos realizados correspondentes ás actividades sinaladas na cláusula primeira.
- \* Certificación dos ingresos producidos por matrículas e achegas de entidades públicas ou privadas, se os houberse.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 35,7143% da cantidade realmente xustificada.

**SÉTIMA.-** A fundación Ferrol Metrópoli comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

**OITAVA.-** Poderá crearse unha comisión mixta de seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e un representante da fundación Ferrol Metrópoli.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

**NOVENA.-** A fundación Ferrol Metrópoli comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

**DÉCIMA.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2001.

**UNDÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

## ANEXO

### **ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN FERROL METRÓPOLI PARA O ANO 2001.**

#### **GASTOS**

Materiais de consumo	500.000.-
Gastos de persoal	4.500.000.-
Gastos de investigación	800.000.-
Alugueiros y cánones	1.100.000.-
Reparacións e conservación	250.000.-
Servicios de profesionais independentes	2.955.000.-
Transporte	900.000.-
Seguros	45.000.-

Servicios bancarios	300.000.-
Publicidade e propaganda	350.000.-
Relacións públicas	600.000.-
Correspondencia	250.000.-
Teléfono e comunicacións	1.000.000.-
Outros	450.000.-
<b>Total de gastos</b>	<b>14.000.000.-</b>

## **INGRESOS**

Consellería de Familia	8.000.000.-
Consellería de Cultura	1.000.000.-
Deputación da Coruña	5.000.000.-
<b>Total de ingresos</b>	<b>14.000.000.-</b>

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.”

## **22.-CONVENIO COA FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEDE DA FUNDACIÓN.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)  
 Votan en contra: 3 deputados (BNG)  
 Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aproba-la subscrición dun convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento de obras de acondicionamento e mellora da sede da fundación, segundo o seguinte texto:

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, para o financiamento de obras.**

A Coruña, de de 2001.

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres, Presidente da Deputación da Coruña asistido polo secretario da corporación, don José Luis Almau Supervía.

O Sr. D. Jesús Núñez Fernández, presidente da fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea (CIEC), en representación desta.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, estalles atribuídas e

### **EXPOÑEN**

- 1.-Que as dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.-Que a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea constituise na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, figurando entre os seus membros fundadores o concello da citada cidade.
- 3.-Que a fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral e a arte gráfica en particular.
- 4.-Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.
- 5.-Que a fundación CIEC pretende acometer durante o presente ano unha serie de obras de acondicionamento e mellora da súa sede situada na Rúa do Castro nº 2, piso 1º na cidade de Betanzos, necesarias para o desenvolvemento das actividades da fundación.
- 6.-Que, en función do anteriormente sinalado, e consonte co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das obras sinaladas e, neste senso, no orzamento para o exercicio do ano 2001 figura unha subvención nominativa para a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, destinada a transferencias de capital a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a fundacións.

7.-Que, co fin de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e a fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, acordan subscribir o presente convenio, consonte coas seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto do presente convenio é o financiamento das seguintes obras de acondicionamento e mellora da sede da fundación CIEC:

- \* Acondicionamento das salas de exposición.
- \* Acondicionamento da oficina.
- \* Instalación do sistema de seguridade no museo.
- \* Instalación de calefacción.

En concreto, a achega da Deputación da Coruña destinarase a financiar os gastos que figuran no orzamento que se achega como anexo a este convenio.

**SEGUNDA.-** A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de dez millóns de pesetas (60.101,21 euros).

Esta achega supón un porcentaxe de financiamento do 68,4932% do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

**TERCEIRA.-** Correspóndelle á fundación CIEC a contratación e seguimento do proxecto, execución das obras, equipamento, así como o aboamento da totalidade dos gastos que a realización delas conleva.

O proxecto das obras remitiráselle á deputación no prazo de tres meses a partir da sinatura do presente convenio.

**CUARTA.-** A Deputación da Coruña aboaralle a súa achega trala presentación das correspondentes certificacións de obra e factura, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda.

Estes pagamentos realizaranse nun máximo de catro prazos.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

**QUINTA.-** No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 68,4932% da cantidade realmente xustificada.

**SEXTA.-** O importe total da achega da Deputación da Coruña en concorrencia coas achegas doutras institucións públicas ou privadas, non poderá superar o importe total das obras.

Para estes efectos, o secretario da fundación deberá pór en coñecemento da Deputación a totalidade das achegas obtidas para realizar as obras que se recollen neste convenio.

**SÉTIMA.-** A fundación CIEC comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das obras obxecto do presente convenio.

**OITAVA.-** Créase unha Comisión Mixta de Seguimento da execución do presente convenio formada por un representante da Deputación da Coruña e un representante da fundación CIEC.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

**NOVENA.-**A fundación CIEC comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades.

**DÉCIMA.-** O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data de subscrición.

**UNDÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinalados.

## **ANEXO**

**ORZAMENTO DE GASTOS DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEDE DA FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA.**

Acondicionamento das salas de exposición	8.500.000.-
Acondicionamento da oficina	1.500.000.-
Instalación de sistema de seguridade no museo	1.600.000.-
Instalación de calefacción	3.000.000.-
<b>Total</b>	<b>14.600.000.-</b>

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.”

**23.-CONVENIO CO CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA O FINANCIAMENTO DO XVII FESTIVAL DO MUNDO CELTA.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados (PP)  
 Votan en contra: 3 deputados (BNG)  
 Abstéñense: 10 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar a subscrición dun convenio co Concello de Ortigueira para o financiamento do XVII Festival do Mundo Celta, segundo o seguinte texto:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA, PARA CELEBRAR A XVII EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA DE ORTIGUEIRA.**

A Coruña, de de 2001.

**REUNIDOS**

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Antonio Campo Fernández, alcalde-presidente do Moi Nobre Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

## EXPOÑEN

I.-A Deputación Provincial, ó igual que o concello de Ortigueira, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas Administracións públicas para o cumprimento dos fins establecidos na normativa vixente.

II.-O Concello de Ortigueira vén celebrando desde hai anos o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, o cal acadou renome, tanto no ámbito nacional, como internacional, promocionando ó municipio de Ortigueira e, dunha forma indirecta, á provincia e á comunidade autónoma, no ámbito cultural, turístico e social.

III.- No presente ano terá lugar a XVII edición do referido festival, cuns custos que non se poden financiar na súa totalidade a través dos orzamentos xerais do concello.

IV.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural que, ademais, promociona en diversos ámbitos ó municipio e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da deputación, a través do seu orzamento de gastos, é polo que ámbalas Administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLAÚSULAS

**PRIMEIRA.-** O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira que permita a celebración do XVII Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira os días 13, 14 e 15 de xullo de 2001.

**SEGUNDA.-** As actuacións que se inclúen no citado festival son as seguintes:



Escenario principal:

Día 13: Kalman Balogh & The Gipsy Cimbalon Band

Väsen

Tejedor

Mercedes Peón

Día 14: Sharon Shannon

Fía na roca

Luar na lubre + convidados

Oskorri

Día 15: La Bottine Souriante

La Bruja Gata

Na lúa + convidados

**Escenario Runas:** Vallobera

Akelarre Agro Celta

Aira de pedra

Druadan

Fol de canguro

Roixordo

Antubel

Ardelle o eixo

Abaxas

**Pasarrúas:** Escola de Gaitas de Ortigueira

Banda de Gaites del Naranco

Banda de Gaitas O Son do Sor

Bagad de Nante

Banda de Gaitas O Barqueiro

Coldstream Pipe Band

Banda de Gaitas do Concello de Verín

Banda de Gaitas Alfaia

Grupo Tradicional Celme

**TERCEIRA.-** A Deputación da Coruña financiará o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira cunha achega máxima de trinta millóns de pesetas (180.303,63 euros).

Esta achega, consonte co orzamento que figura no anexo, supón unha porcentaxe de financiamento do 50,0334% do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

**CUARTA.-** Correspóndelle ó Concello de Ortigueira realizar pola súa conta tódolos documentos que sexan precisos para a completa organización, programación e celebración do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira e levar a cabo as actuacións consistentes na execución e contratación, dirección facultativa, técnica e cultural, xestión, programación, infraestructuras e instalacións necesarias para o desenvolvemento e celebración do festival.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

**QUINTA.-** A Deputación aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula terceira, trala presentación previa da seguinte documentación:

- \* Certificación na que se detallen tódolos pagamentos realizados correspondentes ás actividades sinaladas na cláusula segunda.
- \* Certificación dos ingresos producidos por axudas ou subvencións outorgadas por outras Administracións ou entidades públicas ou privadas ou por calquera outra forma.

**SEXTA.-** O importe total que se ha aobar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula terceira.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos, non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 50,0334% da cantidade realmente xustificada.

**SÉTIMA.-** O Concello de Ortigueira comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime oportuno, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

**OITAVA.-** De consideralo necesario, para o impulso e seguimento das actividades obxecto do presente convenio, poderá crearse unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións que o subscriben.

**NOVENA.-** As dúbidas que se presenten na interpretación do convenio, caso de discrepancia, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Deputación da Coruña, poñendo fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión deste.

O presente convenio ten natureza administrativa.

**DÉCIMA.-** O prazo de vixencia do presente convenio finaliza o 31 de decembro de 2001.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en todas e cada unha das cláusulas e, en proba de conformidade, asínano no lugar e data indicados.

### **Orzamento do XVII Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira**

#### **Escenario principal:**

Cachés de grupos	22.000.000.-
Son, iluminación e máquina de fume	3.500.000.-
Escenario	1.750.000.-
Proxector de vídeo, cámaras e lasser	2.100.000.-
Servicio de comidas para artistas	300.000.-
Desprazamentos e aloxamentos grupos	4.500.000.-
Xeradores de luz	700.000.-
Equipamento de seguridade	600.000.-
<i>Back line</i>	300.000.-

#### **Escenario Runas:**

Grupos	1.000.000.-
Escenario	410.000.-
Son e iluminación	700.000.-
Coordinación e produción de festival	2.700.000.-
<i>Back line</i>	100.000.-

#### **Ritmos globais:**

Cachés e desprazamento de <i>Dj</i>	500.000.-
-------------------------------------	-----------

#### **Seguridade:**

Aloxamento e manutención de persoal de seguridade e protección civil	500.000.-
--	-----------

Gardas xurados	700.000.-
Póliza de seguros	800.000.-
<b>Servicios:</b>	
Autobuses urbanos gratuítos	2.000.000.-
Alugamento de inodoros	600.000.-
<b>Persoal:</b>	
Limpeza de aseos e rúas, encargados e persoal de escenarios, persoal de información, acompañantes dos grupos, tradutores, auxiliares de montaxe de escenarios e son	1.200.000.-
<b>Varios:</b>	
Deseño gráfico	900.000.-
Imprenta	3.000.000.-
Pegada de carteis	800.000.-
Realización e mantemento da web	1.000.000.-
Convocatorias prensa	900.000.-
Alugamento equipos informáticos e telefónicos	900.000.-
Desprazamentos bandas	1.200.000.-
Autobuses grupos	1.000.000.-
Actos de presentación	1.100.000.-
Sociedade xeral de autores	700.000.-
Exposicións e conferencias	1.500.000.-
<b>Total</b>	<b>59.960.000.-</b>

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.

3.-Condicionar a dita aprobación e a subscrición do convenio á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos no que se recolle o crédito extraordinario para a súa dotación.”

**24.-CONVENIO CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE “INVENTARIO, RESTAURACIÓN E TRANSFERENCIA Ó ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DOS FONDOS DOCUMENTAIS DOS ARQUIVOS PARROQUIAIS DA PROVINCIA.”**

## **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: 3 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

## **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aproba-la subscrición dun convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela para o financiamento do proxecto de “Inventario, restauración e transferencia ó Arquivo Histórico Diocesano dos fondos documentais dos arquivos parroquiais da provincia”, segundo o seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para o “Inventario, restauración e transferencia ó Arquivo histórico Diocesano dos fondos documentais existentes nos arquivos parroquiais da diócese na provincia, de antigüidade superior a cen anos.”

A Coruña, -----

## **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

O Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio e Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela.

Ámbalas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto.

## **EXPOÑEN**

1.-Que os artigos 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos xuros peculiares da provincia en materia de cultura. Así mesmo, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das Administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.-Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración no que se fixan as actuacións que no terreo do patrimonio documental e bibliográfico de propiedade eclesiástica, levaranse a cabo na provincia da Coruña.

3.-Ámbalas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais depositados nos arquivos eclesiásticos e que afectan ó patrimonio documental de propiedade eclesiástica.

4.-Sendo a Igrexa Católica propietaria e depositaria dun valioso patrimonio documental e bibliográfico, diseminado nos arquivos das parroquias da diocese e, dada a escasez de sacerdotes, o arcebispo ten disposto que o dito material histórico se reúna no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, para a súa mellor conservación e accesibilidade por parte dos investigadores; para tal efecto, a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, en aras de protexer e conservar o patrimonio documental, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto do presente convenio é o financiamento do inventario, restauración e transferencia ó Arquivo Histórico Diocesano dos fondos documentais existentes nos Arquivos Parroquiais da diocese na provincia da Coruña, de antigüidade superior a cen anos.

**SEGUNDA.-** A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de dez millóns de pesetas (60.101,21 euros).

Esta achega supón unha porcentaxe do financiamento do 100% dos gastos, non obstante, será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

**TERCEIRA.-** Correspóndelle ó Arcebispado de Santiago de Compostela a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o aboamento de tódolos gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

**CUARTA.-** A Deputación Provincial da Coruña aboaralle ó Arcebispado de Santiago de Compostela o importe da súa achega na seguinte forma:

- \* 50% despois da sinatura do convenio, trala presentación de copia dos contratos subscritos para realizar os traballos obxecto do convenio.
- \* 25% despois da presentación de certificación na que se detallen os pagamentos realizados para o cumprimento do convenio, por importe de 5.000.000.- ptas. como mínimo.
- \* 25% despois da certificación na que se detallen a totalidade dos pagamentos realizados para o cumprimento do convenio, memoria final dos traballos realizados e, se é o caso, certificación doutras achegas de entidades públicas ou privadas.

As certificacións dos pagamentos deberá ser subscrita polo Sr. director do Arquivo Diocesano.

**QUINTA.-** O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, ou se obteña financiamento doutras entidades, minorarase a achega da Deputación da Coruña ata cubrir o importe da cantidade xustificada non financiada.

**SEXTA.-** O arcebispado de Santiago de Compostela comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

**SÉTIMA.-** Poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento da execución do presente convenio formada por dous representantes da Deputación da Coruña e dous representantes do Arcebispado de Santiago de Compostela.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias, caso de discrepancias, serán resoltas polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo fin así á vía administrativa.

**OITAVA.-** Ademais das xerais, son causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- a) As desviacións dos fondos achegados para outro fin distinto do que motivou o outorgamento do convenio.
- b) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- c) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.

**NOVENA.-** O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data da súa sinatura.

**DÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia del.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas partes ó acordado en tódalas cláusulas, estendéndose no lugar e data sinaladas.

### ANEXO

#### **Orzamento de gastos do convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela.**

* Salarios e seguros	7.680.000.-
4 persoas x 12 meses	
* Dirección e supervisión	480.000.-
* Axudas de custo e quilometraxe	500.000.-
* 2 ordenadores portátiles	625.000.-
* 2 impresoras	85.000.-
* 2 cámaras fotográficas dixitais	300.000.-
* 2 pequenas aspiradoras	25.000.-
* Consumibles	205.000.-
* Outros	100.000.-
<b>Total</b>	<b>10.000.000.-</b>

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscripción.”

#### **25.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN CURSOS UNIVERSITARIOS E INTERNACIONAIS DE MÚSICA EN COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DE DOUS CONCERTOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:



“1.-Aprobar a subscrición dun convenio coa asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela para o financiamento de dous concertos, segundo o seguinte texto:

**Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela.**

A Coruña, de de 2001, no pazo provincial,

**REUNIDOS**

Don José Luis Torres Colomer, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña e Don Xerardo Estévez Fernández, presidente do Consello directivo da asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela.

**EXPOÑEN**

1.- Que na data do 9 de outubro de 1995, e ó abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, o Real decreto do 20 de maio de 1965, a Orde do 10 de xullo de 1965 e a Lei 30/1992 do 26 de novembro do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, foi inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións a entidade “Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela”, co fin primordial que é a aprobación e o coñecemento da música española, a través de cursos que, realizados en Santiago de Compostela, proxéctanse cara a outras cidades españolas, especialmente as que teñen vinculación co Camiño de Santiago.

2.-Que conforme co artigo 118 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outros, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.-Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada na celebración, na Coruña, de dous concertos de intérpretes que participan na edición dos cursos de Música en Compostela do presente ano.

4.-Que co obxecto de establecer as condicións da colaboración entre ámbalas institucións para os fins anteriormente citados, acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** O presente convenio ten por obxecto a celebración na Coruña de dous concertos: un do grupo de Música en Compostela, e outro de José Luís Rodrigo que interpretará un concerto de música de guitarra.

Os concertos realizaranse os días 15 e 22 da agosto, respectivamente, ambos ás 20.00 horas.

**SEGUNDA.-** A Deputación da Coruña cederá unha das súas instalacións para realizar os concertos, así como o equipamento e mobiliario necesario para realizalos.

**TERCEIRA.-** Os concertos terán carácter gratuíto.

**CUARTA.-** A deputación destina ó financiamento do presente convenio a cantidade de 750.000.- ptas. (4.508 euros) para o fin sinalado.

**QUINTA.-** A asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela xestionará a contratación, desprazamento e aloxamento dos intérpretes.

**SEXTA.-** As obrigas da Deputación da Coruña serán as seguintes:

A.-Confeccionará todo o material de imprenta que se precise para os concertos e distribuíralos (programas de man, carteis, etc.)

B.-Cederá unha das súas instalacións para realizar os concertos.

C.-Contratará, xestionará e aboará toda a súa publicidade en prensa e radio que se precise.

**SÉTIMA.-** A achega da Deputación da Coruña aboarase da seguinte maneira:

\*A cantidade de ptas. 750.000.-, para o pagamento dos intérpretes e gastos de desprazamento e aloxamento será aboado á asociación Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela, unha vez realizados os dous concertos obxecto do presente convenio, despois da presentación de facturas ou certificación detallada dos pagamentos realizados, expedida polo Sr. secretario da asociación, co visto e prace do seu presidente.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade incluída no parágrafo anterior.

Este pagamento requirirá o preceptivo informe da Sección de Cultura e Deportes e do Servicio de Patrimonio e Contratación.

**OITAVA.-** A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador dos cursos de Música en Compostela do presente ano, polo cal deberá constar de forma expresa o dito patrocinio na difusión publicitaria que deles se realice.

**NOVENA.-** Este convenio terá vixencia ata o total cumprimento do obxecto do convenio e a súa acreditación.

**DÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e, en consecuencia as cuestións litixosas que puideran surxir na súa interpretación, cumprimento e efectos, serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data indicados na cabeceira.

#### ORZAMENTO

Cache intérpretes.....750.000.-Pts.  
Total.. ..... 750.000.-Pts."

2.-Facultar á Presidencia para realizar as actuacións precisas para a súa subscrición.”

#### **26.-MODIFICACIÓN DA FORMA DE PAGO DO CONVENIO COA FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-la modificación da forma de pago do convenio coa Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea para o financiamento de actividades, aprobado polo Pleno do 27 de abril de 2001 e subscrito con data do 20 de xuño de 2001, do seguinte xeito:

1.-Suprímese a cláusula quinta.

2.-A cláusula sexta queda como segue:

“Sexta.-A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de catro prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, trala presentación previa da seguinte documentación:

\*Certificación na que se detallen tódolos pagamentos realizados correspondentes ás actividades sinaladas na cláusula primeira.

\*Certificación dos ingresos producidos por matrículas e achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O total do importe que se ha aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 75,2823% da cantidade realmente xustificada.”

## **27.-TRASLADO DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO MES DE AGOSTO Ó 14 DE SETEMBRO.**

Por unanimidade apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Visto que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LRBL), conforme a redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que o mes de agosto coincide coas vacacións da maioría dos deputados e funcionarios e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ó Pleno na data prefixada do día 31 de agosto.

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido o 10 de setembro de 1999,

Eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ó oitavo mes de 2.001 celebrárase o día 14 de setembro, venres, a partir das doce horas.”

**28.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN MATERIA DE REFORMA ADMINISTRATIVA.**

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

Eu vou agrupar os puntos que quedan ata o termo da sesión, aínda que o único nexo de unión que teñen todos eles pola nosa parte sexa un voto de abstención respecto ós temas que se trata, en todo caso como son totalmente distintos, e existe argumentación diferente tamén, vou expoñelos no seu conxunto, posto que me toca a min facer a súa defensa e evitámonos o formalismo, cando menos, de ler un a un o titular dos puntos.

(Sae o Sr. González Garcés).

En primeiro lugar vén a aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería da Presidencia e a Administración Pública da Xunta de Galicia e a Deputación provincial en materia de reforma administrativa. O noso voto de abstención vén dado porque entendemos que, desafortunadamente, o Plan de modernización que con tanta loanza nos vendeu o Sr. Rodríguez no Pleno de abril do ano pasado, perdón, no Pleno de setembro do ano pasado, segue estando inmerso nesta néboa que ultimamente, durante este mes, temos de maneira atmosférica e que, por ter relación con ela, ata que toque fumata e nos informemos do que pasa co Plan de modernización, pensamos que non ten ningún senso este convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia e a Deputación da Coruña.

En segundo lugar, outros aspectos distintos son tres convenios da área de servizos sociais e sanidade coa Universidade de Santiago de Compostela, coas Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Betanzos e coa Fundación Paideia da Coruña. A nosa abstención, en todo caso xa argumentada, no que entendemos que é a política de convenios que está ultimamente sendo abundante, fundamentalmente no que é a área de cultura, pero que neste momento podemos trasladar a área de servizos sociais. Para nosoutros non existe excepcionalidade ningunha nos tres concellos que se nos propoñen, cando menos non están argumentados no expediente que se nos presentou para debate neste Pleno, e nosoutros

entendemos que única e exclusivamente con isto o que se fai é pasar por auga polos principios de libre concorrencia e publicidade con que, teoricamente, segundo consta nas bases do orzamento, tería que facer a política de subvención desta deputación, faise constar con estas tres entidades en concreto, e hai outras moito que, efectivamente, na mesma área poderían facer convenios parecidos e, en todo caso, o único que demostra é que, efectivamente, sendo a maría desta deputación o tema de servicios sociais, faise unha política absolutamente errática, cúmprense uns mínimos e, sen embargo, non se fai un reforzo das prestacións básicas que podían facer os concellos da provincia con pouco orzamento para adicar os servicios sociais, e ben, hai entidades que encontraron unha esquina agradecida en Alférez Provisional sen número, colocan unha mesa petitoria e dedícanse a facer convenios con esta deputación.

Polo tanto, o noso voto de abstención e, entendendo que, efectivamente, dentro dun criterio xenérico de convocatoria, tódalas entidades sen ánimo de lucro que fan este tipo de traballo poderían entrar, e entendendo as razóns polas que neste momento están facendo o traballo as tres, poderíamos perfectamente votar afirmativamente, pero entendemos que esta política de tratar con algunhas e non tratar en absoluto con outras, non debemos de apoiala.

Outro punto, o punto número 32, é a aprobación da primeira relación de obras do Plan XXI de pequenas obras e subministracións, nosoutros mantivemos un voto negativo cando pasou á aprobación do Pleno as bases que rexían a convocatoria deste plan en concreto e, tendo en conta e defendendo a autonomía municipal, efectivamente nos vén nunha listaxe de obras aprobadas polos respectivos plenos municipais, pero o que non nos parece moi serio e, unha vez que haxa solicitudes por parte dos concellos, que haxa dúas modificacións nas mesmas bases que se aprobaron, por unha parte na cláusula sexta, e pola outra na ampliación de prazo para que entren máis concellos na relación de obras que se xunta.

O seguinte punto, que é a aprobación de convenios de campaña de incendios forestais, do ano 2001, é un punto recorrente nos meses de verán neste Pleno da deputación.

Efectivamente, séguense mantendo os mesmos criterios, entre aspas, para subvencionar aqueles concellos que teñen un convenio coa Consellería de Ambiente para pór en marcha e en funcionamento as cuadrillas contra incendios, que nosoutros efectivamente estamos de acordo que teñen que existir, estamos de acordo en que é un problema recorrente de tódolos veráns no noso país, pero seguimos mantendo o noso voto de abstención, no senso que descoñecemos absolutamente os criterios que utiliza a Consellería de Ambiente para sufragar e para asinar estes convenios cos distintos concellos. Seguimos insistindo que para nosoutros existe unha calva nestes convenios, que son tódolos concellos que conforman o espacio natural das fragas do Eume, que curiosamente están sen cuadrillas

contra incendios, e mesmo sen parque de bombeiros, aí hai unha subsede na comarca do Eume, e con centro en Pontedeume, que segue sen definirse onde se vai situar, e entón, por tanto, nosoutros, cando non se nos fai partícipes dos criterios e do reparto, abstémonos, entendendo a importancia de que existan estas cuadrillas, pero non imos participar co noso voto afirmativo en algo no que non temos arte nin parte.

O punto número 34, que é a modificación da programación plurianual do Plan 2000 de parques de bombeiros é insistir un pouco máis no mesmo, no que é a crítica que se fixo ó Plan de instalación de parques de bombeiros na provincia e neste caso concreto tampouco se xustifica por qué se aproba a fase coa subsede de Ribeira e non se segue o mesmo cunha subsede que está aprobada pola Consellería de Ambiente, e que é tamén necesaria, como é a subsede de Bergondo.

E, por último nas proposicións da Presidencia para o nomeamento do representante no Padroado da Fundación para o Desenvolvemento das Comarcas do Eume e de Santiago, seguimos insistindo que, efectivamente, pode ser unha política do equipo de goberno de nomear os seus representantes, pero nosoutros estamos en contra de que os representantes sempre coincidan cos membros do equipo de goberno e, polo tanto, tamén nos imos abster nestes dous últimos puntos.

#### Sr. Varela Rey

Tamén unha única intervención, tal e como fixo o voceiro socialista, e esta última intervención tamén agrupando para pór encima da mesa un par de temas. Primeiro, agradecer a postura persoal e felicitar ó Sr. Moreda porque, efectivamente, eu esta mañá púxenme en contacto con el, hai un compañeiro que está pasando momentos delicados de saúde, ó cal lle desexamos unha pronta recuperación, pero eu teño que felicitalo e facelo publicamente en nome do grupo popular, o seu talante, eu creo que ademais é un ensino nestes momentos, a tolerancia que está demostrando nas súas intervencións e, ás veces, mesmo, digamos que cando ten unha actitude crítica co goberno, enténdese mellor, porque é máis fácil discutir, porque sabemos das posturas do Sr. Moreda como voceiro e do grupo socialista no mesmo senso. Entón, eu creo que é bo que nunha democracia, que eu creo que xa se vai asentando perfectamente, pero que poidamos ter ese talante, en fin, dentro desa actitude discrepante que poida haber nun momento, pero que ó final, o que nos move a tódolos que estamos aquí é loitar e atinar en tódalas ocasións, por mellorar o que é a nosa provincia desde a nosa posición como deputados.

Respecto a dous aspectos que falan de temas de convenios, nosoutros, como grupo popular, amosar a nosa posición clara e inequívoca polo que teñen de importancia determinados convenios que se traen aquí, convenios que, nalgún dos casos, non levaron a

aprobación de tódolos grupos, e fundamentalmente os votos en contra do BNG e, nalgún deles, a abstención do PSOE.

Direi que o convenio coa Fundación Rosalía de Castro nos parece que é suficientemente motivado para dar o noso referendo e a posición e postura do BNG, fundamentalmente, sinala que todo é igual, porque estes si e outros non, porque non todo é Fundación Rosalía de Castro, porque non todo é o Festival do Mundo Celta en Ortigueira, porque non todo é a Fundación Paideia, e porque ó mellor non so todas iguais, ó mellor son bastante distintas, eu creo que como tal hai que tratar cada situación. Loxicamente, eu creo que agora mesmo, falar da importancia que ten para Galicia a Fundación Rosalía de Castro, para algúns é moi doado facelo, e polo tanto entendemos que debemos apoiar, ou apoiar ó centro Internacional da Estampa Contemporánea polo labor que realiza, ou mesmo este convenio que é novidoso, do arcebispado de Santiago de Compostela, polo que significa de financiar o inventario, a restauración e transferencia ó arquivo histórico diocesano de tódolos fondos documentais dos arquivos da provincia. Seguramente que unha boa parte da nosa historia de Galicia estea reflectida a través da igrexa, de todo un compendio de feitos históricos. Eu creo que é bo que, ó mellor, que nun momento que se facía a man, e cun carácter, digamos artístico, seguramente que é bo que se poña hoxe en tecnoloxía moderna, e que seguramente se recollan case tódalas parroquias da nosa provincia nuns pequiños cedés, eu creo que iso é importante o apoio.

Igual cá relación desas pequenas obras do Plan XXI para os concellos, na vocación permanente deste goberno de trasladar e de ter en conta a autonomía de tódolos concellos e de trasladarse un pouco a eles a nosa axuda e o financiamento, dentro das demandas que fan os propios concellos para o investimento. E, por suposto, o tema da campaña de incendios forestais seguimos mantendo, o importante é que haxa un entendemento entre a Deputación provincial, a Xunta de Galicia e os propios concellos, pola importancia que ten, non só no que respecta á conservación do ambiente, senón mesmo tamén desde un punto de vista económico e que ademais, mesmo nos últimos tempos, eu creo que nesta campaña do 2001, do novo século, creo que moi acertadamente que se incorporan axentes particulares: locutores de radio que apoian, que poñen a súa voz para dicir, “mira, que cuiden...”; o Ministerio de Ambiente, e polo tanto, eu creo que é un labor de todos, cada vez, digamos, con maior sensibilidade, polo tanto, nosoutros entendemos que se debe de apoiar. Igual que estamos seguros que este Plan de parques de bombeiros que agardamos xa que se poña definitivamente co final dos distintos parques que vai habendo, que se complete esa rede tamén tan importante para a provincia.

Polo tanto, nosoutros ratificar o que é a proposta a este Pleno deses convenios en aspectos puntuais que eu como portavoz quero defender pola importancia que teñen para a nosa provincia.



Moitas gracias.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Moi brevemente, é que me parecía que a señora portavoz do BNG tiña déficit de información, axudarlle a ter datos adicionais.

Podo dicir que o Plan de reforma administrativa da deputación, creo que é unha vez histórica na que hai unha participación altísima de tódolos servizos, eu quero aproveitar esta oportunidade para agradecer a todo o persoal da casa a súa cooperación, están facendo un esforzo tremendo de participación, á parte do que representa o traballo diario, dedicar tempo e tempo a facer as análises dos distintos procedementos, e hai unha participación intensa e entusiasta, independentemente que, ás veces, os criterios que debatamos sexan diversos, pero que levan, en definitiva, a un resultado, que realmente, de verdade, esta deputación está asumindo un proceso de modernización importantísimo e integral, e que a vai converter na Administración pública seguramente máis eficiente do país. Estamos dicindo algo que é importante e que imos demostrar con feitos.

Neste senso, o convenio coa Xunta de Galicia pode representar para a deputación unha vantaxe fundamental, que é dispor dunha tecnoloxía probada e practicada tódolos días, que está tamén en punteira nestes momentos nas comunidades autónomas, que nos vai permitir aforrar moito tempo o que é a fase final do proceso, e moito diñeiro tamén, independentemente de que quedamos obrigados nosoutros, como é natural, a subministrar á Xunta de Galicia as innovacións que nosoutros teñamos no noso proceso, convenio que, reitero, implica carácter gratuíto para ámbalas Administracións, non máis polo espírito institucional de cesión dos avances que cada un teña no proceso de reforma. Máis nada ca isto. Moitas gracias.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 do BNG; 1 do PSOE por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación -art. 74.1 do regulamento orgánico).

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo convenio de colaboración entre a Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña en materia de reforma administrativa.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN MATERIA DE REFORMA ADMINISTRATIVA**

A Coruña,

### **REUNIDOS**

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía,

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. Jaime Pita Varela, Conselleiro da presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente capacidade xurídica e de obrar suficiente e así no carácter co que actúan

### **EXPOÑEN**

#### **PRIMEIRO.-**

Que A Xunta de Galicia a través da Consellería da Presidencia e Administración Pública, leva varios anos desenvolvendo un amplo programa de Reforma e modernización administrativa dirixido, entre outros aspectos, a facilitarlle ós cidadáns as súas relacións coa Administración, utilizando para estes efectos tódolos instrumentos tecnolóxicos posibles e especialmente as tecnoloxías da información.

#### **SEGUNDO.-**

Que a Deputación Provincial da Coruña iniciou igualmente un programa integral de modernización dos seus servizos administrativos.

### **TERCEIRO.-**

Que é interese de ámbalas dúas partes establece-lo marco de colaboración necesario para que por parte da Consellería de Presidencia e Administración Pública se preste a colaboración técnica precisa á Deputación Provincial da Coruña en diversas materias de mellora, modernización e organización administrativa.

Por todo o exposto, ámbalas dúas partes veñen a subscribi-lo presente Convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.-**

A Consellería da Presidencia e Administración Pública prestará colaboración técnica á Deputación Provincial nas seguintes materias:

- 1.-Programa de avaliación do rendemento e dirección por obxectivos da Xunta de Galicia.
- 2.-Servicio de información administrativa especialmente nas áreas cubertas polo SXPA.
- 3.-Organización e funcionamento da Inspección Xeral de Servicios da Xunta de Galicia, no relativo ó impulso, xestión e seguimento da dirección por obxectivos e da avaliación do rendemento.
- 4.-Programa de Directivos da Xunta de Galicia.

#### **SEGUNDA.-**

A Comunidade Autónoma de Galicia cederá á Deputación Provincial os programas informáticos relativos ás oficinas de Rexistro e ó Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA), en concepto de cesión de uso, conservando a Comunidade Autónoma a titularidade e a propiedade intelectual dos devanditos programas, e sen que a Deputación Provincial poida cedelos a terceiros.

#### **TERCEIRA.-**

A Deputación Provincial poñerá igualmente a disposición da Comunidade Autónoma innovacións técnicas que resulten do seu propio proceso de modernización e reforma administrativa e igualmente as adaptacións e melloras que, no seu caso, poida introducir nos programas informáticos cedidos pola Xunta de Galicia.

#### **CUARTA.-**

Para realizar o seguimento, interpretación e execución do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento integrada por catro vocais, dous en representación da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e dous en representación da Deputación Provincial da Coruña, designados polos asinantes do presente convenio, que velarán porque se cumpran os acordos acadados e resolverán as discrepancias que poidan xurdir como consecuencia da súa interpretación. No ámbito do presente convenio esta comisión poderá constituír los grupos técnicos de traballo que estime oportunos para estudar e promover outras actuacións conxuntas que puideran ser de interese para ámbalas partes.

Os termos e condicións do convenio, por requirimento de calquera das partes, poderán ser modificadas en calquera momento e de mutuo acordo, deixando constancia escrita e asinada polos representantes de calquera cambio que se acorde.

#### **QUINTA.-**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso administrativa. Para resolver as dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto no Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas e na Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **SEXTA.-**

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ó da súa sinatura e terá unha duración de cinco anos, prorrogándose automaticamente por períodos iguais se non mediara denuncia por algunha das partes cunha antelación non inferior a tres meses á data do seu vencemento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por R.P. nº de dous mil un.

E, en proba de conformidade de ámbalas dúas partes coa integridade do estipulado, asinan o presente Convenio de colaboración nun só acto e por exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O PRESIDENTE DA  
DEPUTACIÓN

Asdo.: D. Jaime Pita Varela

Asdo.: José Luis Torres Colomer

## O SECRETARIO

Ado. José Luis Almu Supervía”

### **29.-CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA “PRÁCTICAS MÉDICAS EN HOSPITAIS COMARCAIS”.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para promover un programa de prácticas de alumnos de medicina en hospitais comarcais, que figura como anexo do presente acordo.

### **PROPOSTA DE CLÁUSULAS PARA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO EN HOSPITAIS COMARCAIS DA PROVINCIA NO 2001.**

A Coruña, de de dous mil un, na sede da Deputación provincial.

#### **REUNIDOS**

O Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación da Coruña.

O Excmo. Sr. D. Darío Villaverde Prieto, Rector magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

#### **MANIFESTAN**

Que ambas partes recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Facultade de Medicina en colaboración coas Fundacións públicas dos hospitais Virxe da Xunqueira (Cee) e Barbanza (Ribeira), organizou un programa de prácticas hospitalarias de alumnos da Universidade de Santiago de 3º, 4º, 5º e 6º cursos, do que foi nomeado coordinados o profesor director D. Juan Varela Durán, catedrático da Facultade de Medicina e Odontoloxía.

Que a Deputación da Coruña, conscente da importancia que ten a formación e especialización dos profesionais que traballan nos hospitais, xa que son parte fundamental da sanidade pública, ten a intención de colaborar no financiamento desas prácticas.

Consonte coas consideracións anteriores, a Universidade de Santiago e a Deputación provincial acordan subscribir o presente convenio de colaboración para realizar prácticas hospitalarias de alumnos, consonte coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.-**

A Deputación da Coruña participará no financiamento mediante a achega da cantidade de seis millóns novecentos trinta e dúas mil pesetas (6.932.000 ptas.) con cargo á partida 0701-451F-22699.

### **SEGUNDA.-**

A achega da Deputación (6.932.000 ptas.) destinaranse ó financiamento dos gastos de 48 alumnos polos conceptos de: xestión, coordinación, publicidade, revisión de expediente, selección de alumnos, aloxamento, manutención, seguros e seguimento do programa.

### **TERCEIRA.-**

A selección dos alumnos será realizada pola universidade, que designará a comisión oportuna, que terá en conta preferentemente:

- 1.-Curso de licenciatura no que se encontre o alumno.
- 2.-Calificacións académicas.

No tocante ós hospitais de ámbito comarcal sinalados, correspóndelle á universidade que contén coa *venia docendi* oportuna.

### **CUARTA.-**

A Deputación provincial poderá solicitar do coordinador do programa cantos informes estime do seu interese, a través da Sección de Servizos Sociais, sobre o desenvolvemento do programa.

#### **QUINTA.-**

A Deputación provincial aboará a cantidade de 6.932.000 ptas., unha vez finalizadas as prácticas trala presentación previa da documentación seguinte:

A) Relación de alumnos na que se remita acta de comisión encargada da selección, na que se xustifique a concesión das prácticas.

B) Programa e calendario de realización de prácticas, coa relación de alumnos que as efectuaron e servizos onde as levaron a cabo.

C) Facturas expedidas polos provedores co visto e prace do coordinador, ou facturas expedidas polo propio programa de prácticas, polos conceptos de xestión, organización, coordinación, publicidade, revisión de expedientes e calificación, selección de alumnos, adxudicación de prazas, seguimento e visitas hospitalarias.

#### **SEXTA.-**

Os pagamentos realizaranse na conta \_\_\_\_\_, titularidade de \_\_\_\_\_

#### **SÉTIMA.-**

O convenio terá efectos desde o 1 de xullo de 2001, e finalizará o 31 de outubro de 2001.

#### **OITAVA.-**

A deputación resérvase o dereito a utilizar os resultados que se indiquen na memoria presentada das prácticas realizadas, en futuras actuacións puidieran levarse a cabo en Servizos Sociais.

#### **NOVENA.-**

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución e, se é o caso, á devolución das cantidades percibidas.

## **DÉCIMA.-**

A solución dos conflitos que puidieran surxir con motivo do presente convenio corresponderalle á xurisdicción contencioso-administrativa.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.”

## **30.-CONVENIO COAS IRMÁS HOSPITALARIAS DO SAGRADO CORAZÓN DE BETANZOS, PARA O FINANCIAMENTO DO CENTRO DE EMPREGO PARA MINUSVÁLIDOS.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a congregación das Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Betanzos para o financiamento dun centro de emprego de lavandería para minusválidos que figura como anexo do presente dictame.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS IRMÁS HOSPITALARIAS DO SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS, PARA CREAR UN CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO.**

A Coruña, de de dous mil un.

### **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dna. María Cruz Arrondo Oses, superiora da Comunidade das Irmás Hospitalarias do Sagrado Corazón de Jesús, titulares do Centro de Atención a Minusválidos de Betanzos, A Coruña, Nosa Sra. do Sagrado Corazón.



## EXPOÑEN

Que entre os obxectivos da comunidade, para o centro de Betanzos, está o desenvolver actividades que dean emprego ás persoas discapacitadas.

Que, con esta finalidade, iniciaron no ano 2000 a creación dun centro especial de emprego, con actividades de lavandería onde se dará emprego a 15 discapacitadas psíquicas procedentes de concellos da provincia.

Que, á súa vez a deputación, actúa conforme coas súas competencias propias, determinadas no art. 22 da Lei de servicios sociais 4/93 e 109 e 118 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-

A Deputación formula como obxectivo deste convenio o desenvolvemento na provincia dos recursos destinados á atención de minusválidos, mediante programas de inserción social, colaborando coa Comunidade das Irmás Hospitalarias, titulares do centro situado en Betanzos, concretándose a actuación da deputación no financiamento do equipamento e das obras que figuran no orzamento e no documento técnico redactado polo arquitecto don Jesús Recalde que figura como anexo, e ata o límite da achega que se indica na cláusula 3ª co contido seguinte:

O anexo dos orzamentos de gastos é o seguinte:

Proxecto novo pavimento e cambio cuberta en almacéns	
C.I. Hospitalarias	Pts.- 1.756.881.-
Lavacentrífuga alta velocidade	Pts.- 4.013.390.-
Lavacentrífuga alta velocidade	Pts.- 3.130.000.-
Mesa de repaso S/AAR	Pts.- 399.138.-
Maniquí mod. S/MTA combinado	Pts.- 1.987.442.-
Maniquí mod. S/AV	Pts.- 739.436.-
Carro roupa húmida	Pts.- 63.703.-
Carro fondo móbil	Pts.- 65.173.-
Carro contedor	Pts.- 51.652.-
Embolsadora mod. SLM (80x60)	Pts.- 1.215.000.-
Suma total	Pts.- 13.421.815.-

### SEGUNDA.-

A Comunidade de Irmás Hospitalarias comprométese ó cumprimento do expresado como obxecto do convenio, realizando as adquisicións de maquinaria de lavandería e prancha, que se especifican no orzamento que se acompaña como anexo I, e as obras previstas na memoria e orzamento que presenta o arquitecto D. Jesús Recalde, que igualmente se acompaña a este convenio como anexo II.

Serán do seu cargo, as autorización, seguros, licencias e cargas que correspondan para a súa execución.

A comunidade fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da obra a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente lle corresponde á comunidade a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento deste, en tanta información se solicite.

#### **TERCEIRA.-**

A Deputación achegará un máximo de 12.000.000.- ptas. para gastos de execución do proxecto de centro de emprego para o 2001, presentado sendo a cargo da comunidade a restante achega que se requira para executar o proxecto, con cargo á partida 0701/313.M/780.99 do orzamento vixente.

#### **CUARTA.-**

**A.** A achega provincial aboarase do modo seguinte:

1º pagamento: ata o 50% despois da presentación da documentación xustificativa da realización do 50% do gasto total establecido no convenio. A dita documentación xustificativa será a referida no punto B da presente cláusula.

2º pagamento: O 50% restante despois de xustificada a totalidade das adquisicións e da obra, trala presentación previa da documentación á que se refire o punto B da presente cláusula.

**B.** A documentación xustificativa requirirá.

1º) Adquisición de bens: facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.

2º) Execución das obras: se as obras se executan por administración: certificación subscrita por técnico colexiado competente e relación estimada polo importe da execución material e facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores.

3º) Sinalar a conta de titularidade da comunidade para efectuar os pagamentos.

4º) Se as obras se executan por contrata: certificación e relación estimada subscrita por técnico colexiado competente, que poderá conter os gastos xerais, beneficios industrial e IVE e factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

5º) Para o cobramento do derradeiro prazo requirirase ademais a presentación de declaración de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización do investimento para o que foi concedido.

6º) Relación detallada de subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración se é o caso de non ter outras axudas públicas ou privadas.

No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da deputación na porcentaxe correspondente ó financiamento establecido da actividade, que é o 89,40% da cantidade xustificada; no caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na presente cláusula.

Se para a realización do obxecto do presente convenio a comunidade obtivera subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña, de forma tal que o total das subvencións obtidas non supere o 100% do importe do gasto xustificado.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

#### **QUINTA.-**

O período de vixencia do presente convenio será ata a finalización do que constitúe o seu obxecto, debéndose presentar a documentación xustificativa antes do 30 de novembro de 2001, tendo por tanto vixencia ata o 30.11.2001.

#### **SEXTA.-**

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas polas entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

#### **SÉTIMA.-**

Serán causas de resolución do presente convenio dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

-O incumprimento das cláusulas do convenio.

- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

#### **OITAVA.-**

O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria o día de dous mil un.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN            A SUPERIORA DA COMUNIDADE            O SECRETARIO DA  
DEPUTACIÓN”

### **31.-CONVENIO COA FUNDACIÓN “PAIDEIA” PARA UN PROGRAMA DE VOLUNTARIADO EUROPEO PARA XOVES DA PROVINCIA.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia para o desenvolvemento de proxectos dos servizos de voluntariado en países europeos para xoves de concellos da provincia que figura como anexo do presente dictame.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA PARA DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE SERVIZOS DE VOLUNTARIADO EN PAÍSES EUROPEOS, PARA XOVES DE CONCELLOS DA PROVINCIA.**

A Coruña, de de 2001.

## **REUNIDOS**

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía,

Dna. Rosalía Mera Goyenechea, presidenta da Fundación Paideia

## **EXPOÑEN**

A Lei 5/97 de réxime local para Galicia, establece no seu art. 101 apartado 2, como fins específicos da provincia, asegurar a prestación integral e adecuada da totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Pola súa parte, a Lei de servizos sociais 4/93, determina no seu artigo 21, que son servizos sociais de competencia municipal, a creación e xestión de Servizos Sociais de atención primaria, é dicir, aqueles de nivel máis próximo ós usuarios, que, terán entre outros obxectivos (art. 7 da dita lei) o da mellora da cooperación e solidariedade, expresada no voluntariado social.

Así mesmo a citada Lei 4/93, nos seus artigos 43 a 48, regula o voluntariado social en Galicia, e a Lei 6/96, do 15 de xaneiro, no tocante ás medidas de fomento do voluntariado e a situación de voluntarios no estranxeiro.

Para o logro dos ditos obxectivos na citada Lei de servizos sociais, concrétese como competencia da deputación (art. 22) o apoio económico, tanto ós concellos da provincia como ás entidades de iniciativa social.

Á súa vez, a Fundación Paideia, constituída como entidade sen ánimo de lucro e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a actuación no campo das ciencias humanísticas e sociais, particularmente na súa interacción coas áreas de sanidade, educación e servizos sociais, e está recoñecida pola Comisión Europea, como entidade de envío e acollida de voluntarios.

## **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** A Deputación Provincial da Coruña, pretende mediante este convenio, levar a cabo un programa de voluntariado social, en concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia, ofertando a xoves residentes nestes, entre 18 e 25 anos de idade, o acceso a proxectos de servizos de voluntariado en Europa, baixo os seguintes principios:

Proporcionar unha experiencia de aprendizaxe intercultural informal, para os xoves, que alente a súa integración social e a súa participación activa, facilite a súa incorporación no mundo laboral e lles ofrezca oportunidades de demostrar a súa solidariedade cos demais.

\*Apoiar o desenvolvemento das comunidades locais.

\*Alentar o establecemento de novas relacións de cooperación e o intercambio de experiencia e boa práctica entre os participantes.

**SEGUNDA.-** As actividades que se han realizar terán as seguintes características:

\*Terán lugar nun país distinto daquel no que viva o voluntario.

\*Carecerán de ánimo de lucro e non serán remuneradas.

\*Proporcionarán un valor engadido á comunidade local.

\*Non poderán utilizarse como substitutivo do traballo remunerado.

\*Terán unha duración limitada cun máximo de 12 meses.

**TERCEIRA.-** A fundación asume a obriga de realizar a difusión do programa entre os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia, na que constará a colaboración desta deputación.

Para o seguimento da execución do convenio constituirase unha Comisión Técnica Mixta, da que formarán parte dous representantes das entidades asinantes, que serán nomeados polos seus órganos de goberno no prazo de 20 días desde a sinatura do convenio.

Serán funcións da dita comisión:

1)Coñecer as peticións presentadas para acollerse ó programa e as propostas realizadas pola fundación, ás entidades europeas de acollida correspondentes, sobre a adecuación do solicitante ó perfil requirido polo servizo que se vai realizar.

2)Coordinar as actuacións das entidades que interveñen no desenvolvemento do convenio.

3)A Comisión reunirse sempre que sexa solicitado por unha das partes, actuando como secretaria a Fundación Paideia.

**CUARTA.-** Para as actividades indicadas no presente convenio, a Deputación Provincial destinará a contía de tres millóns de pesetas, con cargo á consignación orzamentaria 0701/313M/480.99 do vixente orzamento, para atención de gastos de xestión, persoal de

apoio e material de difusión do programa, consonte co orzamento da actividade que se acompaña como anexo I.

A Fundación Paideia achegará ás accións indicadas, a cantidade de tres millóns de pesetas.

A achega provincial representa por tanto o 50% dos gastos atribuídos á actividade obxecto do convenio.

**QUINTA.-** O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización en documento administrativo e terá vixencia polo período dun ano a partir da súa sinatura.

**SEXTA.-** O pagamento efectuarase do modo seguinte:

1º) Pagamento inicial: Farase un pagamento inicial, trala presentación previa dun aval, unha vez asinado o convenio do 20% da achega provincial. Requirirá a presentación do plan xeral do programa, e o informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Contratación.

2º) Para pagamentos sucesivos, con carácter cuatrimestral, da achega da deputación, requirirase a presentación pola fundación, de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, acreditativas dos gastos obxecto do convenio, e se é o caso nóminas e/ou cotizacións sociais, xunto coa certificación de que o dito persoal está adscrito ó programa obxecto do convenio.

Así mesmo requirirá, informe favorable da Sección de Servicios Sociais e do Servicio de Contratación. O último pagamento requirirá a presentación de memoria final do programa e certificación acreditativa de tódalas subvencións públicas ou privadas obtidas, para a mesma finalidade, ou a declaración de non obter ningunha.

No caso de que o importe xustificado, fora inferior ó previsto, a achega provincial limitarase ó 50% do total que se xustifique.

Se o gasto final fora superior ó previsto, a achega provincial non poderá ser superior a tres millóns de pesetas.

De obtérense outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade, o importe de todas elas non poderá superar o 100% do gasto xustificado, minorándose se fora necesario a achega provincial para tal fin.

**SÉTIMA.-** Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar a súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

**OITAVA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

**NOVENA.-** A Fundación Paideia estará obrigada a:

- Convocar e tramitar as peticións que se presenten e a xestión de secretaría correspondente.
- Publicidade da colaboración económica desta deputación en tódalas actuacións.
- Xustificacións dos gastos correspondentes ás achegas do convenio.
- Pagamento da súa achega e da correspondente á deputación, se procede.

**DÉCIMA.-** A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

**UNDÉCIMA.-** Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar se é o caso ó reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos ós que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades.

**DUODÉCIMA.-** O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdicción contencioso-administrativa será competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran surxir como consecuencia deste.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta de marzo de dous mil un.

Así o din, asinan e outorgan no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PAIDEIA-DEPUTACIÓN



Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.: Rosalía Mera Goyenechea

O SECRETARIO

Asdo. José Luis Almau Supervía”

### **32.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA RELACIÓN DE OBRAS DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Modificar a redacción do segundo parágrafo da base quinta das de convocatoria do Plan XXI de pequenas obras e subministracións ós concellos da provincia da Coruña conforme ó seguinte teor literal:

“A achega provincial ós investimentos de cada concello ascenderá a un máximo de 3.000.000 de pesetas, e o orzamento máximo protexible a 5.000.000 e serán referidas, en todo caso, á súa execución nunha anualidade. Cada concello poderá presentar un máximo de tres obras e/subministracións, e, se así o estima, unha de reserva. Xuntarase a seguinte documentación:”.

2.-Aprobar a primeira relación de investimentos do Plan XXI de pequenas obras e subministracións para investimentos en infraestructuras municipais na provincia da Coruña. Os investimentos contidos nesta primeira relación e o detalle das obras e subministracións que se han contratar en cada concello quedan establecidos nos termos incorporados no presente acordo.

#### **PRIMEIRA RELACION DO PLAN XXI DE PEQUENAS OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS**

<b>código</b>	<b>concello/denominación</b>	<b>orzamento total</b>
---------------	------------------------------	------------------------

01.4200.0001.0	<b>ABEGONDO</b> SUBMINISTRACIÓN PARA PARQUE CRENDES E CENTRO SOCIAL DE ORTO	Concello	673.881
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.673.881</b>
01.4200.0002.0	<b>AMES</b> SANEAMIENTO EN SEAREZ DE ARRIBA 1ª FASE	Concello	1.127.638
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.127.638</b>
01.4200.0003.0	<b>ARANGA</b> ACONDICIONAMIENTO DE LOCAL SOCIAL EN SANTISO	Concello	71.765
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.071.765</b>
01.4200.0004.0	<b>ARES</b> CAMIÑO ESCOLAS ESTRADA DE CHANTEIRO 1ª FASE	Concello	2.000.000
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>5.000.000</b>
01.4200.0005.0	<b>BOIMORTO</b> CAMIÑO CRUCEIRO-CHOUSAS (CORNEDA) E OUTROS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0006.0	<b>BOIRO</b> CAMIÑO EN BELUSO	Concello	1.000.000
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.000.000</b>
01.4200.0007.0	<b>BOQUEIXON</b> ACONDICIONAMIENTO IGREXA PARROQUIAL SAN PEDRO LOUREDA	Concello	
		Dep. fondos propios	892.899
		Dep. préstamo	1.410.761
		<b>Total</b>	<b>2.303.660</b>
01.4200.0008.0	<b>BOQUEIXON</b>	Concello	

	SUBMINISTRACIÓN MAQUINARIA PARA OBRAS QUE SE VAN EXECUTAR NO MUNICIPIO	Dep. fondos propios	269.901
		Dep. préstamo	426.439
		<b>Total</b>	<b>696.340</b>
01.4200.0009.0	<b>CABANA DE BERGANTIÑOS</b>	Concello	
	PAVIMENTO BEIRARRÚAS NA RÚA CRUCEIRO-IGREXA DE CANDUAS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0010.0	<b>CABANAS</b>	Concello	2.000.000
	REHABILITACION PARTE POSTERIOR ESCOLA LAICA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>5.000.000</b>
01.4200.0011.0	<b>CAMARIÑAS</b>	Concello	
	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PEQUENAS INFRAESTRUCTURAS	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0012.0	<b>CAMBRE</b>	Concello	1.391.294
	ILUMINACION PARQUE INFANTIL O GRAXAL	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.391.294</b>
01.4200.0013.0	<b>A CAPELA</b>	Concello	
	REPARACION CUBERTA NA CASA DO CONCELLO DA CAPELA	Dep. fondos propios	791.222
		Dep. préstamo	1.250.114
		<b>Total</b>	<b>2.041.336</b>
01.4200.0014.0	<b>A CAPELA</b>	Concello	

	SUBMINISTRACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA OS LUGARES DE O PAZO E A GRUA	Dep. fondos propios	371.578
		Dep. préstamo	587.086
		<b>Total</b>	958.664
01.4200.0015.0	<b>CARNOTA</b>	Concello	
	CONSTRUCCION E MELLORA DE MARQUESIÑAS NO MUNICIPIO DE CARNOTA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	3.000.000
01.4200.0016.0	<b>CARRAL</b>	Concello	527.348
	ILUMINACIÓN PUBLICA E OUTROS EN RUA NOVA DE TARROEIRA CON SAÍDA A N-550	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	3.527.348
01.4200.0017.0	<b>CEDEIRA</b>	Concello	2.000.000
	REPARACION, REMODELACION E ACONDICIONAMENTO DA FONTE-LAVADOIRO DAS SAIÑAS	Dep. fondos propios	666.102
		Dep. préstamo	1.052.428
		<b>Total</b>	3.718.530
01.4200.0018.0	<b>CEDEIRA</b>	Concello	
	MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA REDE VIARIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CEDEIRA (II)	Dep. fondos propios	496.698
		Dep. préstamo	784.772
		<b>Total</b>	1.281.470
01.4200.0019.0	<b>CERDIDO</b>	Concello	
	REPARACIÓN DE FOCHAS NA REDE XERAL DO MUNICIPIO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	3.000.000
01.4200.0020.0	<b>COIRÓS</b>	Concello	

	MELLORA DA CUBRICION DA PISTA POLIDEPORTIVA DE FONTELO	Dep. fondos propios	655.012
		Dep. préstamo	1.034.905
		<b>Total</b>	<b>1.689.917</b>
01.4200.0021.0	<b>COIRÓS</b> MELLORAS EN CAPTACIÓN E E.T.A.P. DE COIROS	Concello	
		Dep. fondos propios	358.914
		Dep. préstamo	567.077
		<b>Total</b>	<b>925.991</b>
01.4200.0022.0	<b>COIRÓS</b> SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES DE LIXO XENÉRICO	Concello	
		Dep. fondos propios	148.874
		Dep. préstamo	235.218
		<b>Total</b>	<b>384.092</b>
01.4200.0023.0	<b>CORCUBIÓN</b> SUBMINISTRACIÓN OBRA MURO A CAPELA DE REDONDA E PAVILLON DEPORTES QUENXE	Concello	10.780
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.010.780</b>
01.4200.0024.0	<b>CURTIS</b> PAVIMENTACION DE VIAS MUNICIPAIS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0025.0	<b>DODRO</b> MELLORA REDE ILUMINACIÓN PUBLICA	Concello	155.925
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.155.925</b>
01.4200.0026.0	<b>DUMBRÍA</b> CONSTRUCCION DARSENA PARA PARADA DE BUS EN REBORDELO E PAVIMENTACIÓN DE RÚAS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>

01.4200.0027.0	<b>FISTERRA</b> MATERIAL CONSTRUCCION E EQUIPAMIENTO ILUMINACIÓN PUBLICA	Concello	254.268
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.254.268</b>
01.4200.0028.0	<b>FRADES</b> ACCESOS A PAZOS (GALEGOS)	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.174
		<b>Total</b>	<b>2.999.965</b>
01.4200.0029.0	<b>IRIXOA</b> ACONDICIONAMIENTO DE PISTAS MUNICIPAIS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0030.0	<b>LAXE</b> PAVIMENTACION FORMIGON R/DOS PLAZUELAS, PAVIMENTACION R/VALLE INCLAN	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0031.0	<b>LOUSAME</b> ACCESO A FIGUEROA E OUTROS	Concello	1.337.303
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.337.303</b>
01.4200.0032.0	<b>MALPICA DE BERGANTIÑOS</b> ACONDICIONAMIENTO PERIMETRALE REGA CAMPO FUTBOL MALPICA	Concello	511.608
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.511.608</b>
01.4200.0033.0	<b>MAZARICOS</b>	Concello	2.660

	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA A REPARACION DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO DA PICOTA	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.002.660</b>
01.4200.0034.0	<b>MOECHE</b> EQUIPAMENTO NOVA CASA DO CONCELLO DE MOECHE	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.835.763
		<b>Total</b>	<b>2.998.554</b>
01.4200.0035.0	<b>MONFERO</b> ACONDICIONAMIENTO FIRME CAMIÑOS PARROQUIAS S. FELIX, VILACHA, QUEIXEIRO	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>
01.4200.0036.0	<b>MUGARDOS</b> PAVIMENTACION CAMIÑO DO VILAR 2ª FASE	Concello	139.909
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.139.909</b>
01.4200.0037.0	<b>NEDA</b> PAVIMENTACIÓN CAMIÑO CASADELOS-FORXÁ	Concello	105.876
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.105.876</b>
01.4200.0038.0	<b>NEGREIRA</b> ACONDICIONAMENTO DE TERREO EN PEDRA MAMOA	Concello	
		Dep. fondos propios	488.065
		Dep. préstamo	771.133
		<b>Total</b>	<b>1.259.198</b>
01.4200.0039.0	<b>NEGREIRA</b>	Concello	

	SUBMINISTRACIÓN MATERIAL OBRAS PAVIMENTACION PINEIRO, O GORGAL, GABIA EN PISTA VOLTA DO RI	Dep. fondos propios	94.376
		Dep. préstamo	149.113
		<b>Total</b>	243.489
01.4200.0040.0	<b>NEGREIRA</b> OBRA ASFALTO EN PIÑEIRO	Concello	
		Dep. fondos propios	580.359
		Dep. préstamo	916.954
		<b>Total</b>	1.497.313
01.4200.0041.0	<b>NOIA</b> SUBMINISTRACIÓN MATERIAL SANEAMIENTO LUGAR DE PONTE DE ARGALO	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	3.000.000
01.4200.0042.0	<b>OUTES</b> FURGONETA E PEQUENA FERRAMENTA E DUMPER HIDRAULICO	Concello	1.806.200
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	4.806.200
01.4200.0043.0	<b>PADERNE</b> LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DE PADERNE Á CRUZ	Concello	1.670.786
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	4.670.786
01.4200.0044.0	<b>PADRÓN</b> ESCULTURA DE "MACIAS O NAMORADO"	Concello	2.000.000
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	5.000.000
01.4200.0045.0	<b>O PINO</b> ACONDICIONAMENTO DE PARADAS DE AUTOBUS	Concello	500.879
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	3.500.879



01.4200.0046.0	<b>POBRA DO CARAMIÑAL</b> APERTURA E PAVIMENTACION CAMIÑO ENTRE LESON E TARRIO	Concello	1.996.634
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.996.634</b>
01.4200.0047.0	<b>PORTO DO SON</b> MELLORA E AMPLIACIÓN DE XOGOS INFANTÍS	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.831.269
		<b>Total</b>	<b>2.994.060</b>
01.4200.0048.0	<b>SAN SADURNIÑO</b> AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO DE AUGA EN OUTEIRO E OUTROS	Concello	389.662
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.389.662</b>
01.4200.0049.0	<b>SANTA COMBA</b> SUBMINISTRACIÓN FAROLAS PARA ESPACIOS PUBLICOS FASE I	Concello	
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	913.609
		<b>Total</b>	<b>2.076.400</b>
01.4200.0050.0	<b>SOBRADO</b> AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS EN MESÓN	Concello	1.328.997
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.328.997</b>
01.4200.0051.0	<b>SOMOZAS</b> VALO DE PROTECCION EN ACCESO A COLEXIO PUBLICO	Concello	1.995.838
		Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>4.995.838</b>
01.4200.0052.0	<b>VILASANTAR</b>	Concello	1.962.931

AMPLIACIÓN DE ACOMETIDA DE AUGAS A PRESARASE VILASANTAR	Dep. fondos propios	1.162.791
	Dep. préstamo	1.837.209
	<b>Total</b>	<b>4.962.931</b>

01.4200.0053.0	<b>VILARMAIOR</b>	Concello	
	AMPLIACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA RURAL	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.376.055
		<b>Total</b>	<b>2.538.846</b>

01.4200.0054.0	<b>VIMIANZO</b>	Concello	
	EQUIPAMENTO MELLORA INTERIOR DA CASA DO CONCELLO DE VIMIANZO	Dep. fondos propios	1.162.791
		Dep. préstamo	1.837.209
		<b>Total</b>	<b>3.000.000</b>

<b>RESUMO</b>	Concello	26.962.182
	Dep. fondos propios	54.651.222
	Dep. préstamo	84.956.603
	<b>Total</b>	<b>166.570.007</b>

3.-A contratación das obras e subministracións, consonte co establecido nas bases de convocatoria do plan, delégase nos concellos respectivos conforme ós seguintes criterios:

“1.-As obras contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo das cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada un dos expedientes o correspondente cadro de características do contrato.

2.-As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Poderán adxudicarse mediante procedemento negociado naqueles supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración de acordo co establecido nos arts. 153-154 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso do concurso, o prego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para a súa adxudicación, o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado no concello, axuntándose ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. De non facelo aplicarase o baremo establecido para as obras da deputación.

3.-A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

4.-As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello conforme ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

No caso de modificacións que non varíen o obxecto nin a finalidade do proxecto e non supoñan variación no presuposto, poderán ser aprobados pola Presidencia da deputación.

5.-Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións, ou de calquera outro, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

En todo caso os concellos deberán remitirle á deputación:

1º.-Documentación relativa á contratación.

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se utiliza, para idéntico fin, no Plan de obras e servicios.
- Se a adxudicación se realiza mediante o sistema de poxa deberá remitirse a acta de apertura de plicas.
- No caso de concurso ademais da acta de apertura de plicas deberá remitirse a xustificación da elección desta forma de adxudicación, así como a aplicación dos criterios establecidos nos pregos.
- No caso de procedemento negociado, deberá remitirse certificación das ofertas presentadas e xustificación da publicidade de licitación, ben mediante a publicación dun anuncio na prensa, ben pola solicitude de ofertas dirixidas ás empresas.

2º.-Documentación relativa á execución:

- Certificación de obra aprobada polo órgano competente (3 exemplares); no caso de subministracións e servicios acompañarase un exemplar da factura.
- Fotografía do cartel da obra.
- Acta de recepción das obras ou subministracións.

Comunicación de recepcións:

Os concellos deberanlle comunicar á deputación cunha antelación de ó menos 20 días naturais, con data e hora na que se formalizará o acto de recepción e entrega para os efectos de asistencia dun técnico da deputación á antedita, se así se considerase oportuno.

Os concellos asumirán as consecuencias derivadas da resolución do contrato ou na execución das obras, motivado pola acción e omisión a eles imputable.

4.-Habilitar un novo prazo de presentación de solicitudes para permitir que os concellos que non formularon a solicitude no prazo inicial poidan formulala. O prazo finalizaría o vindeiro 30 de agosto.

5.-A achega provincial ás obras incorporadas nesta primeira relación, que ascende a un total de 139.607.825 pesetas, será imputada á partida orzamentaria 0305/519.Z/762.99. A achega municipal ó plan ascende a un total de 26.962.182 pesetas o que acumulado á achega da deputación supón un total de 166.570.007 pesetas.

6.-Dispor a exposición pública da primeira relación de obras e subministracións do plan, aprobada no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP, para os efectos de que poidan presentarse alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

7.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

8.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión e efectución do presente acordo.”

### **33.-APROBACIÓN DOS CONVENIOS DA CAMPAÑA DE INCENDIOS FORESTAIS 2001.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º-Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os concellos da provincia que asinen convenio coa Xunta de Galicia para a campaña de actuación contra os incendios forestais.

2º.-Incluír na citada campaña ós concellos que se relacionan, en concordancia coa certificación da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

3º.-Aprobar a achega da deputación por un importe que ascende a 500.000.- ptas. por cuadrilla e mes supoñendo un total de 86 cuadrillas, segundo se relacionan a seguir e cunha duración de 2,5 e 3 meses de actuación, por un importe total de 109.750.000.- ptas.

AYUNTAM	CUADRILLAS	MESES	IMPORTE TOTAL
AMES	1	2,5	1.250.000
ARANGA	1	2,5	1.250.000
ARTEIXO	1	2,5	1.250.000
ARES	1	3	1.500.000
ARZÚA	1	2,5	1.250.000
A BAÑA	1	2,5	1.250.000
BERGONDO	1	2,5	1.250.000
BOIMORTO	1	2,5	1.250.000
BOIRO	1	2,5	1.250.000
BOQUEIXÓN	1	2,5	1.250.000
BRIÓN	1	2,5	1.250.000
CABANA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	1.250.000
CAMARIÑAS	1	2,5	1.250.000
CAMBRE	1	2,5	1.250.000
CARBALLO	1	3	1.500.000
CARNOTA	1	2,5	1.250.000
CEDEIRA	1	2,5	1.250.000
CEE	1	2,5	1.250.000
CERCEDA	1	2,5	1.250.000
CERDIDO	1	2,5	1.250.000
CESURAS	1	2,5	1.250.000
COIRÓS	1	2,5	1.250.000
CORISTANCO	1	2,5	1.250.000
CULLEREDO	1	2,5	1.250.000
CURTIS	1	2,5	1.250.000
DUMBRÍA	1	3	1.500.000
FENE	1	2,5	1.250.000
FISTERRA	1	2,5	1.250.000
FRADES	1	2,5	1.250.000
IRIXOA	1	2,5	1.250.000
A LARACHA	1	2,5	1.250.000
LOUSAME	1	2,5	1.250.000
MALPICA DE BERGANTIÑOS	1	2,5	1.250.000
MAÑÓN	1	2,5	1.250.000
MAZARICOS	1	3	1.500.000
MELIDE	1	2,5	1.250.000
MESÍA	1	2,5	1.250.000
MIÑO	1	3	1.500.000
MUGARDOS	1	2,5	1.250.000
MUXÍA	1	2,5	1.250.000
MUROS	1	2,5	1.250.000

AYUNTAM	CUADRILLAS	MESES	IMPORTE TOTAL
NARÓN	1	2,5	1.250.000
NEGREIRA	1	3	1.500.000
NOIA	1	2,5	1.250.000
ORDES	1	2,5	1.250.000
OROSO	1	2,5	1.250.000
ORTIGUEIRA	1	3,5	1.750.000
OUTES	1	2,5	1.250.000
OZA DOS RÍOS	1	2,5	1.250.000
PADERNE	1	2,5	1.250.000
PADRÓN	1	2,5	1.250.000
O PINO	1	2,5	1.250.000
POBRA DO CARAMIÑAL	1	2,5	1.250.000
PONTECESO	1	2,5	1.250.000
AS PONTES	1	2,5	1.250.000
PORTO DO SON	1	2,5	1.250.000
RIANXO	1	2,5	1.250.000
RIVEIRA	1	2,5	1.250.000
ROIS	1	2,5	1.250.000
SADA	1	2,5	1.250.000
SAN SADURNIÑO	1	2,5	1.250.000
SANTA COMBA	1	2,5	1.250.000
SANTISO	1	2,5	1.250.000
SOBRADO	1	2,5	1.250.000
TEO	1	2,5	1.250.000
TOQUES	1	2,5	1.250.000
TORDOIA	1	2,5	1.250.000
TOURO	1	2,5	1.250.000
TRAZO	1	3	1.500.000
VALDOVIÑO	1	2,5	1.250.000
VAL DO DUBRA	1	2,5	1.250.000
VEDRA	1	2,5	1.250.000
VILASANTAR	1	2,5	1.250.000
VILARMAIOR	1	2,5	1.250.000
ZAS	1	2,5	1.250.000
CARIÑO	1	2,5	1.250.000
CARRAL	1	2,5	1.250.000
ABEGONDO	1	2,5	1.250.000
CARBALLO	1	2,5	1.250.000
MAZARICOS	1	2,5	1.250.000
NARON	1	2,5	1.250.000
OROSO	1	2,5	1.250.000

<b>AYUNTAM</b>	<b>CUADRILLAS</b>	<b>MESES</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>
ORTIGUEIRA	1	2,5	1.250.000
ROIS	1	2,5	1.250.000
TEO	1	2,5	1.250.000
VAL DO DUBRA	1	2,5	1.250.000
		Total.....	109.750.000



4º.-Facultar á Presidencia para introducir na relación anterior as modificacións que se deriven dos acordos entre a Xunta de Galicia e os distintos concellos da provincia.”

### **34.-MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DO PLAN 2000 DE PARQUES DE BOMBEIROS E INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL E APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2001 DO PLAN.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Modificar a programación do plan polo que se aproban as subsedes nos concellos de Ribeira e Bergondo, co fin de continuar a liña de colaboración entre a Deputación e a Consellería de Xustiza na xestión de creación dos parques comarcais de bombeiros na provincia.

2º.-Aprobación da primeira fase do plan, anualidade 2001, con arreglo ó seguinte detalle:

Concello	M	Orzamento contrata 01.4000.0073.0	Coordinador S. e saúde 01.4000.0073.2	Tarifa 7ª 01.4000.0073.4	Co-dirección de obra 01.4000.0073.3	Control de calidade 01.4000.0073.1	Orzamento total
Ribeira	1	68.998.240	110.822	300.000	460.000	210.000	70.079.062
Total		68.998.240	110.822	300.000	460.000	210.000	70.079.062

3º.-Dispoñer a exposición pública dos proxectos aprobados no presente acordo mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións, enténdéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

4º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, e á Comisión Galega de Cooperación Local, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.

5º.-Facultar ó presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo.”

**35.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DO EUME E DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NESTE.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Acorda-la participación da Excma. Deputación Provincial da Coruña no padroado da fundación para o desenvolvemento comarcal da Comarca do Eume.

2.-Designar a don Juan Blanco Rouco como representante da Deputación provincial no padroado.”

**36.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE INCORPORACIÓN DA DEPUTACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMARCA DE SANTIAGO E DESIGNACIÓN DO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NO MESMO.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Acorda-la participación de la Excma. Deputación Provincial da Coruña no Padroado da Fundación para o desenvolvemento da Comarca de Santiago.

2.- Designar a don Dositeo Rodríguez Rodríguez como representante da Deputación Provincial no Padroado.”

## **ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS**

(Abandona o salón o Sr. Erias Rey).

Sr. Rodríguez Doval

Na medida en que a moción figuraba xa na documentación da orde do día, e suponse que os compañeiros e compañeiras a coñecen a fondo, vou evitar pararme moito aínda que, si direi unha cousa, está formulada como moción, nosoutros aquí o que pedimos é exclusivamente unha iniciativa política. Trátase, como se pode ver, dunha obra que estaba prevista dentro dun destes plans da deputación, e o problema co que estamos encontrando agora é que froito, quizais, da falta de acordo ou da non dilixencia doutro tipo de institucións que están participando neste caso concreto na execución o Plan MINER, na localidade das Pontes, temíamos ou sospeitábamos que puidera quedar relegado a un segundo plano a posibilidade, sobre todo a necesidade que hai para a construción desta vía.

En síntese, do que se trata aquí é de tomar un acordo para que o Pleno da deputación se manifieste no senso de que se fagan as xestións e coa Dirección Xeral de Estradas e a Dirección Xeral de Industria, no senso de buscar unha solución, e esta obra que ademais corresponde a un acordo que tomamos aquí no ano 1998, novembro en concreto, é dicir, vai facer xa practicamente tres anos, hoxe se poida desbloquear. É o único que se persegue, é dicir, que é unha iniciativa política máis ca unha novidade e unha nova necesidade e, polo tanto, en fin, nosoutros dámonos plenamente por satisfeitos de que se tome esa iniciativa política e, desde logo, buscar un certo acordo institucional, é dicir, tamén no propio MINER, e tamén coa Xunta de Galicia para ver que, na parte que lle corresponda á deputación da construción de infraestructuras naquela zona poida levarse a bo fin en función das necesidades urxentes que está tendo, xa digo, aquela zona.

Négome xa a continuar expoñendo, porque penso que se trata dun acordo tan claro que non merece xa máis debate.

Sr. presidente

Direille que esta deputación está en contacto, máis concretamente coa Consellería de Industria, que é dalgunha forma a que está coordinando este acceso, pero tamén coa Dirección Xeral de Obras Públicas, e que estamos no tema e, polo tanto, dicía pasarllo a comisión, pero eu creo que non é necesario, seguiremos traballando niso para abordalo canto antes, porque ademais creo que é un convenio, un compromiso desta deputación no seu momento, había un problema orzamentario, pero agardamos resolvelo canto antes. Polo tanto, estamos de acordo en que este acceso debe abordarse e debe de facerse o antes posible coordinado a Xunta de Galicia, a deputación e os demais organismos competentes.

De parecerlle ben, quedamos con ese compromiso, ese acordo.

Sr. Rodríguez Doval

Xa expresei antes que nosoutros o que buscábamos era que se fixera a iniciativa política e nosoutros, por suposto, aceptamos, e ademais agradecemos, que esa iniciativa política xa estea en marcha e, polo tanto, damos por cumprido o fin que tiña a moción, que non era exclusivamente máis que procurar, na nosa xusta medida, contribuír a isto. Máis nada.

ROGOS E PREGUNTAS

(Sae o Sr. Pose Miñones).

Sra. Santiago López

A pregunta é sobre unha entrevista que o pasado mes de febreiro, aquí pon xaneiro, pero foi en febreiro, unha delegación da Asemblea de concelleiros de Ferrolterra -que é o órgano que non existe..., simplemente pola vontade de tódalas concelleiras de tódolos grupos políticos de reunimos habitualmente e falar de temas que nos concernen a tódolos concellos da comarca-, visitabamos ó Sr. presidente para lle presentar un proxecto que nos parecía que podería ser interesante desenvolver no Fogar Infantil de Ferrol.

Era un proxecto que estaba realizado xa no ano 93 e viña avalado por un grupo de profesionais, que non tiñan nada que ver coas concelleiras alí presentes, senón que eran persoas de recoñecido prestixio, e que coñecen absolutamente e á perfección a realidade de Ferrolterra. Este proxecto que a nosoutros nos parecía que podía encaixar perfectamente nos novos usos que podería ter o Fogar Infantil, naquel momento vostede comprometiase, en

primeiro lugar, a pasalo ós servicios técnicos da deputación para a súa avaliación e, por outra parte, a contactar coa Consellería de Familia para ver a viabilidade dunha posible colaboración como paso previo, intuíamos nosoutros naquela reunión, a unha posible cesión de competencias á Consellería de Familia.

A realidade é que pasaron seis meses desde aquela reunión e a aparición da licitación dos 75 millóns de pesetas para as obras da reforma e instalación alí de todo ese conxunto de iniciativas que, desde diversos servicios desta casa, preténdense instalar no Fogar Infantil de Ferrol, creou unha certa inqueda, por non dicir malestar, porque non se contestara en ningún momento a esta proposta que se traía á deputación.

Por iso eu pedía que se contestaran tres preguntas, e son, a primeira delas se se pasou ós servicios técnicos desta casa ese proxecto que sería, francamente, un dos proxectos máis punteiros no que a asistencia ó menor e á muller habería en toda a nosa provincia; se este proxecto está estudado por parte dos servicios técnicos e é viable, o estudo da súa viabilidade, mellor dito, se está feito algún informe, cando se pasará copia deste informe tanto á asemblea de concelleiros como ós membros desta Corporación. En segundo lugar, se fixo algún contacto coa Consellería de Familia e, en terceiro lugar, se haberá nalgún momento deste proceso un contacto coas concelleiras que visitaron ó Sr. presidente e que tiñan certa inqueda por coñecer cál vai ser o futuro do Fogar Infantil. Futuro do Fogar Infantil que agora mesmo está, francamente, non está sendo utilizado polo resto dos concellos, porque a limitación de prazas que existe é abondo grande, só hai 75 o que gozan na actualidade Ferrol e Narón, Narón moi poucas, creo que son 6 soamente, e o resto dos concellos non están accedendo a este servicio. Sería interesante que se abrise tamén unha vía de colaboración con tódolos concellos da comarca e que pudesen acceder ós servicios do Fogar Infantil.

E eu atreveríame a engadir unha pregunta a maiores, e é que coñecemos que existe unha solicitude da Xunta de Persoal, da suspensión do concurso das obras para a dotación do Fogar Infantil de Ferrol, que está entregada en Rexistro o 3 de xullo, e esta solicitude fundaméntana con tres criterios que ó noso parecer parécenos moi importante que se contesten. Unha delas é que o Fogar Infantil é un centro de menores e outros usos alternativos terían que ser limitados, e tendo en conta os informes técnicos preceptivos; a repercusión da apertura desta oficina xuvenil, ben, de tódolos servicios que se pretendan crear aí dentro, cál habería de ser o efecto que sufriría no cadro de persoal que a deputación ten no Fogar Infantil e a información previa, que parece ser que non existiu en ningún momento nin ós sindicatos nin ós representantes sindicais, sobre o cambio de uso desta instalación.

Eu rogaríalle ó presidente que contestara a estas preguntas sobre o Fogar Infantil.

Sr. presidente

Encantado lle contestarei. Como ben é certo, recibina a vostede, acompañada doutras concelleiras da comarca de Ferrolterra, onde presentaron un proxecto de centro de recursos sociais para familia e infancia, o cal pasei ós servizos sociais para a súa información correspondente.

Direille que o informe destes servizos técnicos e dos servizos sociais, entenden que este proxecto neste momento é obsoleto, proxecto que foi feito no 93, que quedou obsoleto por completo, e que tamén as circunstancias dese Fogar Infantil no aspecto físico cambiaron por completo. Polo tanto, tamén entenden que parte das cousas que se piden nese proxecto é obriga da Consellería de Familia, a cal ten os seus recursos no propio Ferrol, está desenvolvendo ese labor. Ademais, infórmanme tamén, que ese proxecto non se adapta á normativa aplicable neste momento.

Polo tanto, neste senso, contestareille que si, que o proxecto foi remitido ós servizos técnicos desta deputación, que o proxecto neste momento está obsoleto, e que non se adapta á normativa aplicada. De tódalas formas, tódolos informes están á súa disposición.

¿Se tiveron contactos coa Consellería de Familia?, neste aspecto direille que non, porque ó quedar o proxecto obsoleto e non adaptarse á normativa aplicable, entendín que non era procedente xa contactar coa Consellería de Familia para un tema que non ten o seu desenvolvemento neste momento.

¿Se pensou convocar a vostede nalgún momento ó grupo de concelleiras que se visitaron?, estouna informando a vostede plenamente e ten toda a documentación necesaria á súa disposición. Aínda así, se cre necesario que eu reciba a este colectivo de concelleiras para informalo, e cos técnicos correspondentes a carón, encantado de recibilas tan pronto sexa posible.

Da última pregunta que me fai non lle podo contestar se hai algún recurso da Xunta de Persoal contra esas modificacións que se están facendo neste Fogar Infantil para este centro xuvenil ou fornello único, ou para atender ás asociacións de veciños de Ferrol, non teño nada. De tódalas formas, anticipareille que esas actuacións non afectan para nada ó que é o funcionamento do que é como Fogar Infantil, simplemente é que as instalacións que ocupaban as relixiosas antigamente, que hoxe en día non están alí, e que no se estaba usando nese momento para nada. Ou sexa, que de tódalas formas, o que si lle podo informar é que

as obras que se están facendo era nas instalacións que ocupaban as relixiosas que antes estaban nese Fogar Infantil.

Direille que hai tamén un convenio co concello de Ferrol para atender a eses 70 nenos ou nenas de Ferrol, e que despois tamén hai 7 prazas para o resto da comarca de Ferrolterra, quizais sexan insuficientes e haberá que estudar, ó mellor, reestudiar isto. E á parte diso, ben, tamén se fai escola taller, actuacións de ocio e tempo libre para os pais e familiares dos nenos de alí. Isto é o que lle podo contestar sobre ese tema, independentemente lle direi que se vostede cre oportuno que reciba a ese colectivo de concelleiras para lle dicir o que lle estou dicindo agora a vostede, encantado que llelo direi.

Sr. Rodríguez Doval

Dúas cousas moi telegráficas, unha delas que me pasa a compañeira que hoxe non pode estar neste Pleno, Pilar Candocia, e que é a continuación dunha que xa se lle contestara no mes de decembro do ano pasado, e que se refire á denominada instalación de remo e piragüismo, praia de Tapia de Ames, entón a pregunta era cándo comezaban as obras, contestábase que as obras comezarían seguramente en xaneiro, e a pregunta ou o rogo que se fai, se se pode facer ademais un informe por escrito, tampouco pretendemos que se nos conteste hoxe, segundo a información que se nos pasa, a obra estase deteriorando, non está terminada, entón o que interesaría saber primeiro é cando vai terminar a obra e se a empresa adjudicataria vai resolver o deterioro que se está producindo, seguramente polo tempo que levan facéndoa.

E outro rogo que era, era reiterar aquí neste Pleno unha petición que fixen por escrito, hai agora un mes o 29 de xuño, e que se refería a unha información tocante ó Plan 2000 deportes, anualidades 98 a 2001, na que pediamos concellos que entraran, investimentos e incidencias que se rexistraron en cada un deles. Naturalmente, queremos ampliar isto mesmo tamén ó convenio que está feito neste senso coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Eses son os dous rogos que facemos.

Sr. presidente

Contestarémolle detalladamente por escrito, Sr. Rodríguez Doval.

Sra. Santiago López

Teño un rogo. No último Pleno, atendendo a unha causa xustificadísima, retirabamos unha moción sobre a utilización da lingua e rogabamos que se pasara á vindeira Comisión de Cultura, nesta comisión non se tratou esa moción, aínda que sabemos que foi extraordinaria, rogariamos que na seguinte Comisión de Cultura que se realice, que se leve esta moción.

Sr. presidente

Hai unha mala interpretación por un funcionario, e así quedou desviado este tema, pero vai á Comisión de Cultura.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e corenta minutos, procedéndose á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.



